

MEMORIA TOMO I



MEMORIA

TOMO I

CONTIDO

I.	OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026	7
I.1.	ÁMBITO ORZAMENTARIO	9
I.2.	CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	19
I.3.	CONTIDO DOS ORZAMENTOS	22
I.4.	ESTRUTURA ORZAMENTARIA	23
II.	O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL	25
II.1.	INGRESOS	29
II.1.1.	SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO	31
II.1.2.	ANÁLISE POR CAPÍTULOS	40
II.2.	GASTOS	59
II.2.1.	ANÁLISE POR CAPÍTULOS	64
II.2.2.	ANEXO SOBRE CONTRATOS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA E CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA	85
II.2.3.	DETALLE DA CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DAS SECCIÓN ORZAMENTARIAS	87
III.	OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO	127
III.1.	ORGANISMOS AUTÓNOMOS	130
III.2.	ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO	162
IV.	OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	169
V.	CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO	215
V.1.	INGRESOS	219
V.2.	GASTOS	221
VI.	ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	237
VII.	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	243

VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS	247
IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	251
X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	257
XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	261
XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO	267
XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026	269
XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2026	275



OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026

I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026

I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO

O artigo 53.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que “O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes”. En virtude deste mandamento estatutario a lei de orzamentos, como norma que rexe e disciplina a actividade económico-financeira da comunidade autónoma, debe reflectir a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, o que supón a concreción do principio de universalidade orzamentaria.

Consonte ao antedito principio e ao perímetro de consolidación do sistema europeo de contas (SEC -2010 en diante), os orzamentos xerais da comunidade autónoma estarán integridos por:

- a) Os orzamentos da Administración xeral, nos que se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.
- d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas aos que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico aos que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do

sistema europeo de contas, agás as entidades que integran o sistema universitario de Galicia.

No orzamento da Administración xeral aparecen incluídas, en seccións singularizadas, os diferentes departamentos e órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Ademais, inclúense outra serie de organismos de carácter estatutario ou que teñen a súa orixe nunha lei ordinaria que prevé a integración dos seus orzamentos nos da comunidade autónoma, aínda que dispoñen de completa independencia funcional. Desta forma, intégranse nos orzamentos xerais os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Finalmente, figuran como seccións independentes as transferencias ás corporacións locais, a débeda pública e os gastos de diversas consellerías, que pola peculiaridade das súas características e pola especial natureza dos gastos aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Completando os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma figuran os orzamentos das entidades instrumentais do sector público autonómico, definido este pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Os orzamentos dos organismos autónomos, dan cobertura á actividade económico-financeira destas entidades públicas instrumentais, que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, teñen a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

Os orzamentos das axencias públicas autonómicas creadas polo Consello da Xunta e facultadas para exercer potestades administrativas recollen os recursos para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. Cómpre salientar a este respecto que as entidades instrumentais ás que se refire o apartado cinco da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, se adecuarán ao disposto na citada lei para as axencias públicas autonómicas.

As entidades públicas empresariais, como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación, presentan orzamentos de explotación e capital que dan cobertura á súa actividade.

Os orzamentos dos consorcios autonómicos, constituídos mediante convenio pola administración xeral con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro, están integrados polos seus orzamentos de explotación e de capital.

As sociedades mercantís públicas autonómicas consideradas pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, como outras entidades instrumentais do sector público autonómico, presentan orzamentos de explotación e orzamentos de capital.

Por último, os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico presentan os estados financeiros necesarios para a realización dos seus fins de interese xeral.

Na elaboración dos orzamentos tense en conta que o día 1 de setembro de 2014 entrou en vigor o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello N° 549/2013, polo que se establece o novo Sistema de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010) que reemplaza ao anterior Sistema Europeo de Contas SEC-95.

Entre os cambios metodolóxicos que incorpora o SEC-2010 no ámbito das contas públicas cabe citar os relativos á capitalización dos gastos de I+D, o tratamento dos swaps de intereses, a asignación dos impostos á unidade das administracións públicas que este habilitada para a súa existencia, de xeito que o IVA e os impostos especiais que anteriormente rexistrábanse nas contas do sector das comunidades autónomas como impostos propios e, simultaneamente, como menores impostos do Estado, pasan a rexistrarse como impostos estatais e impútanse como gasto do Estado ás comunidades en concepto de transferencias correntes entre administracións públicas.

Entre todos os cambios destaca pola súa importancia a incorporación dun capítulo sobre a elaboración das contas das Administracións Públicas. Ao respecto introduce importantes modificacións que se dirixen ao reforzamento do criterio de control público da entidade, ampliando os indicadores que deben terse en conta para determinar se unha entidade está controlada ou non polas administracións públicas. Entre estes indicadores teñen especial relevancia os seguintes: determinar se a administración é o cliente principal; avaliar o grao de participación da administración no financiamento da súa actividade; comprobar o control público no nomeamento ou na revogación do persoal directivo; e, finalmente, verificar o control público dos principais comités da entidade.

En consecuencia, no SEC-2010, ademais de aplicar a “regra do 50%”, é dicir, que as vendas cobren máis do 50% dos custos de produción, téñense en conta algúns dos criterios cualitativos adicionais mencionados para asegurar si realmente a unidade opera en condicións de mercado ou debe revisarse a súa clasificación e integrarse no sector de Administración Pública. Así mesmo, no novo sistema modifícase o cálculo do rateo vendas/custos que se emprega para aplicar a “regra do 50%”. En particular, é necesario subliñar que debe ser incluído o custo de capital, custos financeiros netos, como custo de produción.



Desta forma, preséntanse os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2026 considerándose os das entidades que se definen a continuación, incluídas dentro do perímetro de consolidación definido polo SEC-2010, con excepción das entidades que integran o sistema universitario de Galicia, así como o resto de entidades con participación maioritaria da Xunta de Galicia.

Cómpre establecer que, como consecuencia do Decreto 16/2025, do 10 de marzo que modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Estatística queda adscrito á Oficina de Coordinación Económica, órgano dependente da Presidencia da Xunta, e non á Consellería de Facenda e Administración Pública.

Derivado deste cambio na estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co fin de establecer un marco de análise máis claro e transparente que permita comparar os orzamentos de 2025 e 2026, procedeuse a adaptar nos orzamentos do 2025 a estrutura orzamentaria correspondente ao Instituto Galego de Estatística, que pasa a integrarse na Presidencia da Xunta de Galicia.

Como organismos autónomos figuran os seguintes:

- Presidencia da Xunta de Galicia:

- Instituto Galego de Estatística-IGE
- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:
 - Academia Galega de Seguridade Pública-AGSP
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:
 - Instituto de Estudos do Territorio
- Consellería de Facenda e Administración Pública:
 - Escola Galega de Administración Pública-EGAP
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:
 - Instituto Galego da Vivenda e Solo-IGVS
- Consellería de Sanidade:
 - Servizo Galego de Saúde-Sergas
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:
 - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral-Issga
 - Instituto Galego do Consumo e da Competencia-IGCC
- Consellería do Medio Rural:
 - Fondo Galego de Garantía Agraria-Fogga

Como entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento figuran as seguintes:

- Consellería de Facenda e Administración Pública:
 - Consello Económico e Social-CES
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:
 - Consello Galego de Relacións Laborais

Como axencias públicas autonómicas inclúense as seguintes:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
 - Axencia de Turismo de Galicia
- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:
 - Axencia Galega de Emerxencias
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:
 - Axencia Galega de Innovación-Gain
- Consellería de Política Social e Igualdade:
 - Axencia Galega de Servizos Sociais-Agass
- Consellería de Economía e Industria:
 - Instituto Galego de Promoción Económica-Igape

- Instituto Enerxético de Galicia-Inega
- Axencia Galega da Industria Forestal (Xera)
- Consellería de Facenda e Administración Pública:
 - Axencia Tributaria de Galicia
 - Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:
 - Axencia Galega de Infraestruturas
- Consellería de Sanidade:
 - Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde-ACIS
 - Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude:
 - Axencia Galega das Industrias Culturais
- Consellería do Medio Rural:
 - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader
 - Axencia Galega da Calidade Alimentaria-Agacal
- Consellería do Mar:
 - Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia-Intecmar

Como entidades públicas empresarias figuran as seguintes:

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:
 - Augas de Galicia
- Consellería do Mar:
 - Portos de Galicia

Como consorcios autonómicos figuran os seguintes:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:
 - Consorcio Local Os Peares
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:
 - Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia
 - Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:
 - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- Consellería de Política Social e Igualdade:
 - Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:
 - Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
 - Consorcio Casco Vello de Vigo
- Consellería de Sanidade:
 - Consorcio Oncolóxico de Galicia

Como sociedades mercantís públicas autonómicas inclúense as que seguen:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
 - Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
 - Galicia Calidade, S.A.U.
 - Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:
 - Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A.-Sogama
- Consellería de Economía e Industria:
 - XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U.
 - Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.
 - Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
 - Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.
- Consellería de Facenda e Administración Pública:
 - Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:
 - Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A.
 - Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.
- Consellería de Sanidade:
 - Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.
- Consellería do Medio Rural:
 - Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.- Seaga
 - Xenética Fontao S.A.

Como fundacións do sector público autonómico figuran as seguintes:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:
 - Fundación Semana Verde de Galicia
 - Fundación Galicia Europa
 - Fundación Deporte Galego
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:
 - Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia
 - Fundación Pública Galega de Talento Investigador de Alto Nivel

- Consellería de Política Social e Igualdade:
 - Fundación Pública Galega para la Tutela de Personas Adultas-Funga
- Consellería de Consellería de Economía e Industria:
 - Fundación Centro Tecnolóxico do Granito
- Consellería de Sanidade:
 - Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061
 - Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
 - Fundación Pública de Investigación Biomédica da Coruña_INIBIC
 - Fundación Instituto de investigación Sanitaria Santiago de Compostela
 - Fundación Biomédica Galicia Sur.
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude:
 - Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia
 - Fundación Museo do Mar
 - Fundación Pública Galega Camilo José Cela
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:
 - Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo
 - Fundación Pública Artesanía de Galicia
 - Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada
 - Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
 - Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
 - Instituto Feiral da Coruña
 - Instituto Feiral de Vigo
- Consellería do Medio Rural:
 - Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
- Consellería do Mar:
 - Fundación Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación Cetmar

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2026					
Seccións	Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento	Agencias Públicas Autónomas	Entidades Públicas Empresariais	Consortios Autónomos	Sociedades Mercantís Públicas Autónomas
01 Parlamento					
02 Consello de Contas					
03 Consello da Cultura Galega					
04 Presidencia da Xunta de Galicia		Agencia de Turismo de Galicia			Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo Galicia Calidade, S.A.U. Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.
05 Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes		Academia Galega de Seguridade Pública		Consortio Local Os Peirais	Fundación Galicia Europa Fundación Semiana Verde de Galicia Fundación Deporte Galego
06 Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático		Instituto de Estudos do Territorio	Augas de Galicia	Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia Consortio para a Xestión e Explotación da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela	Sociedade Galega do Medioambiente S.A.
07 Cº de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional				Agencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia Fundación Pública Galega de Talento Investigador de Alto Nivel
08 Cº de Política Social e Igualdade		Agencia Galega de Servizos Sociais (Agasas)		Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	Fundación Pública Galega para a Tutela de persoas adultas-Funga
09 Cº de Economía e Industria		Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec) Instituto Enerxético de Galicia (Inega) Agencia Galega da Industria Forestal (Xera)		XesGalicia Sociedade Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Fechado, S.A.U. Sodiga Galicia Sociedade de Capital Risco, S.A. Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.	Fundación Centro Tecnolóxico do Granito
10 Cº de Facenda e Administración Pública		Escola Galega de Administración Pública (EGAP) Consello Económico e Social (CES) Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia			Sociedade Redes de Innovación Galegas Retegar, S.A.
Orzamento consolidado da comunidade autónoma				Entidades públicas que presenten PAIF	

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2026 (cont inuación)							
Seccións	Organismos Autónomos	Entidades Públicas Instrumentais Consultas ou Asesoramento	Axencias Públicas Autonómicas	Entidades Públicas Empresariais	Consortios Autonómicos	Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas	Fundacións do Sector Público Autonómico
11 ^o C ^o de Vivenda e Planificación de Infraestruturas	Instituto Galego da Vivenda e Solo		Axencia Galega de Infraestruturas		Axencia de Protección da Legalidade Urbanística Consortio Casco Vello de Vigo	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A. Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.	
12 ^o C ^o de Sanidade	Servizo Galego Saúde (SERGAS)		Axencia Galega para a Xestión do Conducemento en Saúde (AGS) Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (KODS)		Consortio Oncolóxico de Galicia	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A	Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC) Fundación Instituto de Investigación Sanitaria Santiago de Compostela Fundación Biomédica Galicia Sur
13 ^o C ^o de Cultura, Lingua e Xuventude			Axencia Galega das Industrias Culturais				Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia Fundación Museo do Mar Fundación Pública Galega Camilo José Cela
14 ^o C ^o de Emprego, Comercio e Emigración	Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Isaga) Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGOC)	Consello Galego de Relacións Laborais					Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo Fundación Pública Artesanía de Galicia Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada Fundación Feiras e Exposicións de Lugo Fundación Feiras e Exposicións de Ourense Instituto Feiral da Coruña Instituto Feiral de Vigo
			Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - Agader Axencia Galega da Calidade Alimentaria - Agacal		Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. Saiga CTC Xanéllica Fontao S.A.	F. Centro Tecnolóxico da Carne - CTC	
15 ^o C ^o do Medio Rural	Fondo Galego de Garantía Agraria - Fogga			Portos de Galicia			F. Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación Océmar
16 ^o C ^o do Mar			Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Marítimo de Galicia - Intemar				
20 Consello Consultivo de Galicia							
21 Transferencias a corporacións locais							
22 Dóbeda Pública de C. A.							
23 Gastos de diversas Consellerías							
Orzamento consolidado da comunidade autónoma				Entidades públicas que presenten en PAIF			

I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira do 10 de abril de 2003, publicados mediante Orde HAC/2283/2003 do 31 de xullo, establecen a obriga de formular e manter actualizado o inventario de entidades integrantes do sector público autonómico, aos efectos da súa inclusión nas distintas categorías previstas na Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, letra c) do artigo 2.1 e artigo 2.2; preceptos que tras a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se refiren ao artigo 2 apartado 1b) e 2 de dita lei orgánica.

En materia de contabilidade nacional, o Instituto Nacional de Estatística, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Banco de España, son as institucións competentes para clasificar as entidades que compoñen o sector público.

A tal efecto, a Intervención Xeral do Estado comunica anualmente as entidades dependentes da Xunta de Galicia e que conforman o sector público autonómico. Sendo obriga da administración autonómica facilitar toda a información necesaria para manter actualizado o inventario de entes.

Presidencia da Xunta de Galicia				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	SM	SI	AP	SI
Galicia Calidade, S.A.U.	SM	SI	AP	SI
Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.	SM	SI	AP	SI
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Consortio Os Peares	C	SI	AP	SI
Fundación Semana Verde de Galicia	F	SI	AP	SI
Fundación Galicia Europa	F	SI	AP	SI
Fundación Deporte Galego	F	SI	AP	SI
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	C	SI	AP	SI
Consortio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela	C	SI	AP	SI
Augas de Galicia	EPE	SI	AP	SI
Sociedade Galega do Medioambiente S.A.	SM	SI	ENF	SI
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	C	SI	AP	SI
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	F	SI	AP	SI
Consellería de Política Social e Igualdade				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	C	SI	AP	SI
Fundación Pública Gallega para la Tutela de Personas Adultas-Funga.	F	SI	AP	SI

Consellería de Economía e Industria				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Centro Tecnolóxico do Granito	F	SI	AP	SI
XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U.	SM	SI	AP	SI
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	SM	SI	AP	SI
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.	SM	SI	AP	SI
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.	SM	SI	AP	SI
Consellería de Facenda e Administración Pública				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	SM	SI	AP	SI
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	C	SI	AP	SI
Consortio Casco Vello de Vigo	C	SI	AP	SI
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A.	SM	SI	AP	SI
Consellería de Sanidade				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía	F	SI	AP	SI
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	F	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	F	SI	AP	SI
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.	SM	SI	AP	SI
Consortio Oncolóxico de Galicia	C	SI	P	NON (2)
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	F	SI	AP	SI
Fundación Museo do Mar	F	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega Camilo José Cela	F	SI	AP	SI
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo	F	SI	AP	SI
Fundación Pública Artesanía de Galicia	F	SI	AP	SI
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	F	SI	AP	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	F	SI	AP	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense	F	SI	ENF	SI
Instituto Feiral da Coruña	F	SI	AP	SI
Instituto Feiral de Vigo	F	SI	P	SI
Consellería do Medio Rural				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	F	SI	AP	SI
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga)	SM	SI	AP	SI
Xenética Fontao S.A.	SM	SI	ENF	SI
Consellería do Mar				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Portos de Galicia	EPE	SI	ENF	SI
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	F	SI	AP	SI

(1) Non cumpren a obriga de presentar o orzamento

(2) Sen actividade

AP: Administración Pública

ENF: Empresa non financeira

EF: Empresa financeira

P: Pendente de clasificación, en estudo

I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

Respecto ao contido da lei de orzamentos, podemos distinguir dous compoñentes claramente diferenciados.

Por un lado, o texto articulado que contén a ordenación xurídica da actividade económico financeira, especificamente aplicable aos orzamentos do ano 2026, e concrétese na aprobación dos orzamentos; é dicir a, previsión dos ingresos que se espera realizar e a autorización dos gastos que como máximo se poderán recoñecer, así coma unha serie de normas de diverso calado que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.



En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos cuantifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos, que se prevén liquidar, e a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís públicas autónomas, consorcios e fundacións do sector público autónómico.

1.4. ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

No referente a súa estrutura, os orzamentos xerais da comunidade autónoma axústanse ás seguintes regras:

1. Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
2. Para cada programa de gasto, establécense os obxectivos estratéxicos e operativos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan e, tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
3. Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
 - Nos créditos para gastos correntes, distínguense os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
 - Nos créditos para gastos de capital, distínguense os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas, o gasto orzamentario adopta unha tripla clasificación:

1. Funcional por programas, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
2. Orgánica, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.
3. Económica, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Cómpre recordar, que para poder comparar os orzamentos de 2025 e 2026 de forma máis clara, procedeuse a adaptar nos orzamentos do 2025 a estrutura orzamentaria correspondente ao Instituto Galego de Estatística que pasa a integrarse na Presidencia da Xunta de Galicia.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos autorizados no exercicio, presentan unha clasificación moito máis acoutada ou sinxela. De conformidade co artigo 49 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, presentarán unicamente unha clasificación económica, distinguindo entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital. Isto é debido á aplicación dos principios xerais de caixa única e non afectación dos ingresos públicos.



Por último, en canto a estrutura orzamentaria, podemos establecer unha diferenza fundamental en base ao carácter limitativo ou non dos orzamentos das diferentes entidades que integran o perímetro de consolidación:

- As entidades con orzamento limitativo, presentan as súas contas en forma de orzamento administrativo, e son: a administración xeral, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas.
- As demais entidades, non suxeitas a orzamento limitativo, presentan os seus orzamentos en forma de conta financeira e son as entidades públicas empresariais, consorcios e sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entes non suxeitos a orzamentos limitativos.



O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade económico-financeira do sector público autonómico canalízase a través dos orzamentos da Administración xeral. Directamente, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias ou, indirectamente, a través das transferencias de financiamento aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e consorcios autonómicos e, en menor medida, coas entidades públicas empresarias que completan o seu financiamento con importantes ingresos propios. Do mesmo xeito financia á maioría das sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións que integran o sector público autonómico.

Os orzamentos da Administración xeral constitúen o 97,7% do total de ingresos consolidados do sector público autonómico que ascenden a 16.343,49 millóns de euros.

Polo que respecta aos organismos autónomos e as axencias públicas, as transferencias configuran a maior parte dos seus recursos, salvo certas excepcións. Destacan no ano 2026 os ingresos propios do Sergas correspondentes, entre outros, á prestación de servizos a satisfacer polas compañías aseguradoras como consecuencia da atención médica derivada de accidentes do tráfico e polas mutuas patronais por accidentes de traballo. Conta ademais con diversas subvencións finalistas que lle transfire o Estado e que recibe directamente, como o Fondo de Cohesión Sanitaria e Fondo de Garantía Asistencial, a Asistencia Sanitaria para o mantemento de centros sanitarios, o Plan de Atención Primaria, entre outras.

Dentro das axencias públicas autonómicas, destacan os ingresos do Instituto Galego de Promoción Económica que conta en 2026 con importantes ingresos propios de carácter financeiro, procedentes do reintegros de préstamos concedidos e do fondo de activos financeiros e o fondo de investimento estratéxicos de Galicia.

Con diferentes matices o papel financiador da Administración Xeral tamén é relevante no caso das entidades públicas empresarias. Non obstante, destacan as taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario de Portos de Galicia e en Augas de Galicia o Canon da Auga, o Canon de Xestión de Depuradoras e Canon de Abastecementos, tributos creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e a Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, que representan a maior parte dos seus ingresos de xestión ordinaria.

Por último, as transferencias das consellerías revisten unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís públicas autonómicas que dispoñen dun cadro de recursos moito máis diversificado que o das restantes entidades que se integran nos orzamentos da comunidade autónoma.

O día 1 de agosto de 2025 aprobouse o Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, ao cal se refire o artigo

12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Este Acordo establece o límite do gasto para o Proxecto de lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en 14.177 millóns de euros.

O gasto non financeiro recollido nos orzamentos da comunidade autónoma para 2026 supera o importe establecido no citado teito de gasto en 63 millóns de euros, como consecuencia do incremento dos fondos finalistas recibidos do Estado e fondos de carácter europeo que se comunicaron con posterioridade á aprobación do citado límite, en virtude do disposto no devandito artigo. Deste xeito, o importe total dos gastos non financeiros alcanza os 14.240 millóns de euros.

Os motivos que xustifican a incorporación destes fondos adicionais son os seguintes:

- Como consecuencia da vaga de incendios acontecidos en Galicia durante o verán e o outono de 2025, comunicouse a reprogramación dos fondos FEDER creando o programa Restore cunha dotación de 20 millóns de euros para o 2026. Polo mesmo motivo, reprogramouse a anualidade de fondos FEADER para financiar a recuperación ambiental das zonas incendiadas por un importe de 4 millóns de euros.
- O Ministerio de Juventud e Infancia comunicou o Acordo polo que se aproba a distribución resultante do fondo para a atención a nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (MENA) para cubrir os custos de sobreocupación e traslado de menores, que conta cunha dotación de 4 millóns de euros.
- A principios de outubro celebrouse a Conferencia Sectorial no que se acorda o reparto dos fondos para a axudas do Bono Alugueiro á Mocidade, que supuxo un incremento dos fondos previstos de 6 millóns de euros.
- Como consecuencia das medidas comunicadas no novo marco do Plan Estatal de Vivenda incrementouse en 19,5 millóns de euros a cifra inicialmente considerada no teito de gasto aprobado o 1 de agosto.
- A incorporación de outros fondos europeos por importe de 3 millóns de euros como consecuencia da notificación de que o Cesga foi elixida para albergar unha das seis novas fábricas europeas de intelixencia artificial, por parte Empresa Común de Computación de Altas Prestacións Europea (EuroHPC JU).
- Coa aprobación en setembro do novo Acordo do criterio de reparto do nivel acordado para o ano 2025 previstos na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas a dependencia, actualizáronse as previsións no programa da dependencia en 4 millóns de euros.
- O Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030 comunicou a distribución territorial de fondos para programas de interese social e dotouse o Programa de Interese Xeral IRPF en 38,8 millóns de euros, cifra superior en 2,5 millóns de euros á considerada no momento da aprobación do teito de gasto.

Estes orzamentos integran plenamente os obxectivos do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, consolidando o enfoque de planificación e avaliación por obxectivos, e avanzando na vinculación do orzamento cos resultados das políticas públicas e cos compromisos de sustentabilidade económica, social e ambiental.

Os Orzamentos do 2026 consolidan o compromiso de Galicia co crecemento económico sostible e co reforzo das políticas sociais, ao tempo que asegura a sustentabilidade das finanzas públicas.

II.1. INGRESOS

Os ingresos totais previstos para a Administración Xeral ascenden a 15.967,4 millóns de euros incrementándose en 604,6, millóns de euros, un 3,9% respecto aos do ano 2025, incrementándose os non financeiros un 3,6% e os financeiros incrementanse nun 7%.

Orzamento de Ingresos da Xunta de Galicia

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos		2025	2026	Importe	%	2025	2026
I	Impostos directos	4.072.768	4.553.428	480.660	11,8	26,5	28,5
II	Impostos indirectos	3.931.866	4.372.321	440.454	11,2	25,6	27,4
III	Taxas, prezos e outros ingresos	108.384	95.413	-12.971	-12,0	0,7	0,6
IV	Transferencias correntes	4.357.608	4.200.365	-157.243	-3,6	28,4	26,3
V	Ingresos patrimoniais	23.514	6.440	-17.074	-72,6	0,2	-
OPERACIÓNS CORRENTES		12.494.140	13.227.967	733.827	5,9	81,3	82,8
VI	Alleamento de investimentos reais	150	155	5	3,4	-	-
VII	Transferencias de capital	1.250.250	1.007.748	-242.502	-19,4	8,1	6,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.250.400	1.007.903	-242.497	-19,4	8,1	6,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		13.744.540	14.235.870	491.330	3,6	89,5	89,2
VIII	Activos financeiros	2.947	2.946	-1	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0	10,5	10,8
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.618.283	1.731.524	113.241	7,0	10,5	10,8
Total		15.362.823	15.967.394	604.571	3,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

- Os ingresos por operacións correntes incrementanse neste exercicio en 733,8 millóns de euros, un 5,9% máis co ano anterior. As causas do bo comportamento destes ingresos responde a dous factores:

Os impostos directos incrementanse nun 11,8%, consecuencia, por unha banda, na crecente tendencia á alza que está a experimentar a recadación do IRPF nos últimos anos. Por outra banda, parte deste incremento prodúcese grazas á liquidación definitiva do deste tributo, calculada

como diferenca entre as entregas a conta realizadas no ano 2024 e a liquidación definitiva que se prevé para o vindeiro exercicio, e cuxo importe se estima en case 135 millóns de euros.

Os impostos indirectos incrementáanse nun 11,2%, derivado sobre todo do incremento da entrega a conta do IVE e das liquidación do IVE e dos impostos especiais do ano 2024.

O capítulo de taxas, prezos e outros ingresos redúcese nun 12%, principalmente pola baixada dos reintegros.

As transferencias correntes redúcense nun 3,6%, principalmente debido á redución das liquidacións do sistema de financiamento autonómico correspondentes ao ano 2024.

Por último, neste capítulo dentro dos fondos europeos, cómpre sinalar que o ano 2025 foi o último ano completo de execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), xa que o límite previsto para finalizar a execución é, con carácter xeral, o verán de 2026, polo que o seu importe neste capítulo redúcese en 30,8 millóns de euros.

Os ingresos patrimoniais redúcense nun 72,6% como consecuencia do da baixada os xuros bancarias e dos dividendos e participación en empresas públicas.

- Os ingresos por operacións de capital dos capítulos VI e VII do orzamento de ingresos alcanza a cifra de 1.007,9 millóns de euros, reducíndose neste exercicio en 242,5 millóns de euros, un 19,4% menos co ano anterior.


As transferencias finalistas de capital procedentes do Estado incrementáanse nun 19,1% e o Fondo de Compensación Interterritorial mantense na mesma contía que a orzada en 2025.

No que atinxe transferencia de capital dos fondos europeos estímanse para o ano 2025 en 832,5 millóns de euros, fronte a 1.089,6 millóns de euros no ano 2025, o que supón unha diminución dun 23,6%, derivado da redución do MRR en 307 millóns de euros neste capítulo.

- Dentro dos ingresos financeiros, os activos mantense practicamente a mesma contía que a orzada en 2025. Os pasivos financeiros incrementan o seu importe ata os 1.728,6 millóns de euros.

Por último engadir que, da mesma forma que o realizado nos orzamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntase nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral.

Distribución do orzamento de Ingresos por capítulos



II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Desde a entrada en vigor da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, os recursos que integran o sistema de financiamento autonómico son os seguintes:

- os tributos cedidos que determinan a capacidade tributaria,
- a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais,
- o Fondo de Suficiencia Global,
- e os Fondos de Convergencia: o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación.

CAPACIDADE TRIBUTARIA.

A Lei 22/2009, do 18 de decembro, determina que a capacidade tributaria de cada comunidade autónoma estará formada polos seguintes recursos:

1. A recadación dos tributos totalmente cedidos: Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns, Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, Tributos sobre o xogo e Taxas afectas aos servizos traspasados.
2. A tarifa autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos residentes na comunidade autónoma.
3. A cesión do 50% da recadación líquida producida polo Imposto sobre o Valor Engadido correspondente a cada comunidade autónoma, determinado mediante o índice de consumo certificado polo INE.
4. A cesión do 58% da recadación líquida dos Impostos Especiais sobre a Cervexa, Produtos Intermedios, Alcol e Bebidas Derivadas segundo o índice de consumo certificado polo INE e a cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre Hidrocarburos derivada da aplicación do tipo xeral, segundo o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos determinado polo Ministerio para la Transición Ecolóxica, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
5. A cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre os Elaborados do Tabaco, segundo o índice de vendas a expendedorías da comunidade autónoma, certificados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
6. E a cesión do 100% do tipo especial da recadación líquida do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto Especial sobre a Electricidade distribuídos segundo os índices de entregas e de consumo establecidos, respectivamente.

O financiamento derivado dos tributos suxeitos a liquidación, é dicir, os parcialmente cedidos, o tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e o Imposto sobre a Electricidade, recíbese do Estado mediante entregas a conta, que supoñen o 98% da previsión, por doceavas partes mensuais, a conta da liquidación definitiva que se practicará cando se coñecen tódolos datos do sistema (no exercicio $n+2$).

Os recursos totais procedentes do sistema de financiamento autonómico -é dicir, os derivados da capacidade tributaria, dos distintos Fondos que integran o sistema - constitúen a partida de maior relevancia dentro do conxunto dos recursos non financeiros de Galicia. Estes recursos soen representar arredor do 80% dos ingresos non financeiros totais da Comunidade Autónoma.

Con carácter xeral, a estimación dos recursos do sistema de financiamento autonómico realízase pola Comunidade Autónoma a partir da comunicación provisional dos ditos recursos remitida polo Ministerio de Hacienda.

Porén, neste exercicio, como consecuencia de que o Goberno do Estado aínda non aprobou o seu límite de gasto non financeiro, o Ministerio non comunicou o importe desagregado das entregas a conta previstas para o ano 2026.

Soamente se recibiu unha comunicación informal que unicamente inclúe a previsión do importe global das entregas a conta do exercicio 2026, así como a previsión de liquidación correspondente ao 2024.

Polo que os servizos da Consellería de Facenda tiveron que estimar, a partir da cantidade global das entregas a conta comunicada polo Ministerio, o importe de cada un dos compoñentes das entregas a conta que conforman o sistema de financiamento autonómico.

De xeito que no ano 2026, segundo a dita comunicación do Ministerio, o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico experimentará un incremento do 6,7% respecto dos importes consignados no orzamento do exercicio anterior. No que atinxe ás entregas a conta e a previsión de liquidación os seus importes medrarán nun 6% e nun 16%, respectivamente.

En canto á liquidación correspondente ao exercicio 2024, do mesmo xeito que aconteceu en exercicios anteriores, é necesario ter en conta que a mesma se verá notablemente afectada pola previsible ausencia de compensación, por parte do Estado ás CCAA, das medidas extraordinarias e temporais de rebaixas tributarias adoptadas polo mesmo de forma unilateral, desde mediados do ano 2021 ata o ano 2024, en resposta ao incremento dos prezos da enerxía e dos produtos de alimentación.

Así, no caso do IVE, adoptáronse sucesivas medidas de redución dos tipos impositivos aplicables á enerxía eléctrica, ao gas natural e aos produtos alimentarios.

Pola súa banda, no Imposto Especial sobre a Electricidade, desde setembro de 2021 ata o 30 de decembro de 2023, o tipo impositivo reduciuse ata o 0,5%, non recuperándose o tipo xeral do imposto ata o 1 de xullo de 2024.

Pois ben, o 23 de xullo de 2025 recibíuse a liquidación definitiva do ano 2023, unha vez revisada a mesma constatouse que, ao igual que ocorreu coas liquidacións dos anos 2021 e 2022, non se incluíu na mesma ningunha compensación ás CCAA das medidas adoptadas polo Estado con impacto durante o dito exercicio 2023, incumpríndose de novo o principio de lealdade institucional establecido tanto na LOFCA como na Lei 22/2009.

A partir da información publicada pola AEAT ata o de agora, o impacto de todas as medidas adoptadas entre os anos 2021-2024 pode estimarse para o conxunto das CCAA nuns 10.916 millóns de euros, e un impacto estimado para Galicia de 690,7 millóns de euros.

Estimación impacto medidas tributarias para contrarrestar incremento prezos da enerxía e da alimentación.

	2021	2022	2023	2024	Total
Impacto Galicia	-42,0	-194,4	-258,8	-195,5	-690,7
Impacto Total CCAA	-589,9	-3.145,7	-4.223,6	-2.956,3	-10.915,5

Fonte: elaboración propia

A continuación, procederase a analizar de xeito pomenorizado a evolución dos distintos conceptos que integran o sistema de financiamento autonómico, tendo en conta que as previsións das entregas a conta foron elaboradas polos servizos competentes da Consellería de Facenda, respectando o importe provisional global comunicado polo Ministerio de Hacienda.

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS.

Por un lado, en canto ás entregas a conta do exercicio 2026, o seu importe estímase en 3.891 millóns de euros, é dicir, un 10,2% máis que o importe da entrega a conta do ano 2025, na mesma liña que os incrementos experimentados pola recadación do IRPF durante os anos 2021-2024.

E, por outra banda, en canto á liquidación definitiva do ano 2024, o importe estimado polo Ministerio é de 403,4 millóns de euros, o que supón un incremento dun 50,3% respecto ao exercicio anterior.

Por último, hai que descontar os importes dos reintegros que debe efectuar a Comunidade Autónoma das 12 mensualidades correspondentes á liquidación negativa de IRPF xerada no exercicio 2009, que ascende a 2,9 millóns de euros.

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO.

Os importes previstos para o Imposto sobre o Valor Engadido para o vindeiro ano, en concepto de entregas a conta e de liquidación do ano 2024, ascenden a 3.027,7 millóns de euros, experimentando un incremento dun 11,4% respecto aos importes do Orzamento ano anterior.

En relación ás entregas a conta do exercicio 2026, o seu importe é de 2.992,6 millóns de euros, é dicir, un 7% máis que o importe do ano anterior, un incremento similar ao experimentado pola recadación do IVE durante o exercicio 2024.

En relación á liquidación provisional do exercicio 2024 estímase un importe de 35,1 millóns de euros, o que representa un forte crecemento respecto á previsión contida nos Orzamentos do ano 2025 xa que a estimación do ano pasado era de -79,7 millóns de euros.

Por último, ao igual que acontece no IRPF, tamén hai que minorar o importe do reintegro das 12 mensualidades correspondentes ás liquidacións negativas do sistema dos exercicios 2008 e 2009, que ascende a 23,7 millóns de euros.

IMPOSTOS ESPECIAIS.

Os impostos especiais suxeitos a liquidación son o do Alcol e Bebidas Derivadas, o da Cervexa, o dos Elaborados de Tabaco, o dos Produtos Intermedios, o da Electricidade e o de Hidrocarburos; respecto dos que se estima unha previsión conxunta de entregas a conta por un importe total de 902 millóns de euros, un 2,3% superior ás entregas estimadas para o ano 2025, en liña co incremento experimentado pola recadación de estes impostos durante o ano 2024 (sen ter en conta a evolución do imposto especial sobre a electricidade moi afectado pola variación dos tipos impositivos aplicables durante o dito ano).

En relación ao Imposto Especial sobre os Elaborados do Tabaco esperase unha subida un pouco superior, dun 3,3% como consecuencia do incremento dos tipos impositivos aprobados mediante a Lei 7/2024, que non tivo impacto nas entregas a conta do ano 2025 pero si que o terá no 2026.

En canto á liquidación provisional correspondente ao exercicio 2024, estímase nun importe negativo de 36,3 millóns de euros, dos cales se calcula que arredor de 21 millóns corresponden ao Imposto sobre a Electricidade, debido ao impacto da redución do tipo impositivo ao 0,5% adoptada para contrarrestar o efecto do incremento dos prezos da enerxía. Non obstante, o importe da liquidación negativa redúcese significativamente respecto do exercicio anterior, como consecuencia da restauración do tipo xeral do imposto a partir do 1 de xullo de 2024. En termos comparativos, isto supón unha mellora de 102,4 millóns de euros, xa que a liquidación prevista inicialmente ascendía a -138 millóns de euros.

FONDO DE GARANTÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS.

O Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma reciba os mesmos recursos por habitante axustado para financiar os servizos públicos fundamentais (sanidade, educación e servizos sociais, principalmente).

Está configurado como un mecanismo de garantía no que participan todas as comunidades autónomas cunha porcentaxe dos seus recursos tributarios, medidos en termos normativos, xunto cos recursos adicionais que achega o Estado. É dicir, o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais componse de:

- O 75% dos recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas,
- A achega de recursos adicionais por parte do Estado, que se calcula, para cada exercicio, aplicando ao importe fixado para o ano base 2007 (8.055 millóns de euros) o índice de evolución dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) entre o ano 2007 e o ano de cálculo.

Hai que sinalar que cada comunidade autónoma participa neste Fondo de Garantía en función dunha serie de variables que determinan a súa “poboación axustada” ou unidade de necesidade, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 22/2009: poboación, superficie, dispersión, insularidade, poboación protexida equivalente (distribuída en 7 grupos de idade), poboación maior de 65 anos e poboación entre 0-16 anos.

A transferencia a recibir do Fondo de Garantía defínese como a diferenza, positiva ou negativa, entre o importe da participación da comunidade autónoma no importe total do fondo en función da respectiva poboación axustada e o 75% dos seus recursos tributarios en termos normativos. Farase efectiva mediante entregas a conta mensuais por doceavas partes e será obxecto da liquidación definitiva, unha vez coñecidos os importes definitivos, no segundo exercicio ulterior a aquel no se que realiza a dita entrega a conta.

No exercicio 2026, as entregas a conta do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais estímase que se reduzan nun 0,6% respecto do importe consignado nos Orzamentos do ano 2025, ata 2.175,8 millóns de euros. As entregas a conta deste Fondo foron as únicas que experimentaron unha diminución respecto dos importes comunicados en xullo de 2024, con motivo da aprobación do Real Decreto lei 6/2025, do 17 de xuño, como consecuencia da actualización das variables poboacionais a 1 de xaneiro de 2025, feito que produciu unha revisión á baixa da poboación axustada utilizada para calcular o dito importe. Concretamente, as entregas a conta reducíronse nuns 23 millóns de euros.

En canto á previsión de liquidación do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais correspondente ao exercicio 2024, o Ministerio de Hacienda comunicou unha liquidación negativa de 127,3 millóns de euros, o que supón unha redución moi significativa respecto do exercicio anterior, no que se esperaba recibir unha liquidación positiva de 79,3 millóns de euros.

A xustificación do importe tan elevado da liquidación negativa prevista para o ano 2024 podería deberse ao forte incremento experimentado polas entregas a conta deste Fondo no dito ano: 255,5 millóns de euros máis, e mentres as entregas a conta do IRPF, do IVE e dos Impostos Especiais medraban no dito ano nun 4,7%, as entregas a conta do Fondo de Garantía facíano nun 14,7%.

FONDO DE SUFICIENCIA GLOBAL.

Configurado como mecanismo de peche do sistema de financiamento autonómico, o Fondo de Suficiencia Global ten por finalidade cubrir a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e a suma da súa capacidade tributaria e da transferencia do Fondo de Garantía, tomando como referencia o ano base do vixente modelo (2007).

Este Fondo foi calculado inicialmente de forma provisional para Galicia por un importe de 1.496,6 millóns de euros, cantidade que foi aceptada no acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado–Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen embargo, segundo o artigo 10.2 da Lei 22/2009, o Fondo de Suficiencia Global foi obxecto dunha primeira regularización, para o cumprimento do obxectivo sinalado no artigo 5 da mesma lei: compáranse as necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma (recursos do sistema de financiamento da Lei 21/2001 e recursos adicionais do artigo 5 da nova lei) coa suma da capacidade tributaria e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais que corresponden a cada comunidade autónoma en valores do ano 2009, en garantía do “statu quo” establecido na lei.

Por último, e segundo o establecido no artigo 10.3 da mesma lei, no momento da incorporación dos recursos adicionais descritos no artigo 6, no ano 2012, determinouse o Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma para o ano 2010, regularizándose definitivamente no ano base no importe de 1.184,9 millóns de euros.

Porén, para o cálculo da entrega a conta do Fondo de Suficiencia Global correspondente ao exercicio 2026, tómasse como punto de partida o importe calculado no ano base (2010), pero reducido polas revisións posteriores que experimentou o devandito Fondo como consecuencia das variacións nos tipos impositivos estatais dos Impostos Especiais de Fabricación e do IVE entre os anos 2011 e 2020, de acordo co disposto no artigo 21.2 da Lei 22/2009, así como pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio no ano 2011.

Ademais, no ano 2025 tamén se vai axustar a baixa o Fondo de Suficiencia (no ano base) na contía equivalente ao incremento que experimente a recadación do Imposto sobre os Elaborados do Tabaco como consecuencia do aumento dos seus tipos impositivos trala entrada en vigor da citada Lei 7/2024.

E, por último, tamén será necesario realizar outro axuste no Fondo de Suficiencia xa que, no ano 2025, se formalizou un traspaso de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, dado que este Fondo tamén se utiliza para financiar aquelas competencias que se transfiren ás comunidades autónomas.

Así, o pasado 19 de maio de 2025 publicouse no BOE o Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, polo que se efectúa o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, de modo que,

desde o 1 de xullo do dito ano, esta competencia pasa a ser xestionada pola nosa Comunidade Autónoma.

A valoración do custo efectivo desta competencia foi establecida polo Ministerio de Hacienda en 1,2 millóns de euros, polo que o gasto autonómico se incrementará nesa mesma contía. Este maior gasto financiarase mediante unha revisión á alza, con carácter permanente, do importe do Fondo de Suficiencia no ano base.

De modo que tendo en conta todos os axustes que hai que facer no Fondo de Suficiencia estímase que no ano 2026 o importe da entrega a conta se incrementa nun 6,3% ata chegar aos 916,6 millóns de euros, este incremento débese fundamentalmente a que se está a estimar un ITE para o ano 2026 de 1,752.

En canto a liquidación correspondente ao exercicio 2024 estímase unha liquidación positiva por importe de 6 millóns de euros, o que supón unha minoración respecto do ano anterior de 35,7 millóns de euros, é dicir, un 85,6% menos.

Ademais, tamén hai que ter en conta que as liquidacións negativas do Fondo de Suficiencia xeradas nos anos 2008 e 2009 foron moi importantes (case alcanzaron os 1.500 millóns de euros) de modo que ata o ano 2031 hai que reintegrar por este concepto 58,2 millóns de euros.

O FONDO DE COOPERACIÓN.

A Lei 22/2009 creou dous novos fondos dotados con recursos adicionais do Estado: o Fondo de Cooperación e o Fondo de Competitividade. Pola súa natureza e polos criterios establecidos na devandita Lei, Galicia unicamente cumpre os requisitos para percibir o Fondo de Cooperación, feito que se mantén de maneira continuada desde o ano 2009.

Este Fondo non ten o mesmo funcionamento que o resto de recursos do sistema de financiamento xa que neste recurso non hai entrega a conta, polo que aos 2 anos, xunto coa liquidación do resto de recursos do modelo se calcula e se recibe o rendemento definitivo do dito fondo.

Polo que no ano 2026 se percibirá a liquidación do Fondo de Cooperación correspondente ao ano 2024, que se estima en 508,5 millóns de euros, case a mesma cantidade que a prevista no Orzamento do ano pasado, xa que a diminución apenas é dun 0,2%, 800.000 euros menos.

LIQUIDACIÓN DE EJERCICIOS ANTERIORES.

Reintegro liquidacións negativas 2008 e 2009.

En canto ás liquidacións do sistema de financiamento, por unha parte, compútase o importe correspondente ao reintegro das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009, que ascenderon a 2.174,3 millóns de euros, correspondentes ao IRPF, ao IVE e ao Fondo de Suficiencia Global.

A disposición adicional trixésima sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2012, segundo a redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, establece que o prazo de reintegro destas liquidacións é de vinte anos contados desde o exercicio 2012.

En consecuencia, ata o ano 2031 deberán reintegrarse 18,9 millóns de euros correspondentes á liquidación negativa do ano 2008 e 65,9 millóns de euros correspondentes ao exercicio 2009, o que supón un total de 84,8 millóns de euros anuais, dos que 2,9 millóns corresponden ao IRPF, 23,7 millóns ao IVE e 58,2 millóns ao Fondo de Suficiencia Global, como xa se comentou nos seus correspondentes apartados.

Cómpre destacar que estas liquidacións son obxecto dun axuste positivo en contabilidade nacional, polo mesmo importe que se inclúe como reintegros do exercicio, co fin de conciliar o saldo orzamentario co saldo de contabilidade nacional, dado que xa se contabilizaran como menor ingreso en contabilidade nacional nos anos 2010 e 2011.

Liquidación exercicio n-2.

En relación coa liquidación correspondente ao exercicio 2024, que se practicará durante o ano 2026, e que resulta da diferenza entre o rendemento definitivo de todos os recursos que integran o sistema de financiamento autonómico e as correspondentes entregas a conta —agás o Fondo de Cooperación, que non é obxecto de entrega a conta—, estímase nun importe de 789,4 millóns de euros, é dicir, 109,2 millóns de euros máis que a liquidación prevista para o exercicio 2023, un 16% máis.

Recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación				
	2025	2026	Variación 2026/2025	
			Importe	%
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (50%)	3.531.435	3.891.000	359.565	10,2%
Imposto sobre o Valor Engadido (50%)	2.797.182	2.992.580	195.398	7,0%
Impostos Especiais (58% e 100%)	881.923	902.000	20.077	2,3%
Fondo de Suficiencia Global	861.927	916.600	54.673	6,3%
Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais	2.189.612	2.175.820	-13.792	-0,6%
Entregas a conta	10.262.079	10.878.000	615.921	6,0%
Reintegro Liquidación Exercicio 2008	-18.900	-18.900	0	0,0%
Reintegro Liquidación Exercicio 2009	-65.907	-65.907	0	0,0%
Liquidacións Exercicios 2023/2024	680.207	789.364	109.157	16,0%
Liquidacións exercicios anteriores	595.400	704.557	109.157	18,3%
Recursos sistema de financiamento	10.857.479	11.582.557	725.078	6,7%

(Miles de Euros)

II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS

Os ingresos deste capítulo ascenden a 4.553,4 millóns de euros incrementándose nun 11,8% respecto aos do ano anterior.

CAPÍTULO I. Impostos directos

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
100 Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas	3.797.041	4.291.557	494.516	13,0	93,2	94,2
110 Imposto sobre sucesións e doazóns	181.758	170.400	-11.358	-6,2	4,5	3,7
111 Imposto sobre o patrimonio	62.847	64.795	1.948	3,1	1,5	1,4
112 Imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito	30.869	26.417	-4.452	-14,4	0,8	0,6
120 Imposto compensatorio ambiental mineiro	253	258	5	2,0	0,0	0,0
Total	4.072.768	4.553.428	480.660	11,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

A análise dos recursos obtidos polo IRPF xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente ao sistema de financiamento autonómico. De todos modos, en conxunto e en comparación coas cifras previstas en 2025, o IRPF increméntase en 494,5 millóns de euros, un 13% máis.

En canto o Imposto sobre Sucesións e Doazóns a cifra recadatoria prevista para o ano 2026 é de 170,4 millóns de euros, reducíndose o seu importe un 6,2% respecto ao ano 2025, que responde sobre todo a un axuste das liquidacións ao valor de referencia e as medidas fiscais implantadas dende o 2016 nas reducións de parentesco, as dirixidas ao mantemento do patrimonio familiar e a capacidade económica da familia, así como a regulación contida no texto articulado da lei de medidas do ano 2025, que elevou e unificou a redución de parentesco para o grupo III, quedando determinada en 25.000 €.

En canto ao Imposto sobre o Patrimonio para o ano 2026 prevese un importe de dereitos recoñecidos de 64,8 millóns de euros, o que supón un incremento dun 3,1% con respecto a cifra inicialmente orzada no ano 2025. Esta cifra responde á previsión de ingresos pola campaña para o ano 2025.

Inclúense 26,4 millóns de euros da recadación esperada polo Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito, un 14,4% menos que a previsión de recadación do ano 2025. Este imposto foi creado, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, modificada polo Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, coa pretensión de asegurar un tratamento fiscal harmonizado que garante unha maior eficiencia no funcionamento do sistema financeiro así como unha tributación harmonizada dos depósitos constituídos nas entidades de crédito en todo o territorio español.

O Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito é un tributo de carácter directo que grava os depósitos constituídos nas entidades de crédito, constituíndo o feito imponible o mantemento de fondos de terceiros que comporten a obriga de restitución, a excepción dos fondos mantidos en sucursais fóra do territorio español. O período impositivo será o ano natural e o imposto deivindicarase o último día do período, de forma que a recadación do imposto de 2025 producirase ao longo do exercicio 2026. Ademais, establécese un sistema obrigatorio de pagamentos a conta, de forma que os contribuíntes teñen que presentar unha autoliquidación do imposto no mes de xullo de cada exercicio, por importe do 50% da contía resultante de aplicar o tipo de gravame á base imponible do período impositivo anterior.

Por outra banda, recóllese o importe da recadación do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro, creado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Trátase dun imposto propio da comunidade autónoma, directo, real, obxectivo e orientado a unha finalidade extrafiscal. Está orientado a compensar as externalidades negativas xeradas pola actividade mineralúrxica de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos, que se desenvolva e poida desenvolverse en Galicia. Prevese un mantemento das circunstancias existentes que dan lugar á devindicación deste imposto compensatorio, que levará unha recadación asociada de case 0'3 millóns de euros.

Por último, en canto ao canon de inmobles declarados en estado de abandono (CI-DEA), este canon, que entrou en vigor no ano 2020 e que comezaría ingresarse no ano 2021 está

asociado aos inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos territoriais en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico. O proceso regulado na lei é complexo e longo, o que fai que no ano 2025 aínda non se dera ningunha declaración de in-moble en estado de abandono, motivo polo que a recadación esperada para o ano 2026 é cero.

CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos sitúase en 4.372,3 millóns de euros para o exercicio 2026 o que supoñe un decaemento do 11,2% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
200 Sobre transmisións inter vivos	255.780	266.165	10.385	4,1	6,5	6,1
201 Sobre actos xurídicos documentados	104.300	108.535	4.235	4,1	2,7	2,5
210 Imposto sobre o valor engadido	2.693.733	3.003.954	310.221	11,5	68,5	68,7
220 Impostos especiais	773.830	892.681	118.851	15,4	19,7	20,4
230 Taxas fiscais sobre o xogo	46.066	43.294	-2.772	-6,0	1,2	1,0
231 Imposto sobre actividades de xogo	9.050	9.928	878	9,7	0,2	0,2
240 Imposto sobre o depósito de resi-duos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos	12.355	12.500	145	1,2	0,3	0,3
291 Imposto sobre a contaminación at-mosférica	432	366	-66	-15,2	0,0	0,0
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	13.871	11.999	-1.871	-13,5	0,4	0,3
293 Canon eólico	22.450	22.899	449	2,0	0,6	0,5
Total	3.931.866	4.372.321	440.454	11,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

A comparativa do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documen-tados (ITP-AXD) co respecto ao orzamento 2025 é positiva (cun incremento dun 4,1%), que obedece a unha esperada evolución positiva do mercado inmobiliario e dos prezos e a unha diminución da litixiosidade pola consolidación dos valores de referencia. No articulado da lei de medidas do ano 2026 prevese unha serie de beneficios fiscais aplicables a vivenda cuxo coste económico xa está impactado no ingreso de ITPAXD correspondente ao ano 2026.

Respecto ao IVE este imposto xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente do sistema de financiamento autonómico.

Con respecto aos Impostos Especiais é necesario diferenciar os suxeitos a liquidación do Imposto sobre determinados Medios de Transporte. Os impostos especiais suxeitos a liquida-ción son os seguintes: o de Alcol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e os tipos estatais do Imposto sobre Hidrocarburos e xa foron comen-tados no epígrafe do sistema de financiamento.

E respecto ao Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte (IEDMT preve-se recadar un importe de 27,0 millóns de euros, cifra que ven supoñer un decremento do 12,0% respecto ao orzamento previsto para 2025, baseado na evolución esperada das matriculacións de vehículos.

Dentro dos tributos sobre o xogo figuran por unha parte as Taxas Fiscais sobre o Xogo (TFX), cunha recadación prevista de 43'3 millóns de euros, cifra inferior nun 6% á orzada para o ano 2025.

Inclúese así mesmo, a recadación esperada polo Imposto sobre Actividades de Xogo, 9,9 millóns de euros, recadación derivada dos xogos realizados a través de canles electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos e nos que os medios presenciais deberán ter un carácter accesorio, segundo o establecido pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e a recibir trimestralmente pola comunidade autónoma. A cifra impactada é lixeiramente superior á do orzamento do 2025.

O novo Imposto sobre o depósito, a incineración e a co-incineración de residuos, creado na lei estatal de residuos e solos contaminados para unha economía circular e configurado como un imposto cedido ás CCAA, comezou ser aplicado a partir do 1 de xaneiro de 2023. A cifra esperada para o ano 2026 sitúase nun importe de 12'5 millóns de euros, importe superior nun 1,2% ao previsto para o ano 2025, aínda que debe terse en conta que este imposto é de recente creación e que todavía é incerta a evolución do comportamento da actividade gravada, tendo en conta que a finalidade do imposto é precisamente incidir nese comportamento.

O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica (ICA), que recae sobre as emisións de determinadas sustancias contaminantes fíxase en torno aos 0'4 millóns de euros para o ano 2026, unha cifra inferior á proxectada para o ano inmediato anterior.

O Imposto sobre o Dano Medioambiental de Augas Encoradas (IDMAE) axusta a súa previsión de ingresos para 2026 na cifra de recadación esperada de case 12,0 millóns de euros.

O Canon Eólico (CE), creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, cuxo feito imponible constitúe a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeneradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en territorio galego, mantense neste exercicio nunha cifra similar á do ano anterior, de xeito que se espera acadar 22,9 millóns de euros.

CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

A previsión de ingresos neste capítulo ascende a 95,4 millóns de euros, cifra que supón un incremento dun 12% respecto á do ano anterior.

O conxunto das taxas alcanza os 23,5 millóns de euros en 2026. No dito importe tense en conta as modificacións introducidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación ou supresión das vixentes.

Co fin de atenuar a escalada dos prezos ocorrida nos últimos meses tómasse a decisión de que no ano 2026 os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia non experimentarán ningunha actualización respecto ao ano 2025.

Os prezos, considerando tanto os públicos como os privados, estímase que se reducirán nun 3,8 % alcanzando os 28,9 millóns de euros en 2025. No conxunto dos prezos destacan os da Consellería de Política Social, os da Consellería de Educación (derivados fundamentalmente das residencias da terceira idade) e os da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (principalmente derivados de comedores escolares e das escolas de idiomas) . A suma dos importes dos prezos que aplican estas dúas consellerías representan case o 88 % da previsión de ingresos por prezos correspondente ao 2026. Pola súa banda, tamén cómpre destacar a importancia dos prezos públicos na Consellería de Economía e Industria.

Por último, tamén se inclúen dentro deste capítulo outros ingresos: reintegros, xuros de demora, multas e sancións tributarias, sancións das consellerías, as recargas de constrinximento, etc. Deste xeito, o importe global que se estima por estes conceptos para o ano 2026 prevese en case 43 millóns de euros, o cal supón en torno a un 8% menos que no ano 2025.

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

Distribución económica. Variación 2026-2025							
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo		
			Importe	%	2025	2026	
301 Taxas por servizos administrativos	8.172	8.303	131	1,6	7,5	8,7	
302 Taxas por servizos profesionais	17.541	15.151	-2.390	-13,6	16,2	15,9	
303 Taxas por venda de bens	26	23	-3	-11,7	0,0	0,0	
304 Taxas por dominio público	79	79	0	0,0	0,1	0,1	
311 Prezos públicos	24.427	25.438	1.012	4,1	22,5	26,7	
312 Prezos privados	3.391	3.455	64	1,9	3,1	3,6	
353 De sociedades públicas e outros entes públicos da Comunidade Autónoma	930	0	-930	-100,0	0,9	0,0	
380 Reintegros de exercicios pechados	26.215	17.587	-8.627	-32,9	24,2	18,4	
381 Reintegros de exercicio corrente	4.000	2.500	-1.500	-37,5	3,7	2,6	
391 Recargas e multas	6.750	6.150	-600	-8,9	6,2	6,4	
392 Sancións impostas polas consellerías	13.653	13.827	173	1,3	12,6	14,5	
399 Ingresos diversos	3.200	2.900	-300	-9,4	3,0	3,0	
Total	108.384	95.413	-12.971	-12,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2026 a previsión de ingresos por transferencias correntes ascende 4.200,4 millóns de euros, o que representa un decaemento dun 3,6% respecto ao orzamento do ano 2025.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
400 Participación no sistema de financiamento	3.623.561	3.421.382	-202.179	-5,6	83,2	81,5
401 Da Seguridade Social	231.814	280.687	48.873	21,1	5,3	6,7
402 De organismos autónomos do Estado	182.911	184.639	1.728	0,9	4,2	4,4
403 De empresas e entes públicos do Estado	839	326	-513	-61,1	0,0	0,0
404 Subvencións finalistas da Administración xeral	176.947	199.256	22.309	12,6	4,1	4,7
460 De concellos	1.000	2.010	1.010	101,0	0,0	0,0
461 De deputacións	0	10	10	0,0	0,0	0,0
490 Fondo social europeo. Programa operativo	103.747	106.927	3.180	3,1	2,4	2,5
493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	1.511	918	-592	-39,2	0,0	0,0
495 MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia	34.620	3.781	-30.839	-89,1	0,8	0,1
499 Outras transferencias da Unión Europea	657	426	-231	-35,2	0,0	0,0
Total	4.357.608	4.200.365	-157.243	-3,6	100,0	100,0
(Miles de Euros)						

(Miles de Euros)

Neste apartado inclúense as transferencias recibidas do Estado polos recursos do sistema de financiamento autonómico, é dicir, polas entregas a conta do Fondo de Suficiencia Global, a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, as liquidacións de ditos Fondos e a liquidación do Fondo de Cooperación. A contía dos importes que se esperan recibir por ditos Fondos no vindeiro ano xa foron analizados no apartado relativo ao sistema de financiamento autonómico.

As subvencións de carácter finalista do Estado increméntanse nun 12,2 %. Igual que nos orzamentos de anos anteriores, figuran detalladas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado, e segundo a liña de actuación de que se trate, o que permite un maior seguimento dos ingresos en correlación cos créditos que financian.

Para a estimación do importe previsto para 2026 partiuse das cantidades aprobadas para 2025 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

No ámbito laboral, destacan no ano 2026 e segundo Orde TES/866/2025, do 1 de agosto, as axudas recibidas do Bloque A correspondente a “Servicios e Programas de Fomento do Emprego e de Formación Profesional para o Emprego”, o Bloque B que comprende “Servizos e Programas de Formación Profesional para o Emprego financiados con cargo á cota de Formación Profesional” e o Bloque C “Modernización”, dotándose para este orzamento 199,9 millóns de euros, dos cales 179,3 millóns de euros corresponden a transferencias correntes. Tamén neste ámbito, órzase neste ano un importe de 77,5 millóns de euros como axuda no Bloque D “Formación certificable”, correspondendo a totalidade á transferencia corrente.

Inclúese tamén, a igual que no ano 2026, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobada por Resolución do 29 de abril de 2025 da Secretaría do Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 22 de abril de 2025, pola que se fixan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2025. A Galicia correspondéronlle 12,4 millóns de euros, dos cales 11,7 millóns de euros son de transferencia corrente. Como consecuencia do Real decreto 664/2024, do 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais, e polo que se modifica o Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero., mantense que no ano 2025 a finalista Plan integral violencia xén. L.O. 1/2004 dotándose en 2,7 millóns de euros e tamén órzase igual que no ano 2025 o Plan integral de violencia sexual 10/2022 en 1,3 millóns de euros.

Así mesmo, inclúese tamén a transferencia procedente do Plan Corresponsables que promove, a conciliación e a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores ao cargo, por importe de 7 millóns de euros neste ano 2026 reducindo o seu importe en 2,3 millóns de euros.

Destacan as destinadas á atención da dependencia, que se incrementan respecto ao ano anterior nun 21,2%, como consecuencia do incremento das persoas beneficiarias do SAAD segundo as propostas establecidas no “Plan de Choque para o impulso do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia”, a aprobación do Real Decreto 675/2023 polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do SAAD e pola modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, que obriga a reforzar os servizos e prestacións ás persoas atendidas introducida no ano 2025.

Inclúese tamén, ao igual que no ano 2025, o Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, ca fin de manter a rede de servizos de atención primaria e proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas.

Inclúense, dende o ano 2017 trala aprobación da Lei 3/2017, do 13 de xullo, os Programas de interese xeral. Esta transferencia ten a súa orixe na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do día 26 de abril

de 2017 na que se adoptou por unanimidade acordar, en cumprimento da Sentenza do Tribunal Constitucional 9/2017, do 19 de xaneiro, ditada no conflito de competencias C-4777, que o futuro modelo de xestión do 0,7% do IRPF sexa un modelo mixto xestionado pola Administración xeral do Estado e polas comunidades autónomas. No ano 2026 espéranse recibir un total 38,8 millóns de euros e como transferencia corrente 28,9 millóns de euros.

Incrementábase o Plan Estatal de Vivenda ata os 40,6 millóns de euros, dos cales 11 millóns de euros órzase como transferencias correntes, tras as medidas anunciadas polo goberno de España. Así mesmo, órzase con 5,7 millóns de euros o bono alugueiro á mocidade.

No ámbito educativo, destaca o incremento do Plan de Redución do Abandono Temporal en 2,6 millóns de euros ata os 5,9 millóns de euros.

Tamén se inclúe, como no ano 2026, a transferencia do bono social térmico por importe de 20,3 millóns de euros.

Dentro de las transferencias finalistas das corporación locais inclúese 2 millón de euros procedentes de convenios de transporte metropolitano.

Dentro dos fondos europeos para 2026, cómpre sinalar que o ano 2025 foi o último ano completo de execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), xa que o límite previsto para finalizar a execución é, con carácter xeral, o verán de 2026. Neste ano a dotación neste capítulo baixou dos 34,6 millóns de euros do ano 2025 a 3,8 millóns de euros.

Neste ámbito, o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 orientará as liñas estratéxicas de investimento e gasto do orzamento 2026.

O plan ten por obxectivo xeral deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxe en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar dos galegos, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artestrar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada. O Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo de Galicia arredor de catro eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade e a cohesión social e territorial.

O Regulamento (UE) N° 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece as misións do FSE e o Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, de 2021, establece ás do Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

O FSE+ integra o antigo Fondo Social Europeo (FSE), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (YEI), o Fondo de Axuda Europea para os Máis Desfavorecidos (FEAD) e o Programa da UE para o

Emprego e a Innovación Social (EaSI), o que permite utilizar os fondos da maneira máis eficiente e coherente posible. Investirá nas seguintes áreas prioritarias:

- Apoiar á mocidade que se veu particularmente afectada pola crise da COVID-19, deste xeito, os recursos do FSE+ axudarán a que atopen unha cualificación, un traballo de boa calidade e a mellorar a súa educación e formación.

- Axudar aos nenos necesitados mediante a asignación de recursos do FSE+ a accións específicas para combater a pobreza infantil e apoiar aos máis vulnerables da sociedade que sofren perdas de emprego e redución de ingresos, incluída a provisión de alimentos e asistencia material básica aos máis desfavorecidos.

- Capacitar ás persoas para a transición a unha economía verde e dixital.

- Crear capacidade para interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil.

- Cooperación transnacional para promover a innovación social na UE.

- Apoio directo pola Comisión Europea á innovación social no marco do capítulo Emprego e Innovación Social (EaSI).

Respecto aos fondos europeos dos programas operativos, a dotación prevista para o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) do marco 2021-2027 para este ano ascende a 106,9 millóns de euros, un 3% superior á do ano 2026.

Dentro das Iniciativas do PO 2021-2027, figura neste capítulo o Programa Cooperación Territorial Europea (Interreg) 2021-2027.

A Cooperación Territorial Europea (CTE), máis coñecida como Interreg, é un instrumento de financiamento, deseñado no marco da Política de Cohesión, que ten como finalidade impulsar o desenvolvemento rexional a través da cooperación entre rexións europeas a diferentes niveis. Desta forma, Interreg artículase arredor de tres eixos de cooperación: transfronteirizo (Interreg A), transnacional (Interreg B) e interrexional (Interreg C). Para o período 2021-2027 publicouse o Regulamento (UE) 2021/1059 sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

INTERREG A: TRANSFRONTEIRIZO

Interreg Sudoe

O Programa Interreg Sudoe apoia o desenvolvemento de proxectos rexionais no sudoeste de Europa (España, Francia e Portugal) a través do FEDER. O Principado de Andorra participa no Programa como país terceiro.

En España forman parte deste programa todas as rexións, agás Canarias.

Interreg POCTEP

O Programa de Cooperación Interreg España-Portugal – POCTEP promove o desenvolvemento de proxectos transfronteirizos entre diferentes rexións de España (Galicia, Castela e León, Estremadura e Andalucía) e de Portugal.

INTERREG B: TRANSNACIONAL

Interreg Atlantic Area

O Programa Interreg Espazo Atlántico promove a cooperación transnacional entre rexións atlánticas de catro países europeos (España, Francia, Irlanda e Portugal). O programa cofinancia proxectos de cooperación en diversos campos como son a innovación e competitividade, a eficiencia de recursos, a xestión de riscos territoriais, a biodiversidade e os bens naturais e culturais.

En España participan as seguintes rexións: Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, A Rioxa, Andalucía e Canarias.

INTERREG C: INTERREGIONAL

Interreg Europe

O principal obxectivo do programa é apoiar aos gobernos rexionais e locais para desenvolver e ofrecer mellores políticas. En xeral, pretende mellorar a política de cohesión a través do intercambio de experiencias, a transferencia de boas prácticas e as iniciativas conxuntas para lograr un impacto integrado e sostible.

O importe total previsto para 2026 destas Iniciativas 2021-2027 alcanza os 2,8 millóns de euros, dos cales como transferencia corrente dótanse 0,9 millóns de euros. E tamén neste capítulo órzase o importe a percibir doutros fondos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia, por importe de 3,6 millóns de euros, dos cales como transferencia corrente dótanse 0,4 millóns de euros.

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Considéranse ingresos patrimoniais as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos que forman parte do patrimonio da comunidade autónoma.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
520 Xuros de contas bancarias	14.169	2.800	-11.369	-80,2	60,3	43,5
534 Dividend. e part. bfcios. empr. públicas e outros	6.486	1.087	-5.399	-83,2	27,6	16,9
550 De concesións administrativas	2.553	2.553	0	0,0	10,9	39,6
593 Operacións de derivados	306	0	-306	-100,0	1,3	0,0
Total	23.514	6.440	-17.074	-72,6	100,0	100,0

(Miles de Euros)

No seu conxunto os ingresos patrimoniais reducen o seu importe respecto ao anterior exercicio en 17,1 millóns de euros de ingresos derivados da redución dos xuros das contas bancarias e dos dividendos e participación en beneficio de empresas públicas.

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Os recursos orzamentados neste capítulo de ingresos alcanzan un importe de 155.000 euros. Proceden da venda de edificios e outras edificacións propiedade da comunidade autónoma alleados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio. A escasa relevancia económica deste capítulo e a propia flutuación das estimacións realizadas, derivase do carácter completamente atípico e excepcional destas actuacións.

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
612 Venda edificios e outras construcións	150	155	5	3,4	100,0	100,0
Total	150	155	5	3,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

A previsión de ingresos por transferencias de capital ascende a 1.007,7 millóns de euros, o que supón un decrecemento do 19,4% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
700 Fondo de compensación interterritorial	38.580	38.580	0	0,0	3,1	3,8
701 Da Seguridade Social	7.070	6.110	-959	-13,6	0,6	0,6
702 De organismos autónomos do Estado	56.972	63.385	6.413	11,3	4,6	6,3
703 De empresas e entes públicos do Estado	4.647	11.227	6.580	141,6	0,4	1,1
704 Subvencións finalistas da Administración xeral	43.463	52.896	9.433	21,7	3,5	5,2
760 De concellos	6.843	491	-6.352	-92,8	0,5	0,0
761 De deputacións	0	1.487	1.487	0,0	0,0	0,1
770 De empresas privadas	3.070	1.040	-2.030	-66,1	0,2	0,1
790 FEDER Programa Operativo	226.210	289.025	62.815	27,8	18,1	28,7
791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	3.284	1.903	-1.381	-42,1	0,3	0,2
792 FEOGA/FEADER/FEAGA	247.395	235.195	-12.199	-4,9	19,8	23,3
793 Fondos de cohesión	54.704	50.962	-3.742	-6,8	4,4	5,1
794 IFOP/FEP/FEMP	103.839	105.730	1.890	1,8	8,3	10,5
795 MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia	453.823	146.532	-307.291	-67,7	36,3	14,5
799 Outras transferencias da U. E.	350	3.184	2.834	810,0	0,0	0,3
Total	1.250.250	1.007.748	-242.502	-19,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial a favor dos territorios comparativamente menos desenvolvidos. A Lei 22/2001, do 27 de decembro, divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous: o Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos. Para o ano 2026 presupóstanse 38,6 millóns de euros, un importe igual ao do ano anterior, correspondendo 28,9 millóns de euros ao fondo de compensación e 9,6 ao fondo complementario.

As subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado financian pola súa parte actuacións relativas a materias sobre as que a comunidade autónoma ten asumidas diversas competencias. Figuran desglosadas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da Administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado e segundo a liña de actuación de que se trate, en aras dun correcto seguimento dos créditos financiados con transferencias finalistas.

Para a estimación do importe previsto para 2026 partiuse das cantidades aprobadas para 2025 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de

distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

Neste exercicio 2026, o importe total previsto, 133,6 millóns de euros, incrementándose respecto ao ano anterior nun 19,1%.

Destacan as derivadas da execución do Plan Estatal para o acceso á vivenda, por importe de 29,6 millóns de euros en transferencias de capital, medidas comunicadas no novo marco do Plan Estatal de Vivenda, incrementando as transferencias de capital con respecto ao ano anterior en 14,5 millóns de euros.

Órzase neste ano, con 10,9 millóns o Programa Moves, programa de incentivos a mobilidade eficiente e sostible. O Programa MOVES enmárcase no ámbito de incidencia da Directiva 2014/94/UE do Parlamento Europeo e do Consello de Europa do 22 de outubro de 2014, que establece que os Estados membros deben desenvolver un Marco de Acción Nacional específico para implantar as enerxías alternativas no transporte e a súa infraestrutura vinculada, dentro da axenda europea para unha mobilidade máis limpa, segura e conectada e a súa Clean Mobility Package.

Respecto das transferencias a xestionar pola Consellería do Medio Rural, inclúense as axudas distribuídas nas Conferencias Sectoriais de Agricultura e Desenvolvemento Rural e de Pesca segundo as aprobadas para 2025, destacando entre outras, as destinadas á Prevención e Loita contra Pragas, as destinadas ao control e erradicación das EETs, ao control do rendemento leiteiro e as razas autóctonas en perigo de extinción.

Por outra parte, o cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do PEC_PAC 2021-2027 alcanza este ano os 43,9 millóns de euros, correspondendo case a totalidade a transferencias de capital.

No ámbito educativo inclúese neste orzamento, 2 millóns de euros para o financiamento dos libros de texto nos niveis obrigatorios de ensino, 1,9 millóns de euros no programa código escola 4.0 e 1,5 millóns de euros para o impulso e difusión da Formación Profesional.

Dótase, por segundo ano consecutivo, 4 millóns de euros para como axuda paliar os danos producidos polo lobo, correspondendo 2,2 millóns de euros a transferencia de capital.

Por último, dentro das transferencias finalistas, órzase tamén as que se espera recibir doutros transferentes, de igual forma cas que proceden do Estado, identificando tanto na parte do ingreso como no crédito de gasto financiado, a liña de actuación para un correcto seguimento da axuda.

Inclúese a transferencia a recibir pola Deputación de Ourense polas obras no complexo lúdico deportivo de Monterrei por 1,5 millóns de euros, a transferencia a recibir de INDITEX polo

convenio en materia forestal por importe de 1 millóns de euros e as transferencias dos concellos do Plan Hurbe por importe de 0,5 millóns de euros.

No que atinxe aos fondos europeos trataremos de forma separada os recursos dos fondos estruturais dos fondos Next Generation que aínda se están a xestionar.

Respecto aos fondos dos programas operativos, este é o segundo ano de programación polo que as anualidades son un pouco superiores ao que resulta dunha anualidade financeira teórica, para poder iniciar o despregamento das medidas previstas nos programas. Porén nos vindeiros exercicios estas anualidades iranse axustando a unha anualidade teórica.

O Regulamento (UE) N° 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, establece cal é a misión deste fondo, contribuír á estratexia Europa 2020 fomentando un desenvolvemento rural sostible en toda a Unión como complemento dos demais instrumentos da Política Agrícola Común, PAC, a Política de Cohesión e a Política Pesqueira Común. Contribuirá ao desenvolvemento na Unión dun sector agrícola mais equilibrado dende a política territorial e medioambiental, mais respectuoso co clima, mais resistente aos cambios climáticos, mais competitivo e mais innovador. Tamén debe contribuír ao desenvolvemento dos territorios rurais.

Dentro destes fondos, órzanse 13,8 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) 2023-2027, destinados á Reestruturación de sistemas produtivos do Viñado, ao Plan Apícola galego, á Ordenación de Producións e Mercados Agrarios e a Programas sanitarios. Non se recolle a parte que debe ter tratamento extraorxamentario atendendo aos requirimentos do Consello de Contas e conforme ao sinalado no punto 4 do artigo 46 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, debido á mera función de intermediación que desenvolve o Fondo Galego de Garantía Agraria.

Dentro da Programación 2014-2020, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER órzase neste ano con 73,8 millóns de euros. Tamén, neste ano 2025, igual que nos anos 2021 a 2024, inclúense outros recursos adicionais procedente dun Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) establecido no Regulamento (UE) 2020/2094 del Consejo co obxectivo de afrontar as repercusións da crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais. Os ditos fondos se incorporan para a súa xestión no PDR 2014-2020 e contarán cun 100% de financiación UE. A previsión do importe asignado a Galicia é de 14,3 millóns de euros para 2024.

O Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, establece os obxectivos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional. O FEDER ten por obxecto reforzar a cohesión económica, social e territorial na Unión Europea corrixindo os des-

equilibrios entre as súas rexións. En 2021-2027, permitirá investir nunha Europa máis intelixente, máis ecolóxica, máis conectada e máis social que estea máis preto dos seus cidadáns.

No período 2021-2027 e de conformidade cos obxectivos políticos da UE, o fondo apoiará os seguintes obxectivos específicos:

- O desenvolvemento e mellora das capacidades de investigación e innovación, o apoio ás pequenas e medianas empresas, o desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e así como a dixitalización e a conectividade dixital.

- O fomento da eficiencia enerxética e as enerxías renovables; a adaptación ao cambio climático; a resiliencia e a prevención do risco de catástrofes; o fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible; o fomento da transición cara unha economía circular e eficiente no uso dos recursos; o fomento da protección e conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas; por último, o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible.

- O desenvolvemento e reforzo dunha mobilidade sostible, resiliente, intelixente e inter-modal.

- Os obxectivos relacionados cunha Europa máis social, apoiando, fundamentalmente mediante infraestruturas, o emprego efectivo e integrador, a educación, as capacidades, a inclusión social e a igualdade de acceso á asistencia sanitaria, así como a mellora do papel da cultura e o turismo sostible.

- O fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e incluído en zonas urbanas e non urbanas.

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo de 2021, establece que o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura, FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión. Terá as seguintes prioridades:

Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos;

Fomentar as actividades sostibles de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión;

Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas;

- Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos;

- Fomentar as actividades sostíbles de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión;
- Permitir unha economía azul sostíble nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas;

Dentro da Programación 2021-2027, inclúese o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER por importe de 289 millóns de euros, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER PEC-PAC 23-27 por importe de 221,4 millóns de euros o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura, FEMPA por importe de 105,7 millóns de euros.

Neste orzamento e dentro tamén da Política de Cohesión da Unión Europea 2021-2027, órzanse 51 millóns no Fondo de Transición Xusta. O Fondo de Transición Xusta é un instrumento clave para apoiar aos territorios máis afectados pola transición cara á neutralidade climática, proporcionándolles un apoio a medida. Aplícase en réxime de xestión compartida, no marco xeral da política de cohesión.

O Fondo mitigará os custos socioeconómicos provocados pola transición climática, apoiando a diversificación económica e a reconversión dos territorios afectados. Isto implica o apoio aos investimentos produtivos en pequenas e medianas empresas, a creación de novas empresas, a investigación e a innovación, a rehabilitación ambiental, a enerxía limpa, a mellora das capacidades e a reciclaxe dos traballadores, a asistencia na procura de emprego e programas de inclusión activa dos solicitantes de emprego, así como a transformación das actuais instalacións con altas emisións de carbono, cando estes investimentos dean lugar a importantes recortes de emisións e á protección do emprego.


Dentro dos fondos Next Generation recóllense os recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241) co gallo de facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da COVID-19. O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia.

No que atinxe ao MRR cómpre sinalar que o ano 2025 foi o último ano completo de execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), xa que o límite previsto para finalizar a execución é, con carácter xeral, o verán de 2026.

Neste sentido, ás previsións que se contemplan no orzamento para o ano 2026, derradeiro ano no que se orzamentarán os fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia, son as contías necesarias que permitan a execución completa destes recursos, é dicir, as necesarias para atender os compromisos de gasto plurianual asumidos con cargo a ese exercicio e as escasas actuacións pendentes de adxudicación para 2026. Polo tanto, o límite de gasto total para 2026 diminúe en 338 millóns de euros tan so polo cese das operacións financiadas con este mecanismo, sendo a diminución en transferencias de capital de 307 millóns de euros.

Dentro das Iniciativas do PO 2021-2027, figuran neste capítulo diversos proxectos dentro do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Sudoeste, SUDOE, 2021-2027, Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP 2021-2027, Programa Operativo de Cooperación Espazo Atlántico, ATLANTIC AREA 201-2027 e o Programa INTERREG EUROPA 2021-2027.

O importe total destas Iniciativas do PO 2021-2027, xunto con outros proxectos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia, está previsto que alcance os 6,4 millóns de euros para 2026 dos que 5,1 millóns de euros son transferencias de capital. Destaca con 3 millóns de euros a iniciativa EuroHPC para impulsara a colaboración e o desenvolvemento de capacidades en intelixencia artificial a través de novas antenas en Europa.



CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS

Figuran neste capítulo 2,9 millóns de euros. A maior parte está formada por reintegros de préstamos concedidos ao sector público. Inclúense ademais os destinados ao persoal concedidos polo Parlamento e polo Consello de Contas.

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
821 Reintegro de préstamos concedidos ao sector público L/P	2.804	2.804	0	0,0	95,1	95,2
830 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a C/P	143	142	-1	-0,7	4,9	4,8
Total	2.947	2.946	-1	0,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCEIROS

Neste capítulo figura a Débeda financeira por importe de 1.728,6 millóns de euros, incluíndose tanto as amortizacións deste ano como as novas emisións. No ano 2026, por terceiro ano consecutivo, non será necesario acudir a necesidade de financiamento para financiar os gastos non financeiro.

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Variación 2026-2025						
Conceptos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
950 Préstamos recibidos e emisión de débeda	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0	100,0	100,0
Total	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

1.1. GASTOS

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución económica						
Capítulos		2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo
				Importe	%	2025 2026
I	Gastos de persoal	2.643.805	2.716.657	72.852	2,8	17,2 17,0
II	Gastos en bens correntes e servizos	716.723	727.313	10.590	1,5	4,7 4,6
III	Gastos financeiros	214.110	214.915	805	0,4	1,4 1,3
IV	Transferencias correntes	7.153.037	7.510.920	357.882	5,0	46,6 47,0
OPERACIÓNS CORRENTES		10.727.675	11.169.805	442.130	4,1	69,8 70,0
V	Fondo de continxencia	5.439	5.439	0	-	- -
VI	Investimentos reais	646.863	599.878	-46.985	-7,3	4,2 3,8
VII	Transferencias de capital	2.299.495	2.233.906	-65.589	-2,9	15,0 14,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL		2.946.358	2.833.784	-112.574	-3,8	19,2 17,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		13.679.472	14.009.028	329.556	2,4	89,0 87,7
VIII	Activos financeiros	133.364	314.595	181.231	135,9	0,9 2,0
IX	Pasivos financeiros	1.549.987	1.643.771	93.785	6,1	10,1 10,3
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.683.351	1.958.366	275.015	16,3	11,0 12,3
Total		15.362.823	15.967.394	604.571	3,9	100,0 100,0

(Miles de Euros)

No orzamento para 2026 o importe total dos créditos previstos ascende a 15.967,4 millóns de euros, o que supón un aumento do 3,9% respecto aos orzamentos do exercicio anterior. Os gastos financeiros increméntanse nun 16,3% e a capacidade de gasto da administración autonómica, que son os gastos non financeiros, increméntanse nun 2,4%, respecto ao ano 2025, acadando a cifra de 14.009 millóns de euros.

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Orgánica						
Seccións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
01 Parlamento	25.097	25.901	804	3,2	0,2	0,2
02 Consello de Contas	9.922	10.255	333	3,4	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	3.333	3.379	45	1,4	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	297.579	282.860	-14.719	-4,9	1,9	1,8
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	589.450	584.732	-4.717	-0,8	3,8	3,7
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	186.223	167.711	-18.512	-9,9	1,2	1,1
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	3.046.345	3.090.127	43.782	1,4	19,8	19,4
08 Cons. Política Social e Igualdade	1.323.145	1.390.686	67.541	5,1	8,6	8,7
09 Cons. Economía e Industria	369.550	352.166	-17.384	-4,7	2,4	2,2
10 Cons. Facenda e Administración Pública	250.547	227.561	-22.986	-9,2	1,6	1,4
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	493.563	542.774	49.211	10,0	3,2	3,4
12 Cons. Sanidade	5.213.466	5.426.488	213.022	4,1	33,9	34,0
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	146.469	149.854	3.385	2,3	1,0	0,9
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	494.251	494.555	304	0,1	3,2	3,1
15 Cons. Medio Rural	698.867	705.439	6.572	0,9	4,5	4,4
16 Cons. Mar	220.693	225.621	4.928	2,2	1,4	1,4
20 Consello Consultivo de Galicia	2.400	2.397	-3	-0,1	-	-
21 Transferencias a corporacións locais	168.057	200.314	32.258	19,2	1,1	1,3
22 Débeda Pública da Comunidade Autónoma	1.763.490	1.858.585	95.096	5,4	11,5	11,6
23 Gastos de diversas Consellerías	60.376	225.988	165.612	274,3	0,4	1,4
Total	15.362.823	15.967.394	604.571	3,9	100,0	100,0


(Miles de Euros)

O gasto corrente previsto, 11.169,8 millóns de euros, está constituído nun 24,3% polas retribucións do persoal ao servizo da comunidade autónoma, que se incrementan no seu conxunto nun 2,8%.

O capítulo IV ascende a 7.510,1 millóns de euros, representando o 67,3% do total do gasto corrente, e un incremento respecto do exercicio anterior do 5%. Está formado nunha gran parte polo gasto derivado do desenvolvemento das políticas básicas de protección e promoción social, especialmente o programa de atención á dependencia. Destaca o gasto en educación, no que se recolle a maior parte do financiamento das universidades, así como a prestación de servizos sanitarios.

Os créditos canalizados a través dos capítulos VI e VII experimentan un decrecemento do 3,8% acadando a cifra de 2.833,8 millóns de euros.

Distribución do orzamento de gastos por seccións



Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Funcional						
Grupo de función			Variación 2026/2025		Valor Relativo	
Funcións	2025	2026	Importe	%	2025	2026
1 Actuacións de carácter xeral	376.018	387.938	11.921	3,2	2,4	2,4
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	49.645	51.410	1.765	3,6	0,3	0,3
12 Administración xeral	97.195	97.316	121	0,1	0,6	0,6
13 Xustiza	192.521	197.058	4.537	2,4	1,3	1,2
14 Administración local	22.692	26.546	3.854	17,0	0,1	0,2
15 Normalización lingüística	11.964	13.008	1.044	8,7	0,1	0,1
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.000	2.600	600	30,0	-	-
2 Protección civil e seguranza cidadá	40.154	42.838	2.684	6,7	0,3	0,3
21 Protección civil e seguridade	40.154	42.838	2.684	6,7	0,3	0,3
3 Protección e promoción social	1.861.778	1.927.652	65.874	3,5	12,1	12,1
31 Acción social e promoción social	1.405.707	1.473.084	67.377	4,8	9,2	9,2
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	446.207	444.220	-1.987	-0,4	2,9	2,8
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.864	10.348	484	4,9	0,1	0,1
4 Producción de bens públicos de carácter social	8.662.784	8.982.257	319.473	3,7	56,4	56,3
41 Sanidade	5.213.466	5.426.488	213.022	4,1	33,9	34,0
42 Educación	2.959.627	3.007.333	47.706	1,6	19,3	18,8
43 Cultura	109.853	110.050	197	0,2	0,7	0,7
44 Deportes	39.145	41.807	2.663	6,8	0,3	0,3
45 Vivenda	204.881	255.903	51.022	24,9	1,3	1,6
46 Outros servizos comunitarios e sociais	135.813	140.676	4.863	3,6	0,9	0,9
5 Producción de bens públicos de carácter económico	1.293.703	1.264.241	-29.461	-2,3	8,4	7,9
51 Infraestruturas	358.577	337.415	-21.162	-5,9	2,3	2,1
52 Ordenación do territorio	20.007	19.810	-197	-1,0	0,1	0,1
53 Promoción de solo para actividades económicas	11.161	10.521	-640	-5,7	0,1	0,1
54 Actuacións ambientais	222.175	204.232	-17.944	-8,1	1,4	1,3
55 Actuacións e valorización do medio rural	207.500	250.929	43.429	20,9	1,4	1,6
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	313.063	299.797	-13.265	-4,2	2,0	1,9
57 Sociedade da información e do coñecemento	155.757	136.099	-19.657	-12,6	1,0	0,9
58 Información estatística básica	5.463	5.437	-25	-0,5	-	-
6 Regulación económica de carácter xeral	134.327	300.588	166.261	123,8	0,9	1,9
61 Actuacións económicas xerais	30.100	31.717	1.618	5,4	0,2	0,2
62 Actividades financeiras	104.228	268.871	164.643	158,0	0,7	1,7
7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	1.059.881	1.002.979	-56.902	-5,4	6,9	6,3
71 Dinamización económica do medio rural	429.551	396.518	-33.034	-7,7	2,8	2,5
72 Pesca	143.819	150.154	6.335	4,4	0,9	0,9
73 Industria, enerxía e minaría	125.791	103.645	-22.146	-17,6	0,8	0,6
74 Desenvolvemento empresarial	195.807	207.199	11.392	5,8	1,3	1,3
75 Comercio	21.728	22.712	984	4,5	0,1	0,1
76 Turismo	143.184	122.750	-20.434	-14,3	0,9	0,8
8 Transferencias a entidades locais	170.688	200.314	29.626	17,4	1,1	1,3
81 Transferencias a entidades locais	170.688	200.314	29.626	17,4	1,1	1,3
9 Débeda pública	1.763.490	1.858.585	95.096	5,4	11,5	11,6
91 Débeda pública	1.763.490	1.858.585	95.096	5,4	11,5	11,6
Total	15.362.823	15.967.394	604.571	3,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Á Consellería de Sanidade e á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destínanse nestes orzamentos créditos por importe de 5.426,5 millóns de euros e 3.090,1 millóns de euros, respectivamente, absorbendo o 53,4% dos créditos da Administra-

ción xeral. A Consellería de Política Social e Igualdade, con 1.390,7 millóns de euros absorbe o 8,7% do total do orzamento e a Consellería do Medio Rural, con 705,4 millóns de euros absorbe o 4,4%. A Consellería de Sanidade transfire ao Servizo Galego de Saúde a maior parte das súas dotacións, xa que é este último o encargado de xestionar directamente os servizos sanitarios da comunidade autónoma.

Nestes orzamentos, a Débeda Pública con 1.858,6 millóns de euros absorbe o 11,6%, incrementándose nun 5,4% con respecto ao ano anterior.

O Fondo de Continxencia que se dota na Administración Xeral ascende a 5,4 millóns de euros e xunto co previsto no Servizo Galego de Saúde, por importe de 11,4 millóns, totalizan o fondo total destes orzamentos, con 16,8 millóns de euros.

Dentro dos créditos destinados á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destacan os correspondentes ao sistema de financiamento das universidades galegas, que para o exercicio 2026 se prevén por un importe de 550 millóns de euros.

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Seccións	Distribución Orgánica e Económica									Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	
01 Parlamento	12.559	8.114		3.243		1.877		107		25.901
02 Consello de Contas	7.904	1.169		24		1.122		35		10.255
03 Consello da Cultura Galega	2.071	1.100		69		140				3.379
04 Presidencia da Xunta de Galicia	14.117	2.900		35.350		4.696	94.616	131.181		282.860
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	179.773	187.642	5	110.832		61.963	44.478	40		584.732
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	43.555	6.572		8.673		26.303	82.607			167.711
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.810.342	110.912	50	808.099		128.177	232.546		0	3.090.127
08 Cons. Política Social e Igualdade	178.859	320.848	0	862.756		15.290	12.934			1.390.686
09 Cons. Economía e Industria	19.055	1.435		37.543		21.759	272.373			352.166
10 Cons. Facenda e Administración Pública	32.370	791	1	64.197		2.322	127.881	0		227.561
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	9.874	597		48.756		7.410	476.136			542.774
12 Cons. Sanidade	62.567	4.062		4.919.955		59.272	380.633			5.426.488
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	42.522	13.407	8	33.075		30.834	30.009			149.854
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	59.593	30.197	38	350.783		19.386	34.559			494.555
15 Cons. Medio Rural	194.927	7.606		31.673		146.357	324.877			705.439
16 Cons. Mar	40.033	3.697		4.999		56.637	120.255			225.621
20 Consello Consultivo de Galicia	2.001	296				100				2.397
21 Transferencias a corporacións locais				190.314				10.000		200.314
22 Débeda Pública da Comunidade Autónoma			214.814						1.643.771	1.858.585
23 Gastos de diversas Consellerías	4.535	25.969		581	5.439	16.232		173.232		225.988
Total	2.716.657	727.313	214.915	7.510.920	5.439	599.878	2.233.906	314.595	1.643.771	15.967.394

(Miles de Euros)

1.1.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Orgánica						
Seccións			Variación 2026/2025		Valor Relativo	
	2025	2026	Importe	%	2025	2026
01 Parlamento	12.310	12.559	249	2,0	0,5	0,5
02 Consello de Contas	7.670	7.904	234	3,0	0,3	0,3
03 Consello da Cultura Galega	2.069	2.071	2	0,1	0,1	0,1
04 Presidencia da Xunta de Galicia	13.134	14.117	983	7,5	0,5	0,5
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	172.202	179.773	7.570	4,4	6,5	6,6
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	40.491	43.555	3.064	7,6	1,5	1,6
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.772.468	1.810.342	37.874	2,1	67,0	66,6
08 Cons. Política Social e Igualdade	173.137	178.859	5.722	3,3	6,5	6,6
09 Cons. Economía e Industria	17.791	19.055	1.264	7,1	0,7	0,7
10 Cons. Facenda e Administración Pública	30.856	32.370	1.514	4,9	1,2	1,2
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	9.939	9.874	-64	-0,6	0,4	0,4
12 Cons. Sanidade	60.431	62.567	2.136	3,5	2,3	2,3
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	41.059	42.522	1.463	3,6	1,6	1,6
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	58.641	59.593	952	1,6	2,2	2,2
15 Cons. Medio Rural	186.318	194.927	8.608	4,6	7,0	7,2
16 Cons. Mar	39.262	40.033	771	2,0	1,5	1,5
20 Consello Consultivo de Galicia	2.004	2.001	-3	-0,1	0,1	0,1
23 Gastos de diversas Consellerías	4.024	4.535	512	12,7	0,2	0,2
Total	2.643.805	2.716.657	72.852	2,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Os créditos destinados ao pago das retribucións e das cotas sociais dos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma no ano 2026 increméntanse nun 2,8% respecto ao ano 2025, acadando o total do capítulo I, 2.717 millóns de euros.

Este importe incorpora a consolidación do incremento retributivo do 0,5% acordado polo Consello de Ministros do 1 de xullo do 2025, que culmina o Acordo Marco para unha Administración do Século XXI. Así mesmo, inclúese unha partida adicional para facer efectivos os posibles incrementos retributivos, que serán de aplicación no seu límite máximo, unha vez que se habiliten pola normativa básica estatal.

O incremento nos gastos de persoal inclúe os acordos sobre condicións laborais aprobados polo Consello da Xunta de Galicia que teñen impacto económico no ano 2026, entre outros, o Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio e o Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF), asinado o 22 de xullo de 2024 entre a Administración pública e as organizacións sindicais. Tamén

inclúe o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Económica						
Artigos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
10 Altos cargos e delegados	9.847	9.912	65	0,7	0,4	0,4
11 Persoal eventual de gabinete	8.928	9.039	111	1,2	0,3	0,3
12 Funcionarios	1.994.642	2.045.819	51.177	2,6	75,4	75,3
13 Laborais	254.762	236.698	-18.064	-7,1	9,6	8,7
14 Outro persoal	246	248	1	0,5	-	-
15 Incentivos ao rendemento	11.897	13.307	1.410	11,9	0,4	0,5
16 Cotas, prest. e gastos soc. a cargo empregador	294.477	318.883	24.406	8,3	11,1	11,7
18 Fondo retributivo	69.006	82.751	13.745	19,9	2,6	3,0
Total	2.643.805	2.716.657	72.852	2,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

As retribucións dos altos cargos e delegados/as incrementáronse o 0,5% acordado polo Consello de Ministros do 1 de xullo do 2025, na mesma porcentaxe que o resto do persoal do sector público autonómico.

A diminución das dotacións do persoal laboral deriva dos procesos de funcionarización e de diversas modificacións das Relacións de Postos de Traballo, incrementándose as partidas do persoal funcionario.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Funcional						
Funcións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	30.016	30.756	740	2,5	1,1	1,1
12 Administración xeral	41.434	43.560	2.126	5,1	1,6	1,6
13 Xustiza	129.408	134.544	5.136	4,0	4,9	5,0
14 Administración local	1.069	1.311	242	22,6	-	-
15 Normalización lingüística	2.420	2.463	43	1,8	0,1	0,1
21 Protección civil e seguridade	4.217	4.838	622	14,7	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	184.059	190.179	6.120	3,3	7,0	7,0
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	53.596	54.409	813	1,5	2,0	2,0
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	708	732	24	3,4	-	-
41 Sanidade	60.431	62.567	2.136	3,5	2,3	2,3
42 Educación	1.780.410	1.818.420	38.010	2,1	67,3	66,9
43 Cultura	31.701	32.829	1.128	3,6	1,2	1,2
44 Deportes	4.304	4.373	69	1,6	0,2	0,2
46 Outros servizos comunitarios e sociais	2.153	2.256	103	4,8	0,1	0,1
51 Infraestruturas	12.290	13.297	1.007	8,2	0,5	0,5
52 Ordenación do territorio	3.805	3.558	-247	-6,5	0,1	0,1
54 Actuacións ambientais	53.045	56.412	3.367	6,3	2,0	2,1
55 Actuacións e valorización do medio rural	97.669	103.656	5.987	6,1	3,7	3,8
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	3.717	3.586	-131	-3,5	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	11.529	12.036	507	4,4	0,4	0,4
62 Actividades financeiras	13.275	13.943	668	5,0	0,5	0,5
71 Dinamización económica do medio rural	88.649	91.270	2.621	3,0	3,4	3,4
72 Pesca	15.311	15.574	264	1,7	0,6	0,6
73 Industria, enerxía e minaría	17.391	18.855	1.464	8,4	0,7	0,7
75 Comercio	1.198	1.232	35	2,9	-	-
Total	2.643.805	2.716.657	72.852	2,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Polo que atinxe á distribución económica e funcional, cómpre salientar que a función de Educación concentra o maior peso do gasto total, representando o 66,9% dos custos totais de persoal.

CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os gastos deste capítulo acadan en 2026 os 727,3 millóns de euros, o que representa un incremento do 1,5% respecto ao exercicio anterior.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Orgánica						
Seccións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
01 Parlamento	7.589	8.114	525	6,9	1,1	1,1
02 Consello de Contas	1.121	1.169	49	4,3	0,2	0,2
03 Consello da Cultura Galega	1.062	1.100	37	3,5	0,1	0,2
04 Presidencia da Xunta de Galicia	2.903	2.900	-3	-0,1	0,4	0,4
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	185.362	187.642	2.280	1,2	25,9	25,8
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	6.384	6.572	187	2,9	0,9	0,9
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	111.010	110.912	-98	-0,1	15,5	15,2
08 Cons. Política Social e Igualdade	307.331	320.848	13.517	4,4	42,9	44,1
09 Cons. Economía e Industria	1.649	1.435	-214	-13,0	0,2	0,2
10 Cons. Facenda e Administración Pública	791	791	0	-	0,1	0,1
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	564	597	33	5,8	0,1	0,1
12 Cons. Sanidade	3.962	4.062	100	2,5	0,6	0,6
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	12.930	13.407	477	3,7	1,8	1,8
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	36.564	30.197	-6.367	-17,4	5,1	4,2
15 Cons. Medio Rural	7.607	7.606	-2	-	1,1	1,0
16 Cons. Mar	3.630	3.697	67	1,8	0,5	0,5
20 Consello Consultivo de Galicia	296	296	0	-	-	-
23 Gastos de diversas Consellerías	25.969	25.969	0	-	3,6	3,6
Total	716.723	727.313	10.590	1,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

As principais modificacións respecto do exercicio anterior concrétnanse como segue:

Na Consellería de Política Social e Igualdade increméntanse os gastos correntes e servizos en 13,5 millóns de euros, derivado fundamentalmente do funcionamento do programa de atención á dependencia e do funcionamento do programa de prestacións ás familias e á infancia.

Na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes increméntanse os gastos correntes e servizos en 2,3 millóns de euros, derivado fundamentalmente do funcionamento do programa de servizos e axudas complementarias da ensinanza.

Na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración decrecen en 6,4 millóns os seus gastos correntes e capital derivado fundamentalmente do funcionamento dos centros docentes non universitarios do programa de formación profesional desempregados.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Económica						
Artigos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
20 Alugamentos e canons	6.246	6.311	65	1,0	0,9	0,9
21 Reparacións, mantemento e conservación	15.314	15.166	-147	-1,0	2,1	2,1
22 Material, subministracións e outros	685.551	695.907	10.356	1,5	95,7	95,7
23 Indemnizacións por razóns do servizo	9.564	9.880	316	3,3	1,3	1,4
27 Publicacións	49	49	0	-	-	-
Total	716.723	727.313	10.590	1,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

No total do capítulo II, a Consellería de Política Social e Igualdade representa o 44,1%, a Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes o 25,8% á que lle compete atender os gastos comúns correspondentes ao mantemento, limpeza e seguridade dos servizos administrativos das distintas consellerías, a Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o 15,2%, e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración o 4,2%, sendo polo tanto o peso das demais seccións o 10,7%.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Funcional						
Funcións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	11.958	12.569	612	5,1	1,7	1,7
12 Administración xeral	30.926	30.319	-607	-2,0	4,3	4,2
13 Xustiza	19.538	19.538	0	-	2,7	2,7
14 Administración local	104	104	0	-	-	-
15 Normalización lingüística	137	137	0	-	-	-
21 Protección civil e seguridade	1.167	1.181	14	1,2	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	323.983	338.260	14.277	4,4	45,2	46,5
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	33.337	26.774	-6.563	-19,7	4,7	3,7
41 Sanidade	3.962	4.062	100	2,5	0,6	0,6
42 Educación	234.800	236.802	2.002	0,9	32,8	32,6
43 Cultura	6.328	6.266	-62	-1,0	0,9	0,9
44 Deportes	5.906	6.606	700	11,9	0,8	0,9
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.060	1.060	0	-	0,1	0,1
51 Infraestruturas	1.271	1.317	46	3,6	0,2	0,2
52 Ordenación do territorio	35	68	33	93,8	-	-
54 Actuacións ambientais	6.627	6.882	254	3,8	0,9	0,9
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	575	575	0	-	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	791	791	0	-	0,1	0,1
62 Actividades financeiras	23.349	23.349	0	-	3,3	3,2
71 Dinamización económica do medio rural	7.607	7.606	-2	-	1,1	1,0
72 Pesca	1.613	1.613	0	-	0,2	0,2
73 Industria, enerxía e minaría	1.649	1.435	-214	-13,0	0,2	0,2
Total	716.723	727.313	10.590	1,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Como pode observarse na distribución funcional do gasto, destacan igualmente a función 31, Acción social e promoción social, cun 46,5% do total e a función 42, Educación, co 32,6%.

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

Neste exercicio 2026, os gastos financeiros ascenden a 214,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 805.000 euros con respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Orgánica						
Seccións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	6	5	-2	-25,0	-	-
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	57	50	-7	-12,3	-	-
08 Cons. Política Social e Igualdade	0	0	0	-	-	-
10 Cons. Facenda e Administración Pública	0	1	1	-	-	-
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	10	8	-2	-20,0	-	-
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	37	38	1	1,3	-	-
22 Débeda Pública da Comunidade Autónoma	214.000	214.814	814	0,4	99,9	100,0
Total	214.110	214.915	805	0,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Económica						
Artigos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
30 Débeda pública e préstamos	212.807	214.814	2.007	0,9	99,4	100,0
31 Gastos emis, form, mod, e cancel. de déb. públ. e prést.	1.200	0	-1.200	-100,0	0,6	-
35 Xuros de demora e outros gastos financeiros	103	101	-2	-2,0	-	-
Total	214.110	214.915	805	0,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Funcional						
Funcións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	1	1	0	-	-	-
12 Administración xeral	5	4	-2	-30,0	-	-
15 Normalización lingüística	0	3	3	-	-	-
31 Acción social e promoción social	29	30	1	1,7	-	-
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	8	8	0	-	-	-
42 Educación	57	50	-7	-12,3	-	-
43 Cultura	10	5	-5	-50,0	-	-
62 Actividades financeiras	0	1	1	-	-	-
91 Débeda pública	214.000	214.814	814	0,4	99,9	100,0
Total	214.110	214.915	805	0,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

As transferencias correntes engloban os fondos, condicionados ou non, que se satisfarán sen que se produza unha contrapartida directa por parte dos axentes receptores, destinados á atención de gastos de natureza corrente.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Orgánica							
Seccións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo		
			Importe	%	2025	2026	
01 Parlamento	3.212	3.243	32	1,0	-	-	-
02 Consello de Contas	24	24	0	-	-	-	-
03 Consello da Cultura Galega	69	69	0	-	-	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	33.914	35.350	1.436	4,2	0,5	0,5	0,5
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	100.028	110.832	10.804	10,8	1,4	1,5	1,5
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	7.720	8.673	953	12,3	0,1	0,1	0,1
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	792.015	808.099	16.084	2,0	11,1	10,8	10,8
08 Cons. Política Social e Igualdade	753.328	862.756	109.428	14,5	10,5	11,5	11,5
09 Cons. Economía e Industria	40.050	37.543	-2.507	-6,3	0,6	0,5	0,5
10 Cons. Facenda e Administración Pública	63.412	64.197	785	1,2	0,9	0,9	0,9
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	41.170	48.756	7.586	18,4	0,6	0,6	0,6
12 Cons. Sanidade	4.727.720	4.919.955	192.235	4,1	66,1	65,5	65,5
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	34.992	33.075	-1.917	-5,5	0,5	0,4	0,4
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	345.627	350.783	5.155	1,5	4,8	4,7	4,7
15 Cons. Medio Rural	33.227	31.673	-1.555	-4,7	0,5	0,4	0,4
16 Cons. Mar	4.939	4.999	60	1,2	0,1	0,1	0,1
21 Transferencias a corporacións locais	168.057	190.314	22.258	13,2	2,3	2,5	2,5
23 Gastos de diversas Consellerías	3.533	581	-2.953	-83,6	-	-	-
Total	7.153.037	7.510.920	357.882	5,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

As transferencias correntes constitúen o capítulo co volume máis importe do orzamento da Administración Xeral, representando o 47 % dos créditos totais e alcanzando os 7.510,9 millóns de euros. Incrementáanse nun 5% respecto aos previstos no orzamento de 2025.

Segundo o destino, o sector público autonómico absorbe o 77,1% dos créditos de transferencias correntes, as corporacións locais o 6,5% e o sector privado, formado polas empresas e as familias e institucións sen ánimo de lucro, recibe o 16,4%.

O Servizo Galego de Saúde é o maior destinatario das transferencias do capítulo IV, xa que recibe a través da Consellería de Sanidade 4.913 millóns de euros.

Dentro do Servizo Galego de Saúde destacan o incremento da e a transferencia a farmacias por receitas médicas e a transferencia ao servizo de transporte do 061, para o gasto en ambulancias.

Un segundo bloque en importancia cuantitativa pode considerarse o formado polas transferencias da Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cun importe de 808 millóns de euros. O financiamento do Sistema Universitario absorben o 47,2 % do total de transferencias correntes.

Na Consellería de Consellería de Política Social e Igualdade prodúcese un incremento de 109 millóns de euros, como consecuencia principalmente do incremento no programa de atención á dependencia.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Económica						
Artigos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
40 Á Administración xeral e organismos públicos do Estado	4.193	4.577	384	9,1	0,1	0,1
43 A 00.AA., Ent. Públ. Instr. Cons. ou Ases. e Axencias Públ. Da C.A.	4.966.446	5.164.748	198.302	4,0	69,4	68,8
44 A sociedades públicas e outros entes públicos da C.A.	544.846	559.918	15.072	2,8	7,6	7,5
46 A corporacións locais	462.273	487.105	24.832	5,4	6,5	6,5
47 A empresas privadas	245.663	251.633	5.970	2,4	3,4	3,4
48 A familias e institucións sen fins de lucro	923.295	1.034.577	111.282	12,1	12,9	13,8
49 Ao exterior	6.322	8.362	2.040	32,3	0,1	0,1
Total	7.153.037	7.510.920	357.882	5,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Na sección 21, Transferencias a corporacións locais, recóllese a achega da comunidade para o financiamento das entidades locais, a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da comunidade autónoma.

No texto articulado da Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 establécese que, o indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,3200880 por cento para o exercicio de 2026.

O índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do imposto sobre o valor

engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado nese exercicio, é positivo con respecto á do ano 2011, que é a utilizada na determinación da porcentaxe de participación sinalada.

En consecuencia, no ano 2026 repartiranse dous fondos entre os concellos coas seguintes porcentaxes de participación:

- a) o 1,5489040 por cento corresponde ao fondo base;
- b) o 0,7711840 por cento corresponde a un fondo transitorio.

O crédito orzamentario inicial destinado a pagar as entregas á conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascende a cento setenta e sete millóns trescentos nove mil catrocentos cincuenta e cinco euros (177.309.455 euros), dos cales cento dezaioito millóns trescentos setenta e dous mil oitocentos seis euros (118.372.806 euros) corresponden ao fondo base e cincuenta e oito millóns novecentos trinta e seis mil seiscientos corenta e nove euros (58.936.649 euros) ao fondo transitorio.

Con anterioridade á repartición do fondo base deducirase un importe de seiscientos mil euros anuais (600.000 euros), que se destinará aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será distribuída entre todos os concellos de Galicia, cos mesmos importes percibidos no exercicio 2025.

O fondo transitorio distribuirase conforme aos criterios que se establezan na nova Lei de Administración Local de Galicia, que se atopa en tramitación.

Non obstante, creanse os seguintes subfondos:

- a) aos concellos que realicen investimentos en infraestruturas municipais que supoñan un desenvolvemento estratéxico do punto de vista económico, social ou territorial do concello: 10.000.000 euros. A distribución do dito importe realizarase en función dos criterios aprobados pola consellería competente en materia de administración local.
- b) aos concellos integrados no Plan de retirada sistemática de tartagueiros ou niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*): 1.200.000 euros;

Para o caso do suposto previsto na alínea b) a Administración autonómica poderá optar, de conformidade co acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, por asumir directamente a xestión da actuación. Neste suposto, a dotación antes expresada e precisa para o seu financiamento adscribiranse ás correspondentes aplicacións do orzamento de gastos das consellarías competentes, polo que non se precisará a súa repartición entre os concellos.

Para determinar a liquidación definitiva do ano 2024, tomarase a recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado como definitivas para ese exercicio.

No que atinxe o fondo base, a distribución desta liquidación definitiva será realizada aplicando a cada concello o coeficiente de repartición e as regras de distribución que lle corresponderon na entrega á conta do exercicio que se liquida.

No caso do fondo adicional, a diferenza entre a liquidación definitiva e o importe das entregas á conta efectuadas será distribuída entre os concellos con poboación de dereito inferior a quince mil habitantes, conforme os criterios establecidos para estes concellos no artigo 59.cinco da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Funcional						
Funcións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	4.317	4.351	34	0,8	0,1	0,1
12 Administración xeral	4.987	5.116	129	2,6	0,1	0,1
13 Xustiza	17.926	21.920	3.993	22,3	0,3	0,3
14 Administración local	5.325	5.325	0	-	0,1	0,1
15 Normalización lingüística	3.448	3.338	-110	-3,2	-	-
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.000	2.600	600	30,0	-	-
21 Protección civil e seguridade	23.341	23.805	464	2,0	0,3	0,3
31 Acción social e promoción social	793.249	902.874	109.625	13,8	11,1	12,0
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	322.117	323.607	1.490	0,5	4,5	4,3
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	6.821	9.539	2.718	39,9	0,1	0,1
41 Sanidade	4.727.720	4.919.955	192.235	4,1	66,1	65,5
42 Educación	734.545	747.085	12.540	1,7	10,3	9,9
43 Cultura	22.362	23.036	674	3,0	0,3	0,3
44 Deportes	14.532	15.476	944	6,5	0,2	0,2
45 Vivenda	20.577	26.890	6.313	30,7	0,3	0,4
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.244	1.244	0	-	-	-
51 Infraestruturas	47.617	50.961	3.344	7,0	0,7	0,7
52 Ordenación do territorio	2.030	2.039	9	0,5	-	-
53 Promoción de solo para actividades económicas	876	237	-640	-73,0	-	-
54 Actuacións ambientais	11.173	12.162	988	8,8	0,2	0,2
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	77.974	82.087	4.112	5,3	1,1	1,1
57 Sociedade da información e do coñecemento	38.825	38.258	-567	-1,5	0,5	0,5
58 Información estatística básica	4.087	4.061	-25	-0,6	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	5.032	5.057	25	0,5	0,1	0,1
62 Actividades financeiras	18.926	20.141	1.215	6,4	0,3	0,3
71 Dinamización económica do medio rural	14.413	14.113	-300	-2,1	0,2	0,2
72 Pesca	1.362	1.386	25	1,8	-	-
73 Industria, enerxía e minaría	5.724	4.086	-1.638	-28,6	0,1	0,1
74 Desenvolvemento empresarial	14.500	9.949	-4.552	-31,4	0,2	0,1
75 Comercio	7.002	10.150	3.148	45,0	0,1	0,1
76 Turismo	28.298	29.760	1.462	5,2	0,4	0,4
81 Transferencias a entidades locais	170.688	190.314	19.626	11,5	2,4	2,5
Total	7.153.037	7.510.920	357.882	5,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Orgánica						
Seccións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
23 Gastos de diversas Consellerías	5.439	5.439	0	-	100,0	100,0
Total	5.439	5.439	0	-	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Segundo o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establécese que nas seccións 50.01 e 23 do orzamento da Xunta de Galicia se recollerá un fondo para atender ás necesidades que poidan xurdir no exercicio corrente e sexan inaprazables, de carácter non discrecional e que non tiveran en todo ou en parte a axeitada dotación orzamentaria. Este fondo será dedicado unicamente a financiar, cando proceda, as modificacións establecidas.

Establécese na Disposición Transitoria Segunda da lei de orzamentos que o fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, co obxecto de garantir un mellor financiamento das liñas prioritarias de actuación para o ano 2026, fíxase en 16.839.370 euros e poderá empregarse para financiar necesidades inaprazables non previstas no orzamento inicial en calquera capítulo do orzamento consolidado.

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Económica						
Artigos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
50 Fondo de continxencia	5.439	5.439	0	-	100,0	100,0
Total	5.439	5.439	0	-	100,0	100,0

(Miles de Euros)

En Administración Xeral está establecido en 5,4 millóns de euros, que xunto co do Servizo Galego de Saúde totalizan os 16,8 millóns de euros.

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Funcional						
Funcións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
62 Actividades financeiras	5.439	5.439	0	-	100,0	100,0
Total	5.439	5.439	0	-	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO VI. INVERSIONES REALES

Con destino á realización de investimentos reais os orzamentos do ano 2026 consígnanse créditos por importe de 599,9 millóns de euros, minorándose nun 7,3 % respecto ao ano anterior.

O capítulo VI representa o 3,8% do orzamento total e o 4,3% do gasto non financeiro da Administración xeral, e constitúe unicamente unha parte do esforzo investidor da comunidade autónoma. Complétase, mediante os investimentos financiados a través das transferencias de capital da Administración xeral, co realizado polas entidades públicas instrumentais e outras entidades que forman parte do sector público autonómico. Destacan entre eles o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

CAPÍTULO VI. Inversiones reais

Distribución Orgánica						
Seccións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
01 Parlamento	1.880	1.877	-2	-0,1	0,3	0,3
02 Consello de Contas	1.071	1.122	52	4,8	0,2	0,2
03 Consello da Cultura Galega	134	140	6	4,5	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	3.936	4.696	760	19,3	0,6	0,8
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	89.798	61.963	-27.835	-31,0	13,9	10,3
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	33.463	26.303	-7.159	-21,4	5,2	4,4
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	136.331	128.177	-8.154	-6,0	21,1	21,4
08 Cons. Política Social e Igualdade	44.006	15.290	-28.716	-65,3	6,8	2,5
09 Cons. Economía e Industria	24.907	21.759	-3.148	-12,6	3,9	3,6
10 Cons. Facenda e Administración Pública	2.378	2.322	-56	-2,4	0,4	0,4
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	8.435	7.410	-1.026	-12,2	1,3	1,2
12 Cons. Sanidade	52.321	59.272	6.951	13,3	8,1	9,9
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	29.913	30.834	921	3,1	4,6	5,1
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	17.544	19.386	1.843	10,5	2,7	3,2
15 Cons. Medio Rural	126.602	146.357	19.755	15,6	19,6	24,4
16 Cons. Mar	58.633	56.637	-1.997	-3,4	9,1	9,4
20 Consello Consultivo de Galicia	100	100	0	-	-	-
23 Gastos de diversas Consellerías	15.411	16.232	821	5,3	2,4	2,7
Total	646.863	599.878	-46.985	-7,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO VI. Invetimentos reais

Distribución Económica						
Artigos	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
60 Invest. novo en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	138.213	121.053	-17.160	-12,4	21,4	20,2
61 Invest. de reposición en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral	17.329	16.120	-1.209	-7,0	2,7	2,7
62 Invest. novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	201.520	199.939	-1.581	-0,8	31,2	33,3
63 Invest. de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos	79.659	57.668	-21.992	-27,6	12,3	9,6
64 Gastos en invetimentos de carácter inmaterial	210.112	205.068	-5.044	-2,4	32,5	34,2
66 Invetimentos derivados de encomendas de xestión	30	30	0	-	-	-
Total	646.863	599.878	-46.985	-7,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

A maior parte dos créditos deste capítulo, un 55,5%, está destinado ao investimento novo, especialmente ó asociado ao funcionamento operativo dos servizos. O investimento de reposición absorbe un 12,3% destes créditos.

A invetimentos de carácter inmaterial corresponde o 34,2 %. Con cargo a ese artigo, "Inmovilizado inmaterial", realízanse invetimentos como:

- Promoción e difusión do turismo con 35,4 millóns de euros.
- Fomento da sociedade da información e do coñecemento por 29 millóns de euros.
- Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica por 21 millóns de euros.
- Regulación das producións e dos mercados da pesca por 16,4 millóns de euros.
- Investigación sanitaria con 15 millóns de euros.
- Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas por 14,5 millóns de euros.

CAPÍTULO VI. Investimentos reais

Distribución Funcional

Funcións			Variación 2026/2025		Valor Relativo	
	2025	2026	Importe	%	2025	2026
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	3.211	3.591	380	11,8	0,5	0,6
12 Administración xeral	17.977	15.254	-2.722	-15,1	2,8	2,5
13 Xustiza	16.879	14.681	-2.198	-13,0	2,6	2,4
14 Administración local	162	162	0	-	-	-
15 Normalización lingüística	5.386	6.384	998	18,5	0,8	1,1
21 Protección civil e seguridade	417	411	-6	-1,3	0,1	0,1
31 Acción social e promoción social	46.280	18.357	-27.923	-60,3	7,2	3,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	16.053	17.873	1.820	11,3	2,5	3,0
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	77	77	0	-	-	-
41 Sanidade	52.321	59.272	6.951	13,3	8,1	9,9
42 Educación	137.224	129.706	-7.518	-5,5	21,2	21,6
43 Cultura	22.859	21.988	-871	-3,8	3,5	3,7
44 Deportes	8.608	9.557	950	11,0	1,3	1,6
46 Outros servizos comunitarios e sociais	3.926	4.686	760	19,4	0,6	0,8
51 Infraestruturas	46.538	22.527	-24.012	-51,6	7,2	3,8
52 Ordenación do territorio	7.767	6.708	-1.059	-13,6	1,2	1,1
53 Promoción de solo para actividades económicas	0	285	285	-	-	-
54 Actuacións ambientais	51.363	44.203	-7.159	-13,9	7,9	7,4
55 Actuacións e valorización do medio rural	72.326	92.937	20.611	28,5	11,2	15,5
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	16.416	12.177	-4.239	-25,8	2,5	2,0
61 Actuacións económicas xerais	1.593	1.535	-58	-3,6	0,2	0,3
62 Actividades financeiras	16.107	16.609	502	3,1	2,5	2,8
71 Dinamización económica do medio rural	54.276	53.420	-856	-1,6	8,4	8,9
72 Pesca	38.366	35.849	-2.517	-6,6	5,9	6,0
73 Industria, enerxía e minaría	9.615	10.477	862	9,0	1,5	1,7
75 Comercio	1.117	1.152	35	3,1	0,2	0,2
Total	646.863	599.878	-46.985	-7,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

En orde á súa importancia económica, entre os investimentos que se acometerán polos distintos departamentos da Administración Xeral poden ser destacados os que se indican a continuación:

Presidencia da Xunta	
ACTUACIÓNS DE INFRAESTRUTURA PARA SERVIZOS DE TV E RADIODIFUSIÓN	2.930.858,00
ACTUACIÓNS DE APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	1.535.600,00
ACTUACIÓNS EN MATERIA DE TELEVISIÓN E RADIODIFUSIÓN	210.000,00
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	
NOVA SEDE IMELGA	4.650.000,00
ESTADIO ANXO CARRO EN LUGO	2.747.345,00
CONVENIO OBRAS DEPUTACIÓN DE OURENSE PARQUE ACUÁTICO	2.100.683,00
EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE OURENSE	2.000.000,00
ACTUACIÓNS DE MELLORA E CONSERVACIÓN DE PARADAS E ESTACIÓNS DE AUTOBUSES	823.500,00
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático	
ACTUACIÓNS NO EIDO AMBIENTAL	6.140.485,00
MANTEMENTO REDES AMBIENTAIS	4.238.897,00
PLAN DE CONSERVACION, RESILIENCIA E POSTA EN VALOR DOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA	3.244.463,00
MEDIDAS PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DA FAUNA SILVESTRE	1.200.258,00
ECOEFICIENCIA DOS RESIDUOS	698.138,00

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	
OBRAS REHABILITACIÓNN INTEGRAL CENTROS EDUCATIVOS	24.282.897,00
MELLORA FUNCIONAL, INTEGRACIÓN E SINALÉCTICA NOS CENTROS PÚBLICOS DE ENSINANZA	14.155.997,00
NOVO IES EN VIGO	10.953.248,00
NOVO CEIP DE MILLADOIRO	7.828.173,00
REPARACIÓNS, AMPLIACIÓNS E MELLORAS EN INFANTIL E PRIMARIA	3.000.000,00
AMPLIACIÓN IES AQUIS CELENIS (CALDAS DE REIS)	1.559.584,00
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS	1.384.942,00
FONDOS BIBLIOTECAS ESCOLARES	975.000,00
Consellería de Política Social e Igualdade	
REMODELACIÓN REDE DE CENTROS DE COIDADOS DE LONGA DURACIÓN	6.987.953,00
EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS	6.282.841,00
ACTUACIÓN DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA	900.000,00
PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	500.000,00
Consellería de Economía e Industria	
INICIATIVA ESTRATEXICA AEROESPACIO SEGURIDADE E DEFENSA	10.848.502,00
INVESTIMENTOS DA SECRETARIA XERAL TECNICA PARA O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVICIOS	2.750.085,00
LIÑA FID_CPI_SMARTMIN TECH	1.673.605,00
ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ENERXÍA	1.262.310,00
ESTRATEXIA DE POLÍTICA INDUSTRIAL DE GALICIA: PLAN IMPULSO E ACELERACIÓN	700.000,00
En 2026, a Xerencia do SERGAS, continuará coas funcións centrais de coordinación e seguimento das direccións xerais e das xerencias das áreas sanitarias, garantindo a aplicación efectiva e homoxénea dos programas asistenciais en colaboración coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Estes labores inclúen a harmonización dos proxectos e directrices asistenciais a nivel central e periférico, promovendo un modelo asistencial integrado. Ao mesmo tempo, asegura a coherencia das plataformas tecnolóxicas coa Subdirección de Tecnoloxías da Información. Esta coordinación leva consigo a elaboración dos acordos anuais de xestión coas áreas sanitarias e os procedementos homoxéneos que garantan a aplicación equilibrada dos programas asistenciais en todo o sistema sanitario galego.

Afondarase na colaboración coas universidades galegas mediante o seguimento dos convenios existentes e a sinatura de novos concertos, co obxectivo de impulsar a carreira investigadora e docente dos profesionais sanitarios e reforzar a vinculación entre o SERGAS e o ámbito universitario.

No ámbito da Humanización da Asistencia Sanitaria continuarase traballando con profesionais, pacientes e as súas asociacións na mellora do sistema sanitario público. E continuarase co labor de coordinación e participación nos grupo de traballo de Violencia de Xénero e Saúde en no grupo de Violencia contra a Infancia e a Adolescencia.

A través da Escola de Saúde para a Cidadanía buscarase manter e mellorar o nivel de alfabetizacións da poboación e dos pacientes para responder ás súas necesidades de saúde.

A atención á cidadanía, ademais do trato directo e persoal, realízase a través dos sistemas e estruturas de comunicación establecidos. Dentro destes destacan os Consellos Asesores de Pacientes.

Nesta liña, o vindeiro ano impulsarase a Estratexia de Atención á Cidadanía que recollerá toda a actividade neste ámbito.

Nos últimos anos, o SERGAS vén implementando de maneira decidida a Estratexia de Economía Circular aprobada polo Goberno galego, co obxectivo de acadar un sistema sanitario público máis sostible e respectuoso co medio ambiente. Froito deste esforzo, en 2024 o noso sistema sanitario foi recoñecido como campión climático europeo e un dos sete a nivel mundial, un galardón que sitúa Galicia como referente internacional en sustentabilidade sanitaria. Este recoñecemento pon de manifesto que a transición cara a modelos máis verdes non só é posible, senón que resulta esencial para garantir a viabilidade a longo prazo dun sistema sanitario público, eficiente, responsable co medio ambiente e centrado no benestar das persoas.

O Servizo Galego de Saúde afronta o exercicio 2026 cun firme compromiso coa sustentabilidade e coa responsabilidade ambiental, entendendo que a saúde da cidadanía está estreitamente ligada á saúde do planeta.

Neste sentido, o SERGAS vén de acadar recentemente a certificación a través do protocolo GHG (Greenhouse Gas Protocol), un fito que avala a transparencia e rigor na medición e xestión das emisións de gases de efecto invernadoiro. Este recoñecemento constitúe non só un punto de chegada, senón sobre todo un punto de partida que reforza a determinación de seguir avanzando no camiño da descarbonización do sistema sanitario.

No novo exercicio, seguirase a traballar en proxectos orientados á redución progresiva da pegada de carbono, á eficiencia enerxética, e á xestión sostible dos recursos. Estes reforzos enmárcanse na Estratexia de Saúde 2030 de Galicia e nas directrices europeas de neutralidade climática, que inspiran o labor diario do Servizo Galego de Saúde e guían a transformacións do sistema sanitario cara a un modelo neutro en carbono para o 2040.

A sustentabilidade será, polo tanto, un eixe transversal nas políticas de xestión, na planificación de infraestruturas e na adquisición de bens e servizos do Servizo Galego de Saúde. Con iso procúranse, non só dar cumprimento aos compromisos internacionais de loita contra o cambio climático, senón tamén xerar un impacto positivo na saúde presente e futura dos galegos.

O SERGAS reafirma así a súa vocación de liderado e de exemplo no sector público, coa convicción de que a saúde e a sustentabilidade son obxectivos inseparables e que só mediante un esforzo conxunto e continuado se acadará un sistema sanitario máis resiliente, eficiente e aliñado cos retos globais do noso tempo.

No ámbito asistencial, a consolidación do traballo realizado nos últimos anos e o avance cara aos obxectivos marcados na Estratexia Galega de Saúde 2030 guiarán a execución do orzamento.

A distribución dos recursos responde ás necesidades asistenciais dunha poboación cada vez máis envellecida e pluripatolóxica que necesita accións preventivas da aparición ou da evolución dos seus problemas de saúde; modelos personalizados de atención directa integrada e orientados a resultados en saúde que faciliten a comunicación do paciente co sistema e eviten perco-

ridos asistenciais redundantes e ineficientes; así como unha incorporación áxil, segura e efectiva das técnicas de diagnóstico ou tratamento con eficacia clínica contrastada.

O envellecemento e a cronicidade que caracteriza á poboación galega sitúan o noso sistema sanitario ante retos como a xestión da polifarmacia ou a dispensación de terapias hospitalarias que requiren frecuentes desprazamentos para garantir o acceso ás mesmas, polo que en 2026 se poñerán en marcha melloras no sistema de receita electrónica/historia clínica que axuden a mellorar o proceso de atención e o acceso á medicación crónica, así como un programa de achegamento e entrega informada de medicamentos na contorna domiciliaria de pacientes con determinadas características, que estará dotado dos recursos necesarios para o adecuado desenvolvemento nos catro anos de implantación que se ten previsto segundo a regulación establecida e que garantirá en todo momento a atención farmacéutica necesaria e a integración do farmacéutico en todas as fases do proceso asistencial do paciente.

Así, a actividade dos servizos de atención primaria estará guiada cada vez máis polos Plans Locais de Saúde, cuxa implantación se está a estender polas distintas áreas sanitarias buscando consolidar modelos de funcionamento en equipo e multidisciplinares centrados en resolver as necesidades do paciente e en promover actividades de promoción da saúde, en liña coa Estratexia Galega de Saúde Comunitaria. Impúlsanse uns centros de saúde capaces de saír á rúa e de ter un papel central na vida social da súa contorna, ao tempo que adquiren maior autonomía para fixar uns obxectivos adaptados á súa realidade local e para organizar os seus recursos na procura de resultados en saúde na súa poboación asignada. A estes efectos, a integración dos farmacéuticos como axentes de saúde, xunto coa regulación das unidades de farmacias de atención primaria e os depósitos de medicamentos nos centros de saúde, garantirán unha atención farmacéutica eficiente e de calidade nos vindeiros anos a través dun traballo colaborativo e coordinado entre os diferentes niveis asistenciais.

Estes recursos potenciarán o incremento da capacidade resolutiva deste nivel asistencial, dada a aposta da Xunta por utilizar os fondos de mellora de infraestrutura e equipamento en atención primaria de xeito prioritario, no aumento da capacidade diagnóstica deste nivel asistencial, coa instalación de novos equipos diagnósticos que chegarán aos centros no ano 2026. Con isto poténciase a atención primaria para aumentar a súa capacidade de xestión e para facer deste nivel asistencial o centro real do sistema.

Para acadar unha completa integración asistencial entre atención primaria e a atención hospitalaria, faise preciso regular os fluxos asistenciais por priorización de procesos clínicos de forma consensuada entre os profesionais de ambos os ámbitos. Nesta liña estase a desenvolver un Programa de Integración Asistencial que define os criterios para mellorar a xestión dos fluxos de pacientes que requiren atención nas estruturas hospitalarias. Estableceranse vías específicas de priorización clínica con protocolos de derivación consensuados entre os profesionais de atención primaria e de atención hospitalaria, para optimizar o uso dos recursos e promover unha atención máis eficiente, coordinada e centrada nas necesidades reais dos pacientes. Tamén se establece-

rán as canles de comunicación inversa, é dicir, entre a atención hospitalaria e atención primaria, favorecendo os procesos de continuidade asistencial

Ademais seguirase coa implantación da ampliación da carteira de servizos na asistencia á saúde bucodental en atención primaria. Crearanse as Unidades Funcionais Multidisciplinares nos hospitais de terceiro nivel para atender as persoas con necesidades especiais que polas súas características non poden ser atendidas nas Unidades de Saúde Bucodental de Atención Primaria, fomentando así o traballo en equipo, multidisciplinar e integrado. Estanse a desenvolver os plans, a compra de material e a adaptación dos recursos para ofrecer estas novas prestacións orientadas a infancia; ás embarazadas; ás persoas con discapacidade $\geq 33\%$ física (limitante da mobilidade dos membros superiores) ou intelectual que impidan o correcto autocoidado para manter unha adecuada saúde bucodental; ás persoas con procesos oncolóxicos do territorio cervicofacial; e ás persoas con alteracións condutuais graves.

O fomento dos programas dirixidos á muller é unha das liñas de actuación prioritarias recollidas na Estratexia Galega de Saúde 2030, que reconece a necesidade de mellorar a abordaxe da saúde da muller a través de propostas e recomendacións de atención integral, incorporando a perspectiva de xénero como unha importante panca de cambio. O Servizo Galego de Saúde continuará reforzando a atención á saúde da muller co desenvolvemento de medidas para visibilizar as necesidades específicas e a morbilidade diferencial e para sensibilizar aos profesionais da saúde sobre a necesidade da atención á muller con perspectiva de xénero.

Por outra banda, a atención hospitalaria ten ante si o reto de ofrecer unha asistencia sanitaria cada vez máis completa, complexa e baseada en priorizacións por gravidade e na medición de resultados en saúde. A priorización clínica e a avaliación de resultados en saúde son os principais principios na xestión asistencial para o ano 2026. Dispor dun catálogo completo actualizado de prioridades I por servizo cirúrxico, ter como principal reto atender máis (polo incremento da súa prevalencia e demanda) e mellor (con menores esperas) aquelas patoloxías que son máis graves: aquelas que teñen unha maior prioridade por tratarse de enfermidades que na súa evolución posterior orixinan un risco de morte ou de discapacidade, ou porque diminúen a calidade de vida.

Ao tempo, o Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo manterse como unha das comunidades autónomas con mellor tempo medio de espera cirúrxica e espera media dentro do Sistema Nacional de Saúde, sempre de acordo ao sistema de priorización existente e ao previsto no Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, que abrangue xa 115 patoloxías. O acceso a consultas externas e a probas diagnóstica require dunha monitorización continua. Lograr que sexan máis resolutivas, efectivas e con máis accesibilidade, será o reto mellorar estes tempos de resposta no ano 2026.

De xeito global, ambos os niveis asistenciais, primaria e hospitalaria, deben afondar, xunto cos profesionais, nun modelo real de integración naquelas patoloxías crónicas máis prevalentes,

con elementos como o establecemento de novos fluxos asistenciais regulados por priorización clínica e consensuados entre os facultativos; ou a renovación dos distintos órganos colexiados de asesoramento e calidade das áreas sanitarias para que aseguren esta visión integradora dos distintos niveis asistenciais.

Do mesmo xeito, a estrutura de atención sanitaria galega debe abordar de xeito integral a coordinación sociosanitaria coa posta en marcha dos primeiros centros de coidados intermedios e seguir a reforzar o programa de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias co obxectivo de garantir unha farmacoterapia de calidade, segura e eficiente, adaptada ás características particulares deste ámbito asistencial, mediante un seguimento farmacoterapéutico individualizado.

É tamén un reto conxunto de ambos os niveis asistenciais o esforzo formativo, que se materializará en 2026 cunha promoción récord de formación sanitaria especializada, especialmente en especialidades deficitarias como a medicina de familia, e coa vixencia dun novo decreto regulador desta formación en Galicia que desenvolve as figuras dos titores e resto de colaboradores docentes, así como os incentivos derivados desta colaboración co sistema formativo. No relativo á formación universitaria, os reforzados acordos co sistema universitario galego están a fomentar unha participación cada vez maior de profesionais da atención primaria na docencia dos graos universitarios en ciencias da saúde.

O desenvolvemento da Estratexia de xestión do cancro de Galicia nos eidos da prevención, da mellora asistencial dos pacientes e da aposta polo futuro e innovación require un potente exercicio de integración asistencial, así como un reforzo das capacidades investigadoras e innovadoras da comunidade. A estes efectos, traballarase en plans asistenciais do cancro que permitan unha implantación efectiva desta estratexia nun marco de rede de atención oncolóxica.

Por outra banda, en 2026 iníciase o proxecto relativo ás terapias avanzadas en ensaio clínico por parte do Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia e co desenvolvemento da Unidade cooperativa de investigación na que participan as tres universidades galegas, acollida polo mesmo. Isto forma parte dun plan de acceso a medicamentos de terapia avanzada, industriais e académicos, que busca garantir un acceso equitativo e unha utilización homoxénea, segura e eficiente destas terapias aos usuarios del Servizo Galego de Saúde, e que ten previsto a creación dunha Comisión Autónoma de Medicamentos que contará cunha estrutura encargada da súa coordinación (COMETA) e con Comités Clínicos Asesores para aqueles medicamentos e/ou patoloxías subsidiarias de ser tratadas con terapia avanzada que polas súas características, impacto sanitario, clínico ou económico, requiran a participación dun grupo multidisciplinar de profesionais altamente cualificados.

No eido da Estratexia de oncoloxía de precisión de Galicia, tras a constitución do Comité Molecular de Tumores de Galicia, continuarase avanzando cunha implantación eficiente das novas tecnoloxías de secuenciación avanzada, centrándose en tres nodos que darán soporte ás accións previstas para todo os centros sanitarios e con programas comúns como o protocolo asistencial PRECISGAL-REAL ou o ensaio clínico PRECISGAL-trial. Estas accións ordenadas e

integrals suporán unha vantaxe ao incluír aos 2,7 millóns de habitantes dentro dos programas comúns de diagnóstico molecular avanzado, situando Galicia como un polo estratéxico que atraerá os promotores dos ensaios clínicos e empresas de biotecnoloxía que traballen no campo da oncoloxía de precisión.

Como parte da resposta do Servizo Galego de Saúde ás novas necesidades sanitarias e da sociedade, o Plan Galego de Reprodución Humana Asistida puxo ao dispor da cidadanía galega a carteira de prestacións de reprodución humana asistida máis ampla do Estado. Constitúe un sólido compromiso coa mellora continua e a excelencia na prestación de servizos de reprodución asistida no Servizo Galego da Saúde, así como unha contribución desde o eido da sanidade pública ás medidas de incremento da natalidade na comunidade. Seguiranse a desenvolver as accións recollidas nas cinco liñas de actuación descritas no dito plan, enfanzando a difusión e a comunicación necesaria para que a cidadanía galega poida tomar decisións máis responsables respecto ao seu benestar, xa que a educación sanitaria é unha estratexia clave para optimizar os recursos, mellorar a calidade de vida e construír un sistema de saúde máis xusto e eficiente para todos.

Outro paso adiante darase co desenvolvemento da Estratexia Galega en Enfermidades Raras 2025-2030: a robotización dos servizos de rehabilitación para prestar a mellor atención de recuperación funcional a aqueles pacientes que sofren enfermidades raras ou neurodexenerativas, a prestación e servizo de rehabilitación domiciliaria para determinados pacientes (criterios clínicos e sociais), así como para potenciar o traballo en rede co resto de centros do Sistema Nacional de Saúde, mellorar a accesibilidade ao seu diagnóstico e asesoramento xenético. Implementaranse, ademais, novas funcionalidades do Rexistro Galego de Enfermidades Raras Galicia, RERGA.

Outras liñas de acción serán o novo Plan de coidados paliativos para os anos 2027-2030, así como o reforzo da calidade prestada no domicilio do paciente polas unidades de Hospitalización a Domicilio de todas as áreas sanitarias.

Para dar continuidade aos obxectivos acadados no actual Plan de Saúde Mental de Galicia 2020-2024, estase a traballar na elaboración do novo Plan de Saúde Mental, no que vai cobrar especial relevancia o establecemento de indicadores enfocados a medir os resultados das intervencións na saúde mental das persoas, é dicir, o impacto real que ten a atención á saúde mental na vida da cidadanía.

Nese marco, prevese o desenvolvemento do proxecto Saúde Mental en Atención Primaria, co que se dotarán os centros de Atención Primaria con profesionais da Psicoloxía Clínica, mellorando a atención á saúde mental neste nivel asistencial.

Ao tempo, o Servizo Galego de Saúde acentuará o traballo na prevención da conduta suicida no contexto do Plan de Prevención do suicidio, con proxectos como o modelo YAM de intervención na poboación moza, en colaboración coa Consellería de Educación, e o desenvolvemento do Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo. Adicionalmente están previstas actividades vinculadas á prevención do suicidio nos

campamentos de verán impulsados pola Consellería de Cultura Lingua e Xuventude. Tamén se desenvolverán diferentes accións no marco do Plan de Acción de Saúde Mental e Prevención do Suicidio do Ministerio de Sanidade, entre os que destacan diferentes accións destinadas á mellora da humanización dos servizos, e a posta en marcha dunha campaña de concienciación cidadá sobre a prevención do suicidio. Así mesmo, promoveranse accións coas universidades galegas para fomentar a mellora da saúde mental do estudiantado.

Actuarase, ademais, na integración e inserción social das persoas con trastorno mental severo, con programas innovadores no eido da empregabilidade que se están a desenvolver en colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración.

A Consellería de Sanidade seguirá a apostar pola promoción da saúde mental, entendendo que é algo máis ca ausencia de trastornos mentais. É un estado de benestar que abarca distintas esferas na vida dos individuos. Por iso, se aposta por: continuidade asistencial e equidade no acceso aos dispositivos de saúde mental, atención comunitaria, implicación do paciente na toma de decisións situándoo no centro do seu proceso asistencial, sen esquecer o impacto que o padecemento dun trastorno mental ten nas súas familias e achegados, garantía e fomento dos dereitos das persoas con trastorno mental e enfoque de xénero para adaptar as actuacións ás necesidades. Por todo isto, é prioritario levar a cabo unha distribución de recursos equitativa, garantindo a súa extensión a toda a poboación.

Neste sentido, o ano 2026 será o da integración efectiva no Servizo Galego de Saúde das unidades municipais de atención ás drogodependencias, un obxectivo no que a Consellería de Sanidade vén traballando con intensidade nos últimos meses, no marco da Comisión Mixta constituída pola Xunta e a FEGAMP para o traspaso destes dispositivos municipais. Trátase, como fin último, de ofrecer unha atención máis integral e máis coordinada ás persoas que sofren esta problemática.

En 2026 seguirase a traballar na mellora da calidade da atención sanitaria a través de iniciativas como o Programa Galego de Atención ao Infarto de Miocardio (Progaliám) ou o Plan Ictus, que continuarán o seu desenvolvemento, integrando melloras asistenciais e tecnolóxicas. Farase un desenvolvemento estratéxico conxunto e corporativo de todos os aspectos, que pasa por normalizar a información dos seus rexistros oficiais e medir resultados en saúde dos pacientes que se beneficiaron destes programas para cuantificar a súa efectividade. Seguindo o traballo nesta liña, xa se ampliaron estes programas a outras patoloxías como son o shock cardioxénico, en outubro de 2024, ou a atención ao Paciente Politraumatizado (que inclúe o paciente pediátrico), en xuño de 2025. No ano 2026 é preciso a súa monitorización e seguimento de resultados en saúde. Así mesmo o paciente pediátrico debe ser tamén obxecto de programas específicos. A tal fin, en 2026 desenvolverase o Programa asistencial galego de transporte en ECMO neonatal e pediátrico no Servizo Galego de Saúde.

Co obxectivo de acadar a excelencia en todos os procesos asistenciais, darase continuidade ao proxecto de resultados en saúde, consolidándose a oficina técnica orientada a deseñar e desenvolver a Estratexia Galega de Resultados en Saúde.

Promoverase, ademais, a implantación dun proxecto de teledermatoloxía que mellorará diagnósticos e axilizará derivacións, reducirá a carga administrativa nos servizos de dermatoloxía, liberando tempo para a atención directa ao paciente. Tamén fortalecerá a Atención Primaria mediante formación específica e dotación de ferramentas, e impulsará a innovación dixital.

En relación coas patoloxías respiratorias, no marco do Plan Inspira Saúde, un dos principais obxectivos do Servizo Galego de Saúde será a posta en marcha dunha rede de apoio á cesación tabáquica apoiada na plataforma de teleasistencia Telea.

O desenvolvemento desta plataforma seguirá beneficiando a pacientes doutras patoloxías, ben coa progresiva integración dos seus dispositivos sanitarios electrónicos na plataforma (caso de cardioimplantables, bombas de insulina, etc...), ben coa extensión de novos perfís de seguimento que faciliten a comunicación entre paciente e profesional e melloren a calidade asistencial.

Do mesmo xeito, os orzamentos do Servizo Galego de Saúde para 2026 consolidarán incrementos de prestacións sanitarias acometidos nos últimos anos, como as sucesivas ampliacións do catálogos de material ortoprotésico que se fixan normativamente cunha nova orde reguladora; ou a cobertura de gastos de desprazamento e manutención a familias de afectados por enfermidades raras que sexan tratados fóra de Galicia.

Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde avanza na súa aposta pola innovación terapéutica a través dun plan de contratación centralizada de medicamentos de uso por parte da farmacia hospitalaria para garantir a eficiencia e equidade na utilización dos recursos e a sostibilidade precisa para poder incorporar estas innovacións no sistema.

Firme tamén é o compromiso do Servizo Galego de Saúde para mellorar a accesibilidade ás terapias farmacolóxicas neste ámbito, a través dun enfoque transversal e multidisciplinar no proceso de atención, un diagnóstico precoz, sempre contando coa participación do paciente como factores fundamentais para ter un modelo de acceso a medicamento de éxito. Así porase en marcha un programa de acercamento de medicamentos e da atención farmacéutica correspondente ao domicilio do paciente, e homoxenizarse o acceso aos medicamentos elaborados como fórmulas maxistrais. Así mesmo forma parte deste plan a avaliación dos resultados en saúde na práctica clínica real de tratamentos para EERR, como as terapias avanzadas, con especial atención ás dimensións vinculadas á calidade de vida relacionada coa saúde, e facilitar a participación dos pacientes en ensaios clínicos.

No referente aos investimentos, ademais dos equipos cos que se continuará a dotar os centros de atención primaria para reforzar a súa capacidade resolutive, os Orzamentos de 2026 reflicten a previsión de seguir investindo en equipamento de alta tecnoloxía nos centros hos-

pitalarios galegos. Dese xeito continuará medrando a calidade, eficiencia e eficacia da asistencia prestada aos pacientes.

Logo de avanzar durante o ano 2025 na contratación do equipamento electromédico, alta tecnoloxía e mobiliario clínico para o Novo Hospital Montecelo, continuarase no exercicio 2026 coa adquisición do resto de equipos e mobiliario que se requiren para completar a dotación do hospital.

Nesta mesma liña, está previsto tamén levar a cabo a tramitación dos expedientes de contratación necesarios para a dotación de mobiliario e equipamento electromédico dos servizos correspondentes á fase I do Plan Director do Hospital Arquitecto Marcide da Área sanitaria de Ferrol.

No que se refire ao Centro de Protonterapia de Galicia, o orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2026 prevé o investimento necesario para proceder á adquisición do sistema de planificación de imaxe (para a planificación e seguimento do tratamento aplicado aos pacientes), así como do equipamento electromédico e mobiliario clínico para completar as consultas de oncoloxía asentadas no mesmo edificio.

En canto ao equipamento hospitalario, tamén durante o ano 2026 se procederá á adquisición do que resulte necesario en servizos ou unidades específicas que precisen de reforzo ou renovación. Como exemplo, pode citarse a adquisición de equipamento para a Unidade de Lesionados Medulares do CHUAC, consignándose o crédito necesario para a adquisición de exoesqueletos ou sistemas de rehabilitación.

Seguirase coa dotación das Unidades de Reprodución Humana Asistida, no marco do Plan Galego 2024-2028.

Dentro das actuacións de renovación da alta tecnoloxía hospitalaria cómpre destacar a previsión de adquisición no ano 2026 dun acelerador para a Área Sanitaria de Lugo e dunha resonancia na Área Sanitaria de Coruña, así como o equipamento para a realización de biopsia de próstata con fusión nas áreas da Coruña e de Vigo.

Logo do plan que se está a desenvolver no ano 2025 para a renovación dos ecógrafos dos hospitais comarcais, no vindeiro exercicio 2026 continuarase co reforzo dos equipos dos ditos hospitais, consignando o crédito necesario para renovación dos seus mamógrafos.

No que se refire aos investimentos nas obras para a mellora e renovación das infraestruturas sanitarias, traballarase nos vindeiros anos coa planificación marcada para acadar o obxectivo de mellorar ao longo desta lexislatura os 14 hospitais da rede pública galega.

Despois de poñer en servizo nestes últimos anos importantes ampliacións e reformas en hospitais como os de Lugo, Vigo, A Mariña, Verín, O Barco de Valdeorras, O Salnés, Barbanza ou Monforte de Lemos, en 2026 tamén se porá en servizo o Novo Montecelo, actuación que

permitirá dotar a capital pontevedresa dunha nova infraestrutura moderna e funcional, coa reordenación de unidades sanitarias. Co importante investimento destinado a este hospital, tanto na obra como no seu equipamento, acadarase unha maior eficacia asistencial ao tempo que se mellorarán os espazos e medios de traballo dos profesionais sanitarios. No ano 2026 está previsto tamén levar a cabo a licitación das obras do aparcadoiro e da nova cafetería do hospital pontevedrés.

Continuarase coa execución de grandes proxectos de mellora de infraestruturas hospitalarias, actualmente en marcha, como é a do Novo CHUAC coruñés, no cal se atopan en execución as primeiras actuacións xa licitadas. Así, por exemplo, estase a levar a cabo a demolición do hotel de doentes e estase a avanzar na obra da torre polivalente, así como nas obras dos accesos.

Seguirase avanzando nas obras do Complexo Hospitalario de Ferrol, tras a adxudicación en 2025 do contrato de servizo de redacción do anteproxecto e dos proxectos básicos e de execución e dirección das obras das fases previa e final do Plan Director.

Tamén seguirán os traballos de ampliación dos Complexos Hospitalarios de Ourense e de Santiago de Compostela. Respecto a este último, en xuño de 2025 foi licitado e atópase en tramitación o expediente de contratación para a ordenación da súa contorna.

Prevense en 2026 iniciar novas fases de actuación nos hospitais comarcais. Neste sentido, prevese o avance na execución dos Plans directores dos hospitais da Mariña e de Monforte de Lemos, e o desenvolvemento das melloras previstas no Hospital do Barbanza, priorizando o proxecto do Hospital de Día Oncohematolóxico. Así mesmo, coa finalidade de mellorar a seguridade, eficiencia e calidade na administración de medicamentos a pacientes ingresados nestes hospitais, dotarase dos equipos necesarios para implantar un procedemento de dispensación automatizada de medicamentos.

O Servizo Galego de Saúde seguirá adecuando os espazos de atención hospitalaria ás necesidades da cidadanía. Como exemplo podemos citar os procesos xa iniciados de humanización das zonas de espera das áreas de oncoloxía, coa finalidade de que estas zonas sexan o máis personalizadas e confortables posible para os pacientes, ou a mellora das áreas dos servizos de reprodución humana asistida nos hospitais de Santiago, A Coruña e Meixoeiro, en Vigo.

O 2026 será o ano no que se rematen as obras e o equipamento do Centro de Protonte-rapia de Galicia, atendendo ao obxectivo de tratar nese ano ao primeiro paciente.

No que se refire ao Nivel Asistencial de Atención Primaria, continuarase co desenvolvemento do Plan de Infraestruturas aprobado polo Consello da Xunta de Galicia no que se vén traballando nos últimos anos, licitando os proxectos e as obras de novos centros de saúde a medida en que a Xunta de Galicia obteña dos concellos afectados as parcelas necesarias e os permisos urbanísticos preceptivos.

Unha vez rematadas as obras dos Centros Integrals de Saúde (CIS) de Lugo e de Lalín, o vindeiro ano porase en servizo o Olimpia Valencia de Vigo e avanzaresh noutros proxectos como os dos Centros Integrals de Saúde de Carballo ou de Ourense.

Tamén se porán en servizo os novos centros de saúde de Moaña e de Abegondo e rematarase a execución da obra de reforma integral e ampliación do centro de saúde e unidade de saúde mental de Conxo, en Santiago de Compostela.

Continuaranse as obras actualmente en execución, como é o caso dos novos centros de saúde de Vilagarcía de Arousa, A Rúa ou A Milagrosa, en Lugo, que comezaron en 2025. Con estas novas infraestruturas sanitarias acadarase non só unha mellora da calidade asistencial senón que tamén permitirán obter unha maior funcionalidade e maior comodidade para os seus usuarios.

Logo da súa licitación e adxudicación ao longo do ano 2025, no vindeiro ano avanzaresh nas obras dos centros de saúde de Boborás, Muíños ou Antas de Ulla.

Ademais, no Orzamento do ano 2026 consígnanse os investimentos precisos para a licitación das obras dos centros de saúde de Meis, Noia, Baltar (Sanxenxo) e Becerreá, actualmente en fase de proxecto.

O Servizo Galego de Saúde prevé tamén licitar en 2026 a redacción dos proxectos dos novos centros de saúde de Pontearreas, Mos, Soutomaior, Porto do Son e Teo, entre outros.

Ademais seguirase a traballar neste ámbito -da man dos concellos- para a formalización das cesións polas entidades locais dos terreos que permitan continuar avanzando nas distintas fases do Plan de Infraestruturas de Atención Primaria. Consígnase unha partida nos orzamentos do ano 2026 que permita licitar a redacción dos proxectos no caso de que durante o exercicio se materialice polos concellos a cesión das parcelas ao Servizo Galego de Saúde (por exemplo, O Carballiño, Ribadeo, Outeiro de Rei, Malpica de Bergantiños, Fisterra, O Rosal, Caldas de Reis, Montederramo ou os centros de saúde do barrio de San Xoán en Ferrol, e O Sagrado Corazón, en Lugo, entre outros).

No ano 2025 asinou se o convenio de colaboración co Concello da Coruña para a reforma do mercado de Santa Lucía. Segundo o establecido no dito convenio, o Servizo Galego de Saúde financia o 54,12 % da obra, no referido á construción do centro de saúde, prevendo o inicio das obras a finais deste ano 2025 e consignándose o importe correspondente para esta actuación no exercicio 2026.

Non só se traballará na construción de novos centros, senón que o Servizo Galego de Saúde continuará a levar a cabo no vindeiro ano obras de reforma en centros de atención primaria de titularidade autonómica e seguirá colaborando coas administracións locais nas reformas necesarias de centros de titularidade municipal.

No referido ao material sanitario, o Servizo Galego de Saúde continuará coa política estratéxica de centralización de contratos iniciada nos últimos anos e que neste último exercicio posibilitou as compras centralizadas de equipos de protección individual, balóns de dilatación coronaria ou dispositivos de asistencia ventricular, implantes xenitourinarios, implantes de mama e material de cirurxía cardíaca, xerando aforros de custos e garantindo unha homoxeneidade e estándares de calidade dos produtos en todo o sistema público sanitario galego.

No ano 2026, continuarase impulsando a política de centralización da contratación de material sanitario e non sanitario desbotable, coa finalidade de optimizar recursos, mellorar a eficiencia e garantir a calidade asistencial en todo o sistema sanitario galego.

No marco do novo plan de compras prevese licitar a primeira contratación centralizada de novas familias de artigos, entre os que se inclúen: material de electrofisioloxía, implantes de neurocirurxía, catéteres centrais, material de osteosíntese, deterxentes e produtos esterilizantes, entre outros. Esta iniciativa permitirá un control máis uniforme dos produtos, asegurar a súa dispoñibilidade e conseguir mellores condicións económicas mediante a negociación centralizada.

A liña de traballo iniciada en 2025 consistente na homoxeneización dos artigos non incluídos nos expedientes de compra centralizada, co obxectivos de reducir a variabilidade clínica, promover a eficiencia na xestión dos almacéns e conseguir os prezos máis competitivos grazas ás economías de escala, manterase tamén no vindeiro exercicio.

Paralelamente, darase continuidade á integración de sistemas tecnolóxicos e ao fortalecemento da loxística integral, ferramentas clave para mellorar a trazabilidade dos produtos e para minimizar a carga administrativa do persoal sanitario. O avance na automatización de pedidos e na xestión de stocks permitirá optimizar os procesos de subministración, garantindo a seguridade e a calidade no uso do material sanitario.

Por outra banda, avanza na centralización dos contratos de mantemento do equipamento de alta tecnoloxía na procura de estender o seu alcance a todos aqueles equipos de maior impacto no diagnóstico e tratamento dos pacientes.

No seu conxunto, estas medidas permitirán consolidar unha política de compras centralizadas eficiente, moderna e orientada á innovación, reforzando o compromiso do Servizo Galego de Saúde coa mellora continua da atención sanitaria e coa sostibilidade económica do sistema.

Tamén se traballará nesta liña da compra centralización na adquisición de produtos farmacéuticos, en colaboración coa Dirección xeral de Asistencia Sanitaria (Subdirección xeral de Farmacia).

Todas estas actuacións de investimento estarán guiadas pola Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde, que prevé iniciativas de construción sostible e de redución da xeración de recursos e combustibles fósiles, uns principios que se aplicarán en todos os novos contratos, tanto de obra como de equipamento, e que tamén xerarán actuacións específicas

para a implantación de enerxías renovables en infraestruturas existentes ou proxectos concretos, como o programa de anestesia sostible destinado á redución de gases nestes equipos.

En materia de xestión dos recursos humanos, os Orzamentos para 2026 prevén un incremento na dotación dos cadros de persoal de 1.230 prazas.

Entre outras medidas, continuarase coa estabilización do persoal en diversas categorías mediante a dotación de prazas no cadro de persoal, segundo o cronograma proposto no ano 2024, correspondendo dotar no orzamento de 2026 un total de 789 prazas.

O resto de prazas están vinculadas as distintas liñas de actuación do Servizo Galego de Saúde e á necesidade de dotación de persoal que levan aparelladas.

Así, continuarase coa dotación de prazas para os servizos de Urgencias Hospitalarias, cun incremento de 113 prazas de médicos de urgencias, sendo o incremento para o ano 2026 de 23 prazas.

A asunción de determinada actividade de POVISA por parte da Área Sanitaria de Vigo e a apertura do Novo Hospital Gran Montecelo na Área Sanitaria de Pontevedra e do Salnés, tamén implicarán un incremento en recursos humanos.

Outras unidades que prevén un incremento de dotación de persoal son a Unidade de hospitalización infanto-xuvenil do servizo de psiquiatría da Área Sanitaria de Vigo, o Centro de Protonterapia de Galicia, as novas unidades na Área Sanitaria de Ferrol como consecuencia do avance do Plan director (Hospital de Día Pediatría, Hospital de día Infanto-xuvenil, sala vascular, servizo de urgencias, etc.)

Tamén se terán en conta neste apartado referido ao persoal a integración das unidades municipais de atención ás drogodependencias, as Unidades de Atención Unidade de Diagnóstico Xenético-Molecular, o Plan de Obesidade Cero de Galicia 2022-2030, o Plan de reprodución humana asistida ou a creación da categoría de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde, que supoñen un incremento de postos de traballo no sistema sanitario público.

A maiores, están as medidas destinadas a potenciar a Atención Primaria, como é a dotación de prazas estables no Plan galego de atención domiciliaria en atención primaria, coa creación de 62 prazas de enfermería.

En 2026 tamén se dispoñen os recursos necesarios para ofertar, como xa se vén facendo, contratos estables de tres anos en atención primaria para o persoal residente que remata a súa formación, así como o programa de relevo xeracional para persoal médico especialista de atención hospitalaria.

Durante o ano 2025 finalizaron os procesos selectivos de estabilización mediante a incorporación, como persoal fixo, de preto de 5.000 profesionais. Así mesmo, na oferta de emprego pú-

blico incluíronse case 3.500 prazas, resultantes de aplicar, a maiores da taxa de reposición, unha taxa adicional específica para a redución da temporalidade no Servizo Galego de Saúde. Esa oferta, xunto coas convocatorias que se publicaron no segundo semestre do 2025, posibilitará a execución de novas convocatorias de procesos selectivos nas que se incluírá un total de 5.550 prazas de persoal estatutario do Sistema sanitario público de Galicia, sumando as pendentes das ofertas de emprego dos anos 2022, 2023 e 2024.

Para o ano 2026 está previsto un incremento de carreira profesional que afectará a preto de 5.000 traballadores, mediante a apertura do procedemento ordinario de acceso aos graos I a IV, abríndose o prazo da solicitude entres os meses de agosto e setembro de 2025.

Así mesmo, para o persoal sanitario estatutario fixo prevese a consolidación de grao, facendo máis atractivos os postos de mandos intermedios, para os que actualmente se atopan dificultades para a súa cobertura, así como un incremento retributivo.

Como continuación ao acordo asinado en 2025 coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Sanidade para impulsar e potenciar a Formación Profesional Dual no ámbito sanitario, sumaranse dúas novas formacións profesionais: a de Laboratorio clínico e biomédico e a de Técnico Superior en Dirección de Cociña.

O Servizo Galego de Saúde seguirá avanzando no seu compromiso social co desenvolvemento das novas medidas do II Plan de igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde, mantendo as melloras postas en marcha, no eido da protección contra a discriminación das traballadoras por motivos de maternidade e en materia de integración de persoas con discapacidade, polo I Plan de Igualdade.

E, por suposto, estableceranse medidas para reforzar o futuro da atención primaria en canto á dotación de persoal que permitan responder de maneira eficaz ás necesidades do sistema sanitario público de saúde a curto e medio prazo, tendo en conta o déficit de profesionais en determinadas especialidades, o número de xubilacións previstas para os próximos anos e os novos profesionais que se incorporan ao sistema.

Orzamento de ingresos. Servizo Galego de Saúde

Distribución económica							
				Variación 2026/2025		Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
III Tasas, prezos e outros ingresos	62.759	64.251	1.492	2,4	1,2	1,2	
IV Transferencias correntes	4.875.313	5.076.423	201.110	4,1	91,4	91,7	
V Ingresos patrimoniais	190	190	0	-	-	-	
OPERACIÓNS CORRENTES	4.938.262	5.140.864	202.602	4,1	92,6	92,9	
VII Transferencias de capital	392.837	394.175	1.338	0,3	7,4	7,1	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	392.837	394.175	1.338	0,3	7,4	7,1	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.331.099	5.535.040	203.940	3,8	100,0	100,0	
VIII Activos financeiros	650	650	0	-	-	-	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	650	650	0	-	-	-	
Total	5.331.749	5.535.690	203.940	3,8	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Servizo Galego de Saúde

Distribución económica							
				Variación 2026/2025		Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
I Gastos de persoal	2.318.990	2.382.373	63.383	2,7	43,5	43,0	
II Gastos en bens correntes e servizos	1.561.549	1.651.365	89.815	5,8	29,3	29,8	
III Gastos financeiros	0	0	0	-	-	-	
IV Transferencias correntes	1.046.323	1.095.727	49.404	4,7	19,6	19,8	
OPERACIÓNS CORRENTES	4.926.862	5.129.464	202.602	4,1	92,4	92,7	
V Fondo de continxencia	11.400	11.400	0	-	0,2	0,2	
VI Investimentos reais	388.553	387.816	-737	-0,2	7,3	7,0	
VII Transferencias de capital	4.284	6.359	2.075	48,4	0,1	0,1	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	392.837	394.175	1.338	0,3	7,4	7,1	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.331.099	5.535.040	203.940	3,8	100,0	100,0	
VIII Activos financeiros	650	650	0	-	-	-	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	650	650	0	-	-	-	
Total	5.331.749	5.535.690	203.940	3,8	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia créase polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, en virtude da autorización contida no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Actualmente este organismo está adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en aplicación do artigo 10 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Dentro deste organismo, configúrase a Comisión Galega da Competencia como órgano colexiado independente, de carácter permanente e consultivo, con competencia para aplicar a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Os fins xerais e obxectivos básicos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia son a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

As competencias do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, son as seguintes:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles, que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.
- Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas a través da mediación e a arbitrase de consumo.
- Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado.
- Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
- As competencias relacionadas coa a rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores
- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ás persoas consumidoras e usuarias.
- Elaborar e difundir información para facilitarlle ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.
- Impulsar a formación das persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
- Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar ás persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.
- Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información ás persoas consumidoras e usuarias con aquelas outras entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ao cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.
- Asesorar tecnicamente as oficinas de información, as persoas consumidoras e usuarias da Administración local e colaborar con elas.

- Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.
- Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdicionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitraje, consultivas, o de promoción da competencia e de asesoramento e representación.
- Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.

Orzamento de ingresos. Inst. Galego do Consumo e da Competencia

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
III Tasas, prezos e outros ingresos	3.038	3.128	91	3,0	39,3	39,9
IV Transferencias correntes	3.876	3.893	18	0,5	50,1	49,6
V Ingresos patrimoniais	150	150	0	-	1,9	1,9
OPERACIÓNS CORRENTES	7.063	7.172	108	1,5	91,3	91,4
VII Transferencias de capital	672	672	0	-	8,7	8,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	672	672	0	-	8,7	8,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	7.736	7.844	108	1,4	100,0	100,0
Total	7.736	7.844	108	1,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Inst. Galego do Consumo e da Competencia

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	6.125	6.303	178	2,9	79,2	80,4
II Gastos en bens correntes e servizos	666	571	-95	-14,3	8,6	7,3
IV Transferencias correntes	273	298	25	9,2	3,5	3,8
OPERACIÓNS CORRENTES	7.063	7.172	108	1,5	91,3	91,4
VI Inversións reais	648	648	0	-	8,4	8,3
VII Transferencias de capital	24	24	0	-	0,3	0,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL	672	672	0	-	8,7	8,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	7.736	7.844	108	1,4	100,0	100,0
Total	7.736	7.844	108	1,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

a. Fomento das tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, así como aquelas dirixidas á valorización e a segunda transformación das empresas do sector forestal e daquelas baseadas na madeira.

b. Impulso e establecemento de mecanismos de colaboración con centros de investigación públicos nas diferentes materias que o sector da industria forestal traslade á Administración por consideralos do seu interese

c. Fomento das accións para a creación e mellora de sistemas de información e estatística da cadea monte-industria de Galicia, como mecanismos que permitan facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector industrial da madeira

A través do CIS-Madeira, a axencia levará a cabo as seguintes funcións:

a) Servizos especializados a empresas da industria forestal-madeira.

b) Servizos técnicos no ámbito do emprego da madeira en rehabilitación e a construción e o desenvolvemento de novos materiais.

c) Transferencia de tecnoloxía e coñecemento nos seus ámbitos de especialización.

d) Asistencia e formación tecnolóxica especializada en materia de produtos baseados na madeira.

e) Difusión da cultura do coñecemento e tecnolóxica no ámbito das súas funcións.

A través do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, exercerá todas as funcións en materia de investigación, innovación e transferencia forestal, e en particular as seguintes:

- a) A conservación, mellora e selección dos recursos xenéticos forestais.
- b) A mellora da produtividade e multifuncionalidade dos espazos forestais.
- c) O incremento da calidade dos bens, servizos e produtos forestais.
- d) A promoción da sustentabilidade dos ecosistemas forestais fronte ás perturbacións na xestión dos recursos forestais.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega da Industria Forestal

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
III Tasas, prezos e outros ingresos	17	0	-17	-100,0	0,1	-	
IV Transferencias correntes	2.871	4.968	2.097	73,0	14,3	20,1	
OPERACIÓNS CORRENTES	2.888	4.968	2.080	72,0	14,4	20,1	
VII Transferencias de capital	17.133	19.804	2.671	15,6	85,6	79,9	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	17.133	19.804	2.671	15,6	85,6	79,9	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	20.021	24.772	4.751	23,7	100,0	100,0	
Total	20.021	24.772	4.751	23,7	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega da Industria Forestal

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
I Gastos de persoal	1.667	3.743	2.076	124,5	8,3	15,1	
II Gastos en bens correntes e servizos	671	674	4	0,5	3,4	2,7	
III Gastos financeiros	0	0	0	-8,5	-	-	
IV Transferencias correntes	550	550	0	-	2,7	2,2	
OPERACIÓNS CORRENTES	2.888	4.968	2.080	72,0	14,4	20,1	
VI Investimentos reais	4.635	2.936	-1.699	-36,7	23,1	11,9	
VII Transferencias de capital	12.499	16.869	4.370	35,0	62,4	68,1	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	17.133	19.804	2.671	15,6	85,6	79,9	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	20.021	24.772	4.751	23,7	100,0	100,0	
Total	20.021	24.772	4.751	23,7	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e

xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos, facilitar a internacionalización do tecido produtivo e impulsar a capacidade de innovación.

O órgano superior de goberno do IGAPE é o Consello de Dirección, ao que lle corresponden todas as facultades e funcións que sexan precisas para alcanzar os seus fins.

Para o desenvolvemento das funcións, que o IGAPE ten encomendadas, conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O presidente ou a presidenta que será, por razón do seu cargo, o/a conselleiro/a competente en materia de economía. Correspóndelle a representación do IGAPE en toda clase de actos ou negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos e demais competencias que se lle asignan no artigo 11 da citada Lei 5/1992.
- O director ou a directora xeral, que será nomeado/a polo Consello de Dirección, por proposta do/a conselleiro/a. Correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle sexan expresamente delegadas polo/a presidente/a ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o Instituto estrutúrase internamente nunha xerencia, cinco áreas, logo da resolución do 5 de maio de 2025 pola que se da publicidade dos acordos do Consello de Dirección que aproban a modificación da estrutura organizativa ao configurar a Oficina Económica de Galicia como Dirección de Área da Oficina Económica de Galicia o IGAPE, a oficina económica de Galicia e unha unidade dependente organicamente e funcionalmente da Dirección:

- Xerencia: A persoa titular da Xerencia serao tamén de todos os órganos colexiados dela, e para estes efectos exercerá a coordinación, baixo as instrucións da Dirección, dos programas e actuacións das diferentes direccións de área e dos entes do sector público adscritos ao Instituto, a xestión dos asuntos relacionados co réxime interno e o réxime de persoal do Instituto, as propostas de simplificación e racionalización da actividade administrativa, a elaboración dos proxectos e plans xerais de actuación, prestar asistencia técnica, administrativa e apoio xurídico á persoa titular da Dirección do Instituto, a emisión de informes e anteproxectos normativos e de orzamentos do Instituto, así como calquera outra que lle encomende a Dirección do ente.
- Área de Financiamento: Ten como misión fundamental a identificación, regulamento e xestión dos apoios financeiros ás empresas, en especial, ás pequenas e medianas. Tales apoios, materializaranse en subvencións, préstamos, bonificacións de produtos financeiros, avais e outros instrumentos financeiros ou actuacións de semellantes características de apoio á actividade empresarial.
- Área de Competitividade: Ten como misión lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas, promover a creación de empresas e promover a creación

de emprego, así como a modernización empresarial abundando nos retos e oportunidades de cada momento, apostando actualmente pola dobre transformación dixital e sostible de empresa galega. Así mesmo, deberá propoñer e executar programas de apoio e impulso dentro da política industrial de Galicia e a política de clústeres.

- Área de Internacionalización: Ten como misión promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo, cara a unha mellora do índice de emprego na nosa comunidade autónoma.
- Área de Innovación empresarial: Ten como misión a promoción, avance e incremento do sistema de innovación galego no tecido produtivo e na empresa, e coordinar e colaborar na mellora da innovación do sistema económico galego a través da transferencia ao tecido produtivo dos resultados da investigación e desenvolvemento co obxectivo de incrementar a capacidade competitiva da empresa galega.
- Área da Oficina Económica de Galicia é o punto singular de atención, asesoramento e acompañamento das empresas. A súa actuación adquire ademais unha importante dimensión non só nacional, senón tamén internacional coa a labor de captación de investimentos empresariais susceptibles de seren postos en marcha en Galicia, con independencia da súa procedencia nacional ou internacional, e co seu papel interlocutor co resto da administración e axentes tanto autonómicos ou locais e estatais coma europeos relacionados co ecosistema das axudas públicas e dos proxectos. Constitúe así o punto de contacto centralizado e singular da Xunta de Galicia para o asesoramento á empresa e ás persoas emprendedoras, así como para facilitar a posta en marcha das iniciativas empresariais.
- Unidade de Operacións: Terá como misión planificar, coordinar e executar os distintos plans e programas de actuación co obxectivo de favorecer o equilibrio territorial de Galicia, e responsabilizarse da coordinación, información e asesoramento empresarial nas oficinas territoriais.

Orzamento de ingresos. Inst. Galego de Promoción Económica

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
III Tasas, prezos e outros ingresos	1.150	1.450	300	26,1	0,4	0,5	
IV Transferencias correntes	11.629	7.052	-4.578	-39,4	4,2	2,5	
V Ingresos patrimoniais	2.933	3.415	482	16,5	1,1	1,2	
OPERACIÓNS CORRENTES	15.712	11.917	-3.795	-24,2	5,6	4,2	
VII Transferencias de capital	165.858	171.866	6.009	3,6	59,6	61,2	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	165.858	171.866	6.009	3,6	59,6	61,2	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	181.569	183.783	2.214	1,2	65,2	65,5	
VIII Activos financeiros	96.910	96.910	0	-	34,8	34,5	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	96.910	96.910	0	-	34,8	34,5	
Total	278.479	280.693	2.214	0,8	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Inst. Galego de Promoción Económica

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	7.593	8.089	497	6,5	2,7	2,9
II Gastos en bens correntes e servizos	2.209	2.000	-209	-9,5	0,8	0,7
IV Transferencias correntes	1.827	1.827	0	-	0,7	0,7
OPERACIÓNS CORRENTES	11.629	11.917	288	2,5	4,2	4,2
VI Investimentos reais	16.029	15.897	-131	-0,8	5,8	5,7
VII Transferencias de capital	153.912	155.969	2.057	1,3	55,3	55,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	169.940	171.866	1.926	1,1	61,0	61,2
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	181.569	183.783	2.214	1,2	65,2	65,5
VIII Activos financeiros	95.750	95.750	0	-	34,4	34,1
IX Pasivos financeiros	1.160	1.160	0	-	0,4	0,4
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	96.910	96.910	0	-	34,8	34,5
Total	278.479	280.693	2.214	0,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

A axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) é unha axencia pública autonómica encadrada dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O INEGA está adscrito á consellería competente en materia de enerxía e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos que precisan as leis.

Os órganos de goberno da axencia Instituto Enerxético de Galicia son a Presidencia e o Consello Reitor, mentres que a súa xestión ordinaria correspóndelle á Dirección. Asemade, para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, o INEGA estrutúrase internamente nunha Xerencia, da cal depende o Departamento de Coordinación de Eficiencia Enerxética no Sector Público e no Departamento de Enerxía, do cal dependen a Área de Enerxías Renovables e a Área de Aforro e Eficiencia Enerxética, quedando adscrito o organismo CIS Galicia-Centro de Innovación e Servizos para a Tecnoloxía e o Deseño.

De acordo co previsto no artigo 2 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da axencia Instituto Enerxético de Galicia, os obxectivos básicos da axencia son “o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se for o caso, de servizos noutros

campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias”.

Para a consecución dos seus fins, corresponde á axencia Instituto Enerxético de Galicia o exercicio das seguintes competencias e funcións:

a) Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.

b) Promover e, se for o caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.

c) Controlar, vixiar e inspeccionar, dentro do ámbito de actuación do Inega e en coordinación coa subdirección xeral competente en materia de enerxía, as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.

d) Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política enerxética.

e) Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.

f) Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.

g) Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxeos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.

h) Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.

i) Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.

j) Orientar as persoas usuarias nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.

k) Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informe e asesorar sobre as directrices e programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.

l) Poderá exercer a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola normativa vixente en materia enerxética.

m) Xestionar a Rede de enerxía da Xunta de Galicia, creada mediante o Decreto 66/2013, do 18 de abril.

n) Realizar un labor divulgativo e formativo no ámbito da certificación enerxética de edificios.

ñ) Impulsar e xestionar incentivos para a implantación de proxectos de enerxías renovables e de eficiencia enerxética.

o) Asesorar no ámbito enerxético e promover a realización de estudos para a posta en marcha de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

p) Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía.

q) A dirección, coordinación e supervisión das actuacións do CIS Galicia-Centro de Innovación e Servizos para a Tecnoloxía e o Deseño.

r) Calquera outra que lle encomende a Dirección da axencia no desenvolvemento das competencias desta.

Orzamento de ingresos. Instituto Enerxético de Galicia

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos		2025	2026	Importe	%	2025	2026
III	Taxas, prezos e outros ingresos	402	547	145	36,1	0,5	0,9
IV	Transferencias correntes	3.540	3.975	435	12,3	4,1	6,3
V	Ingresos patrimoniais	350	50	-300	-85,7	0,4	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		4.292	4.572	280	6,5	5,0	7,2
VII	Transferencias de capital	81.328	58.825	-22.503	-27,7	95,0	92,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL		81.328	58.825	-22.503	-27,7	95,0	92,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		85.620	63.397	-22.223	-26,0	100,0	100,0
Total		85.620	63.397	-22.223	-26,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Enerxético de Galicia

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	3.114	3.749	635	20,4	3,6	5,9
II Gastos en bens correntes e servizos	361	758	397	109,9	0,4	1,2
IV Transferencias correntes	64	64	0	-	0,1	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES	3.540	4.572	1.032	29,2	4,1	7,2
VI Investimentos reais	2.300	4.731	2.431	105,7	2,7	7,5
VII Transferencias de capital	79.780	54.095	-25.686	-32,2	93,2	85,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL	82.080	58.825	-23.255	-28,3	95,9	92,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	85.620	63.397	-22.223	-26,0	100,0	100,0
Total	85.620	63.397	-22.223	-26,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Foi creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, ao abeiro da disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co obxecto da definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Entre as funcións da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia están as seguintes:

a) A dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

b) O impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

c) A elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.

d) A definición dos estándares e directrices tecnolóxicas a que deberán axustarse a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

e) A promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.

f) Garantir o axeitado apoio á xestión tributaria e orzamentaria, así como ao sistema de información contable, de competencia da Xunta de Galicia.

g) O deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa, incluíndo a planificación, deseño, xestión e operación das tecnoloxías e sistemas que garantan o funcionamento dunha Administración completamente dixital.

h) A xestión e coordinación, ben de forma autónoma, ben en colaboración cos órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma e cos órganos de goberno das entidades públicas instrumentais, de instrumentos e actuacións de órganos con competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións.

i) O fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

j) O deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

k) A planificación e proposta da normativa relativa ao exercicio das competencias en materia de sociedade da información e das telecomunicacións.

l) O impulso, xestión e coordinación da Administración dixital, como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.

ll) A definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e dos servizos de telecomunicacións do sector público autonómico.

m) A dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.

n) A planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

o) Sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico, o fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia.

p) A participación en órganos de colaboración deliberantes ou consultivos, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

q) Todas as demais que deriven dos fins que ten atribuídos e aquelas que se lle sexan asignadas legal ou regulamentariamente.

Orzamento de ingresos. Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica						
				Variación 2026/2025		Valor Relativo
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
III Tasas, prezos e outros ingresos	7	58	52	758,0	-	-
IV Transferencias correntes	38.825	38.258	-567	-1,5	20,3	23,2
OPERACIÓNS CORRENTES	38.831	38.317	-515	-1,3	20,3	23,2
VII Transferencias de capital	152.070	126.909	-25.160	-16,5	79,7	76,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL	152.070	126.909	-25.160	-16,5	79,7	76,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	190.901	165.226	-25.675	-13,4	100,0	100,0
Total	190.901	165.226	-25.675	-13,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica						
				Variación 2026/2025		Valor Relativo
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	21.426	21.942	516	2,4	11,2	13,3
II Gastos en bens correntes e servizos	15.914	15.541	-373	-2,3	8,3	9,4
IV Transferencias correntes	1.491	833	-658	-44,1	0,8	0,5
OPERACIÓNS CORRENTES	38.831	38.317	-515	-1,3	20,3	23,2
VI Investimentos reais	150.533	126.062	-24.471	-16,3	78,9	76,3
VII Transferencias de capital	1.536	847	-689	-44,8	0,8	0,5
OPERACIÓNS DE CAPITAL	152.070	126.909	-25.160	-16,5	79,7	76,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	190.901	165.226	-25.675	-13,4	100,0	100,0
Total	190.901	165.226	-25.675	-13,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Foi creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

a) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando así o estableza a súa normativa reguladora.

b) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos estatais cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na normativa reguladora do financiamento autonómico.

c) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora das recargas que se establezan sobre os tributos estatais.

d) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora doutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que poida asumir por delegación ou encomenda.

e) A recadación dos ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.

f) A revisión en vía administrativa das actuacións e actos realizados no exercicio das funcións anteriores, con excepción das reclamacións económico-administrativas, da revisión de actos nulos de pleno dereito e daquelas outras que por lei específica se atribúan a outros órganos.

g) A colaboración e coordinación coas demais administracións tributarias e, en particular, a participación nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.

h) Calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por convenio administrativo.

A actividade da Axencia Tributaria de Galicia para o 2026 ven determinada polo desenvolvemento das funcións previstas no seu Estatuto, de acordo co previsto no Decreto 202/2012, e concretamente:

- Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: tributos propios e tributos cedidos polo Estado.
- Levar a iniciativa nas modificacións lexislativas en materia tributaria.
- Incrementar a eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal a través da mellora do tratamento da información e dos procesos de control, a racionalización e modernizacións dos procedementos internos e a detección de áreas de risco (Plan de Control Tributario).
- Mellorar a información e asistencia ao contribuínte orientando a actuación administrativa ao servizo dos cidadáns e á transparencia.
- Consolidar os mecanismos de colaboración coa AEAT, as Administracións Tributarias das restantes comunidades autónomas e a Administración local.
- Promover a alta cualificación do persoal.
- Fomentar e estender a colaboración social e impulsar as novas tecnoloxías, á busca da redución de trámites administrativos e dos custos fiscais indirectos.

- Garantir o funcionamento da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia con novas funcionalidades e novos servizos.

Orzamento de ingresos. Axencia Tributaria de Galicia

Distribución económica						
		Variación 2026/2025			Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
III Tasas, prezos e outros ingresos	972	934	-38	-3,9	4,8	4,3
IV Transferencias correntes	18.926	20.141	1.215	6,4	92,7	93,2
V Ingresos patrimoniais	14	15	1	7,1	0,1	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES	19.912	21.090	1.178	5,9	97,6	97,6
VII Transferencias de capital	495	510	15	3,0	2,4	2,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	495	510	15	3,0	2,4	2,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	20.407	21.600	1.193	5,8	100,0	100,0
Total	20.407	21.600	1.193	5,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Tributaria de Galicia

Distribución económica						
		Variación 2026/2025			Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	16.606	17.577	972	5,9	81,4	81,4
II Gastos en bens correntes e servizos	3.307	3.513	206	6,2	16,2	16,3
OPERACIÓNS CORRENTES	19.912	21.090	1.178	5,9	97,6	97,6
VI Inversións reais	495	510	15	3,0	2,4	2,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	495	510	15	3,0	2,4	2,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	20.407	21.600	1.193	5,8	100,0	100,0
Total	20.407	21.600	1.193	5,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa Disposición Adicional Cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

En virtude desta autorización, o Decreto 173/2011, do 4 de agosto (DOG nº 163 do 26 de agosto), modificado polo Decreto 66/2021, do 15 de abril (DOG nº 77 do 26 de abril) procedeu á creación e aprobación do Estatuto da Axencia que asume as competencias atribuídas á Dirección Xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, órganos que se suprimen, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas derivados das competencias, dende a súa posta en funcionamento.

Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas: Para tales efectos, correspóndelle á Axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Ademais, fíxase como obxectivo garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

A Axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

Precisamente, a través da figura da encomenda, a Axencia ocupouse nos últimos anos de desenvolver as grandes infraestruturas hospitalarias de Galicia, así como outros equipamentos públicos.

O Real decreto polo que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de estradas é O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas no seu momento á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Infraestruturas

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
III Tasas, prezos e outros ingresos	3.800	3.800	0	-	1,4	1,4	
IV Transferencias correntes	18.555	19.819	1.263	6,8	7,0	7,5	
OPERACIÓNS CORRENTES	22.355	23.619	1.263	5,7	8,4	9,0	
VII Transferencias de capital	242.781	239.687	-3.094	-1,3	91,6	91,0	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	242.781	239.687	-3.094	-1,3	91,6	91,0	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	265.136	263.305	-1.830	-0,7	100,0	100,0	
Total	265.136	263.305	-1.830	-0,7	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Infraestruturas

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
I Gastos de persoal	15.675	15.934	259	1,7	5,9	6,1	
II Gastos en bens correntes e servizos	1.056	1.056	0	-	0,4	0,4	
III Gastos financeiros	50	50	0	-	-	-	
IV Transferencias correntes	5.574	6.579	1.005	18,0	2,1	2,5	
OPERACIÓNS CORRENTES	22.355	23.619	1.263	5,7	8,4	9,0	
VI Investimentos reais	226.395	219.417	-6.978	-3,1	85,4	83,3	
VII Transferencias de capital	16.386	20.270	3.884	23,7	6,2	7,7	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	242.781	239.687	-3.094	-1,3	91,6	91,0	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	265.136	263.305	-1.830	-0,7	100,0	100,0	
Total	265.136	263.305	-1.830	-0,7	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

Creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ten como fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Asume as competencias e medios persoais e materiais que lle correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria. Asume, tamén, desde a súa posta en funcionamento, as competencias e medios persoais e materiais que lle corresponden ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e todas as competencias en materia de investigación, innovación e formación do Servizo Galego de Saúde.

Neste exercicio axustará a súa actividade ao previsto no seu contrato plurianual de xestión, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en abril de 2022, e que se estrutura en seis eixes: a formación continua dos profesionais, a docencia, o fomento dunha investigación de calidade, o impulso á innovación no Sergas, a avaliación e unha xestión eficiente dos recursos da Axencia.

En 2026, estes eixos desenvolveranse a través das seguintes actuacións:

- Coordinar o sistema de formación sanitaria especializada de Galicia, adaptándoo ao novo decreto regulador do mesmo, así como desenvolvendo as demandas de reforma da normativa básica estatal nesta materia.
- Proporcionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados da investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia e impulsar procesos de excelencia neste eido, a través do programa INTRES.
- Favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador traballando no desenvolvemento da carreira investigadora.
- Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado. Promover as boas prácticas dentro da acreditación "Human Resources Excellence in Research" nos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia.
- Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación. Potenciar a Rede de biobancos do Servizo Galego de Saúde.
- Promover o acceso dos pacientes á participación en ensaios clínicos, garantindo a equidade no noso sistema e potenciando a realización de ensaios clínicos.
- Participar nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómico e nacionais (CIBER, CNIO, CECBE, INVESTEN, Foro de Investigación Sanitaria IISCI, etc.)

- Difundir a toda a sociedade a actividade investigadora desenvolvida no ámbito sanitario e accións de difusión que permitan visibilizar a investigación feita en Galicia e desenvolver un Portal de investigación en saúde en Galicia.
- Impulsar a investigación, a innovación e a avaliación en saúde mediante o acceso á reutilización e cruce dos datos sanitarios garantindo plenamente a confidencialidade e a ética na utilización dos datos.
- Participación no desenvolvemento da Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS4 GALICIA 2021-2027, nos aspectos relacionadas coa saúde, e análise das capacidades do sistema galego de coñecemento en saúde.
- Impulsar un modelo de innovación aberta, baseada no modelo de Cuádrupla Hélice, traballando xuntos para co-crear o futuro e impulsar cambios estruturais máis aló do alcance do que calquera organización ou persoa podería facer só. Continuar, para iso, coa dinamización da Plataforma de innovación sanitaria e a potenciación da rede de Nodos de Innovación.
- Procurar a participación activa das persoas na ciencia e innovación dende as fases mais temperás dos proxectos para aliñar os resultados a obter coas necesidades sociais.
- Xestionar e coordinar o proxecto de CPI INNOVATRIAL no marco do convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).
- Xestionar e coordinar o proxecto de CPI INNOVAMICROLAB en nome do Servizo Galego de Saúde. Desenvolver plataformas tecnolóxicas que permitan obter de maneira rápida e totalmente automatizada diagnósticos microbiolóxicos fiables de calquera patoloxía a partir de calquera mostra clínica biolóxica así como identificar cambios no microbioma humano asociados a determinadas enfermidades que permitan poñer en valor a actividade dos bio-bancos.
- Coordinación e execución dos proxectos europeos PROCURE4HEALTH, REGIONS4PERMED, CIRCE e INVEST4HEALTH e promover e colaborar na participación do Servizo Galego de Saúde en novos proxectos.
- Participar no proxecto TARTAGLIA, dentro do programa de Misións de Intelixencia Artificial.
- Promover a internacionalización e fomento da cultura innovadora no Servizo Galego de Saúde a través da participación en novos proxectos de innovación.
- Impulsar a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na rede EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP on Active and Healthy Ageing (EIPonAHA).
- Impulsar a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na Rede Europea de Living Labs (ENoLL).
- Promover a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia no consorcio europeo EIT Health - European Institute of Innovation and Technology.
- Convocar unha nova edición do premio á mellor innovación do Sistema Galego de Saúde.
- Coordinar o programa de Living Lab do C. Hospitalario Universitario de Ourense e da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE).

- Analizar as necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia e executar o Plan AFEDAP (Acordo de formación de emprego do persoal das Administracións Públicas) e o plan PEF (Plan estratéxico de formación).
- Incorporación de novas tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada para a formación e adestramento dos profesionais.
- Execución das actividades formativas, sesións informativas e foros de consulta incluídos na Escola Galega de Saúde para Cidadáns e na Escola Galega de Saúde Pública.
- Facilitar sinerxías e colaboracións con outras institucións ou organismos líderes na xestión de proxectos de innovación formativa sumando puntos de vista complementarios e aliados estratéxicos para o sector saúde.
- Desenvolver os informes de avaliación que soliciten a Comisión Asesora para a incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos; a Consellería de Sanidade e o Sergas.
- Participar na Rede Española de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (RedETS) e desenvolver as actividades asignadas no plan anual de dita rede, entre elas, as que se refiran á elaboración de Informes de avaliación do impacto no control da pandemia Covid-19.
- Participar nas organizacións internacionais de avaliación de tecnoloxías e de Guías de práctica clínica: INAHTA, HTAi, GIN (Guidelines International Network) e EuroSCAN.
- Analizar a difusión e os patróns de utilización das tecnoloxías médicas de maior impacto, en termos de saúde ou económicos, no sistema sanitario, principalmente en relación coa súa accesibilidade, demanda potencial e utilización apropiada.
- Elaborar e difundir guías de práctica clínica e recomendacións baseadas na evidencia, en diferentes ámbitos de actuación: prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación.
- Detectar as tecnoloxías sanitarias, novas ou en uso, susceptibles de avaliación, pola súa repercusión.
- Deseñar estudos específicos de investigación en avaliación de tecnoloxías.
- Promover a investigación, especificamente dirixida a obter a información necesaria para a avaliación de tecnoloxías, fomentando a colaboración entre as universidades, os centros, unidades de investigación, as empresas e outras institucións.
- Levar a cabo unha formación práctica en materias de posgrao relacionadas coa documentación e a avaliación e tecnoloxías sanitarias.
- Analizar e revisar a información científica relacionada coa avaliación das tecnoloxías sanitarias e a súa difusión entre os profesionais e os servizos sanitarios.
- Asesorar na creación e desenvolvemento de programas de avaliación de tecnoloxías sanitarias nos diferentes niveis de decisión.
- Asesorar no desenvolvemento de sistemas de información dirixidos a obter os datos necesarios para a avaliación de tecnoloxías.

Orzamento de ingresos. A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
III Tasas, prezos e outros ingresos	30	30	0	-	0,6	0,6
IV Transferencias correntes	4.347	4.543	196	4,5	87,6	90,0
OPERACIÓNS CORRENTES	4.377	4.573	196	4,5	88,2	90,6
VII Transferencias de capital	584	473	-111	-18,9	11,8	9,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	584	473	-111	-18,9	11,8	9,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	4.961	5.047	86	1,7	100,0	100,0
Total	4.961	5.047	86	1,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	2.779	3.110	331	11,9	56,0	61,6
II Gastos en bens correntes e servizos	1.135	1.135	0	-	22,9	22,5
IV Transferencias correntes	463	328	-135	-29,2	9,3	6,5
OPERACIÓNS CORRENTES	4.377	4.573	196	4,5	88,2	90,6
VI Investimentos reais	584	473	-111	-18,9	11,8	9,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	584	473	-111	-18,9	11,8	9,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	4.961	5.047	86	1,7	100,0	100,0
Total	4.961	5.047	86	1,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

De acordo co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, executará os seus orzamentos de acordo co desenvolvemento das liñas de actuación dirixidas á consecución dos obxectivos fundacionais.

O contrato plurianual de xestión aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en xuño de 2022, guiou as actuacións, de acordo coa súa estrutura en catro eixes: o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, o procesamento e almacenaxe de mostras de células, tecidos de máxima calidade e a coordinación co resto das comunidades autónomas nos ámbitos da doazón, transfusión e transplante de órganos e tecidos. Estase xa a traballar nun novo contrato plurianual para o período 2026-2029.

Para optimizar a xestión das doazóns, apostarase pola mellora das infraestruturas da Axencia, renovando en 2026, laboratorio de Bioloxía Molecular e Histocompatibilidade, e adquirindo unha nova unidade móbil que se sumará ás 12 unidades móbiles coas que se conta na actualida-

de, o que permitirá a cada doador realizar a súa doazón nas máximas condicións de seguridade e confort.

Así, en 2026 a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos avanzará na súa tarefa de promoción e sensibilización da doazón de sangue, órganos e tecidos poñendo en marcha distintas iniciativas que faciliten o acto solidario da doazón, traballando na sensibilización e concienciación desde a infancia, consolidando o liderado de Galicia nesta materia. Para potenciar esta tarefa, convocaranse:

- A VIII edición do concurso escolar de carteis relacionados coa doazón e os transplante.
- A XII edición do concurso de curtametraxes relacionados coa doazón e os transplantes.

Igualmente, a Axencia aspira a manter e incrementar as cifras acadadas no Programa Galego de doazón e transplante de órganos, tendo en conta que durante o ano 2024 o Servizo Galego de Saúde acadou os seus mellores resultados desde o inicio do programa, cun total de 424 transplantes (208 de ril, 118 de fígado, 64 de pulmón, 30 de corazón e 4 de páncreas) e realizáronse 137 doazóns de órganos.

Noutro ámbito, a Axencia continuará traballando na promoción da doazón de proxenitores hematopoéticos para incrementar a base de doadores, que conta con mais de 15.500 doantes de medula ósea.

Os obxectivos funcionais concretos a acadar para o ano 2026 son:

- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Coordinar a doazón e transplantes de órganos, e o procesamento, almacenamento, distribución e implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.
- Coordinar as actuacións de Galicia nos ámbitos da doazón, transfusión, e transplante de órganos e tecidos, coas comunidades autónomas do Estado español, co Goberno de España e cos organismos internacionais.
- Destacar, entre outras, as seguintes:
 - Participar na Comisión Permanente de Transplantes do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
 - Xestionar o Programa Marco de Calidade e Seguridade no proceso de doazón.
 - Participar no Plan Estratéxico Nacional de Tecidos.
 - Plan Nacional de Sangue de cordón umbilical.

- Plan Nacional de Medula Ósea.

De conformidade co establecido na Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela, poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma administración ou entidade que o encomendante, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño.

Deste xeito a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desenvolve para o Servizo Galego de Saúde os seguintes servizos:

- Servizos Hemoterápicos:
- Denomínanse servizos hemoterápicos a subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais. Esta denominación como servizo débese a que o sangue non se fabrica nin sofre alteracións na súa composición. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) obtéñense por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección precisas para ser transfundidos.
- Servizo de probas analíticas:

Dentro deste servizo inclúense determinacións analíticas das áreas de inmunohematoloxía, seroloxía e bioloxía molecular de enfermidades transmisibles e estudos de histocompatibilidade, que sexan solicitados desde o ámbito hospitalario.

- Servizos de Criopreservación:

Dentro deste servizo atópanse os concentrados de hemacias e plaquetas criopreservadas e os proxenitores hematopoéticos.

- Servizo de medicamentos derivados do plasma:

A subministración aos hospitais da rede pública do Sergas, dos medicamentos procedentes do fraccionamento industrial de plasma excedentario. Así obtéñense albumina, Factor VIII humano, Inmunoglobulina humana inespecífica e Alpha I Antitripsina, medicamentos todos eles de uso habitual nos hospitais.

- Servizos de Inmunohematoloxía Básica e Avanzada, coa consolidación dunha unidade de referencia para Galicia.
- Programa Galego de Plasmaférese.

Atendendo os especiais requirimentos terapéuticos desenvolvidos polos doentes da nosa CCAA, a axencia está a desenvolver un programa específico para a obtención de plasma, na procura da mellora na autosuficiencia en plasmaderivados.

A Axencia seguirá mantendo o liderado e a coordinación do Proxecto BLOOD. Este proxecto global xorde da necesidade de coordinar e homoxeneizar de forma integrada, os

sistemas de información que dan soporte ao traballo que estase a desenvolverse entre os servizos de transfusión dos centros hospitalarios e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Esta ferramenta transversal, abrangue distintos obxectivos, e supón o deseño, desenvolvemento e implantación, dun sistema de que garante a xestión segura e de calidade dos compoñentes sanguíneos.

A Axencia continuará, e mesmo reforzará, o seu compromiso máximo coa calidade, mantendo na organización a certificación segundo a Norma ISO 9001:2015 renovada, unha vez máis, no 2024. Manterase tamén, a certificación pola Fundación CAT, (Comité de Acreditación en Transfusión, Terapia celular e tisular) organismo de acreditación da calidade de conformidade aos estándares en transfusión sanguínea nas áreas: Análise, Doazón, Autodoazón, Almacenamento-Distribución e Procesamento de compoñentes, renovada tamén no 2024; e de conformidade aos estándares en obtención, procesamento, almacenamento e distribución de sangue de cordón umbilical e de produtos celulares para transplante, renovada no ano 2025.

No próximo ano 2026 renovarase a acreditación da European Federation for Immunogenetics (EFI) na Unidade de Bioloxía Molecular e Histocompatibilidade para a tipificación de HLA.

Como novo obxectivo a axencia certificarase polo Sistema de xestión conforme con a Norma UNE-ISO 31000:2018 para as actividades da xestión de riscos operativos asociados ás actividades de: promoción da doazón e xestión de colectas, selección de doantes de sangue total e aférese, extracción, procesamento analítico, preparación, almacenamento, distribución e control de calidade de compoñentes sanguíneos; criopreservación de compoñentes, banco de sangue de cordón umbilical e histocompatibilidade; xestión e servizos xerais e medidas antifraude.

Orzamento de ingresos. A. G. de Sangue, Órganos e Tecidos

Distribución económica							
Capítulos				Variación 2026/2025		Valor Relativo	
		2025	2026	Importe	%	2025	2026
III	Taxas, prezos e outros ingresos	28.407	28.503	96	0,3	99,7	99,7
V	Ingresos patrimoniais	80	80	0	-	0,3	0,3
OPERACIÓNS CORRENTES		28.487	28.583	96	0,3	100,0	100,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		28.487	28.583	96	0,3	100,0	100,0
Total		28.487	28.583	96	0,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. A. G. de Sangue, Órganos e Tecidos

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	12.308	12.404	96	0,8	43,2	43,4
II Gastos en bens correntes e servizos	15.699	15.699	0	-	55,1	54,9
OPERACIÓNS CORRENTES	28.007	28.103	96	0,3	98,3	98,3
VI Investimentos reais	480	480	0	-	1,7	1,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL	480	480	0	-	1,7	1,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	28.487	28.583	96	0,3	100,0	100,0
Total	28.487	28.583	96	0,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego. Os estatutos foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo e modificados polo Decreto 53/2021 do 18 de marzo.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas de-senvolidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais di-námicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- Promover a distribución e a comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega das Industrias Culturais

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
III Taxas, prezos e outros ingresos	80	81	1	1,1	0,5	0,5
IV Transferencias correntes	5.614	5.642	28	0,5	33,3	33,6
V Ingresos patrimoniais	73	74	0	0,5	0,4	0,4
OPERACIÓNS CORRENTES	5.767	5.796	29	0,5	34,2	34,5
VII Transferencias de capital	11.088	11.002	-86	-0,8	65,8	65,5
OPERACIÓNS DE CAPITAL	11.088	11.002	-86	-0,8	65,8	65,5
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	16.856	16.798	-57	-0,3	100,0	100,0
Total	16.856	16.798	-57	-0,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega das Industrias Culturais

Distribución económica							
		Variación 2026/2025		Valor Relativo			
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
I Gastos de persoal	3.712	3.741	29	0,8	22,0	22,3	
II Gastos en bens correntes e servizos	642	642	0	-	3,8	3,8	
IV Transferencias correntes	1.413	1.413	0	-	8,4	8,4	
OPERACIÓNS CORRENTES	5.767	5.796	29	0,5	34,2	34,5	
VI Investimentos reais	2.164	2.664	500	23,1	12,8	15,9	
VII Transferencias de capital	8.925	8.338	-586	-6,6	52,9	49,6	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	11.088	11.002	-86	-0,8	65,8	65,5	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	16.856	16.798	-57	-0,3	100,0	100,0	
Total	16.856	16.798	-57	-0,3	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia. Máis recentemente, a Lei 11/ 2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, prevé para a axencia novas funcións e dótaa de novos órganos para atendelas axeitadamente.

As funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 5/2000, modificadas e ampliadas na alínea Un do artigo segundo da Lei 12/2008 quedaron do seguinte xeito:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- Impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural encargados da súa execución.

- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Contribuír ao reforzamento do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación de poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes, en aplicación do artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, dos artigos 31.3º e 38.3º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e do artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Finalmente, despois da reorganización dos instrumentos de xestión do desenvolvemento rural prevista na Lei 15/2010, ademais das funcións sinaladas na Lei 12/2008, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará tamén as seguintes, que lle atribúe a alínea Dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010:

- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- A xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.
- A realización da función do servizo de transmisión mediante arrendamento respecto dos predios rústicos procedentes de explotacións nas que cesase anticipadamente a persoa titular, sen seren cedidas a terceiras persoas.

En relación ás funcións referentes ao Banco de Terras de Galicia, a disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, tamén lle atribúe á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia. Esas funcións están pomenorizadas no artigo 9 da citada Lei 6/2011.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia establece como competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

- Diseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e a xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.

- Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.
- Deseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos nesta lei para tal fin.
- Tramitar os procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.
- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.
- Articular proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.
- Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Impulsar a formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.
- Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na lei.

Orzamento de ingresos. A. G. de Desenvolvemento Rural

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos		2025	2026	Importe	%	2025	2026
IV	Transferencias correntes	4.679	4.601	-78	-1,7	8,5	8,5
V	Ingresos patrimoniais	212	197	-15	-7,1	0,4	0,4
OPERACIÓNS CORRENTES		4.891	4.798	-93	-1,9	8,9	8,9
VII	Transferencias de capital	50.252	49.184	-1.068	-2,1	91,1	91,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		50.252	49.184	-1.068	-2,1	91,1	91,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		55.143	53.982	-1.161	-2,1	100,0	100,0
Total		55.143	53.982	-1.161	-2,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. A. G. de Desenvolvemento Rural

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	4.046	3.938	-108	-2,7	7,3	7,3
II Gastos en bens correntes e servizos	795	783	-12	-1,6	1,4	1,5
III Gastos financeiros	0	27	27	-	-	0,1
IV Transferencias correntes	50	50	0	-	0,1	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES	4.891	4.798	-93	-1,9	8,9	8,9
VI Investimentos reais	7.170	4.957	-2.212	-30,9	13,0	9,2
VII Transferencias de capital	43.083	43.705	622	1,4	78,1	81,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	50.252	48.662	-1.590	-3,2	91,1	90,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	55.143	53.460	-1.683	-3,1	100,0	99,0
VIII Activos financeiros	0	522	522	-	-	1,0
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0	522	522	-	-	1,0
Total	55.143	53.982	-1.161	-2,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

A Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da Calidade Alimentaria de Galicia, configura a Axencia Galega da Calidade Alimentaria como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 8 da Lei 1/2024 dispón que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten por obxecto:

- Operar como instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección da calidade alimentaria diferenciada, así como en materia de promoción do consumo dos produtos agroalimenticios en xeral e, en particular, dos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade diferenciada.
- Investigar e promover o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario.
- Desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal.
- Realizar aquelas outras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellaría de adscrición.
- Fomentar, mediante o seu persoal docente e investigador, a formación e a transferencia de coñecemento ao sector agrario.

En materia de Calidade alimentaria, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria desenvolve as seguintes funcións:

- Elaborar as liñas estratéxicas que permitan o impulso do conxunto da calidade alimentaria diferenciada galega como unha actividade que dea rendibilidade aos diferentes elos das respectivas cadeas de valor, procurando o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e ambientalmente sustentable.
- Aliñar a evolución das figuras de protección da calidade alimentaria diferenciada galegas aos obxectivos que veñen recollidos pola normativa europea xerada no ámbito do Pacto verde europeo, na procura dun marco alimentario sustentable.
- Executar accións destinadas á promoción do consumo dos produtos de calidade diferenciada e crear e xestionar liñas de axuda con ese fin ou co obxecto de fomentar a elaboración e a comercialización destes produtos.
- Deseñar a planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada galega de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, sen prexuízo das funcións de planificación dos plenos dos consellos reguladores.

- Executar os programas de control oficial relacionados coa comprobación dos requisitos que deben cumprir, antes da súa comercialización, os produtos acollidos a algunha denominación xeográfica de calidade do ámbito agroalimentario, así como os recoñecidos como especialidades tradicionais garantidas. Do mesmo xeito, a Axencia fará o control oficial da produción ecolóxica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións implican tanto a realización de actividades de control directamente sobre as persoas operadoras coma a supervisión da actividade dos organismos en que se fixese delegación de tarefas de control.
- Realizar o control e a certificación das persoas operadoras que pretendan comercializar produtos baixo a marca «artesanía alimentaria» e xestionar o Rexistro da artesanía alimentaria de Galicia.
- Supervisar a actividade dos consellos reguladores do ámbito da súa competencia, así como asesoralos no seu funcionamento.
- Asesorar os consellos reguladores do ámbito da súa competencia no seu funcionamento, especialmente no caso daqueles que, polo seu reducido número de persoas operadoras ou pola escasa facturación do conxunto desas persoas, teñan dificultades para o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei para o seu recoñecemento como entidades de xestión da correspondente figura de calidade alimentaria diferenciada.
- Recompilar e analizar a información estatística relacionada coa actividade produtiva das diferentes denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e outras figuras de protección da calidade diferenciada e elaborar informes relacionados con estas producións.
- Identificar posibles novas denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas do ámbito agroalimentario, caracterizar novos produtos agroalimenticios que sexan susceptibles dun recoñecemento das súa especificidade e apoiar os sectores interesados nos traballos de preparación da documentación precisa para a tramitación da súa inscrición no rexistro europeo. Así mesmo, realizar os trámites necesarios ante a Administración xeral do Estado e ante a Comisión Europea para a inscrición de novas denominacións xeográficas de calidade e os trámites correspondentes á modificación dos pregos de condicións das xa rexistradas.
- Realizar as encargas que, no ámbito das súas competencias en materia de calidade alimentaria, lle faga a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

En relación coa sustentabilidade da produción alimentaria, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria fomentará a identificación e a recuperación de variedades vexetais e de razas animais autóctonas como base para a produción de alimentos de calidade diferenciada. Ademais, aprobará os pregos de condicións da produción sustentable aos cales se refire o artigo 27, autorizará as entidades certificadoras ás cales lles encargue o control deses pregos de condicións e supervisará o seu funcionamento.

Tamén lle corresponde á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en virtude do Decreto 52/2018, do 5 de abril, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de investigación:

- Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.
- Impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia.
- Asesorar á consellería con competencias en materia de medio rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.
- Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación, así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:
 - Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.
 - Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.
 - Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.
 - Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.
 - Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.
- Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.
- Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.
- Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.
- Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación

dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.

- Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.
- Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.
- Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.
- Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que se lle encomende en relación cos seus obxectivos, ou calquera outra que lle atribúa a lexislación vixente, así como realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de investigación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Támén lle corresponden á Axencia Galega da Calidade Alimentaria o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de formación:

- Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.
- Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanza regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.
- Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.
- Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.
- Realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de formación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Calidade Alimentaria

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos		2025	2026	Importe	%	2025	2026
III	Taxas, prezos e outros ingresos	1.676	1.808	132	7,9	4,0	4,4
IV	Transferencias correntes	19.610	18.017	-1.593	-8,1	46,3	44,2
V	Ingresos patrimoniais	38	0	-38	-100,0	0,1	-
OPERACIÓNS CORRENTES		21.324	19.825	-1.499	-7,0	50,4	48,7
VII	Transferencias de capital	21.019	20.912	-107	-0,5	49,6	51,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		21.019	20.912	-107	-0,5	49,6	51,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		42.343	40.737	-1.606	-3,8	100,0	100,0
Total		42.343	40.737	-1.606	-3,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orçamento de gastos. Axencia Galega de Calidade Alimentaria

Distribución económica							
		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
I Gastos de persoal	17.260	15.597	-1.663	-9,6	40,8	38,3	
II Gastos en bens correntes e servizos	2.902	3.066	164	5,6	6,9	7,5	
III Gastos financeiros	3	3	0	-0,2	-	-	
IV Transferencias correntes	1.159	1.159	0	-	2,7	2,8	
OPERACIÓNS CORRENTES	21.324	19.825	-1.499	-7,0	50,4	48,7	
VI Investimentos reais	13.414	14.260	846	6,3	31,7	35,0	
VII Transferencias de capital	7.604	6.652	-952	-12,5	18,0	16,3	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	21.018	20.912	-106	-0,5	49,6	51,3	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	42.342	40.737	-1.605	-3,8	100,0	100,0	
IX Pasivos financeiros	1	0	-1	-100,0	-	-	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1	0	-1	-100,0	-	-	
Total	42.343	40.737	-1.606	-3,8	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) foi creado pola Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, e se axusta nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto no Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, de regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, e demais normas de aplicación.

De conformidade co disposto na Disposición Transitoria Terceira, apartado 5º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Intecmar pasará a ser axencia pública autonómica, logo de que as normas de organización e funcionamento e os seus estatutos se adecúen ao disposto na lei para estas figuras.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao INTECMAR, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

- Aplicar a normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.

- A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
- Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña. Neste senso, o persoal técnico da Unidade de Modelado Oceanográfico (UMO) e da Unidade de Documentación e Apoio Científico (UDAC) forma parte do Plan Camgal, regulado polo Decreto 135/2016, do 6 de outubro, régúlase a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O cumprimento dos programas de control do medio mariño que, no ámbito das funcións que establece esta lei, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
- Aquelas funcións que poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos á explotación comercial.

A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia nos artigos 12.5 e 64.3, atribúelle competencias tanto no control da calidade do medio mariño como, en particular, no control do cumprimento dos obxectivos ambientais. Con posterioridade, a disposición adicional quinta da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, atribúulle competencias en relación aos informes de compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais.

Orzamento de ingresos. Inst. Tecnolóxico control do medio mariño

Distribución económica							
				Variación 2026/2025		Valor Relativo	
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
III Tasas, prezos e outros ingresos	83	80	-3	-4,1	1,6	1,4	
IV Transferencias correntes	3.453	3.488	35	1,0	64,6	63,0	
V Ingresos patrimoniais	4	3	-2	-41,4	0,1	-	
OPERACIÓNS CORRENTES	3.540	3.570	30	0,9	66,3	64,5	
VII Transferencias de capital	1.803	1.966	163	9,0	33,7	35,5	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.803	1.966	163	9,0	33,7	35,5	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.343	5.536	193	3,6	100,0	100,0	
Total	5.343	5.536	193	3,6	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Inst. Tecnolóxico control do medio mariño

Distribución económica						
		Variación 2026/2025		Valor Relativo		
Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I Gastos de persoal	2.795	2.816	21	0,8	52,3	50,9
II Gastos en bens correntes e servizos	745	754	9	1,2	13,9	13,6
OPERACIÓNS CORRENTES	3.540	3.570	30	0,9	66,3	64,5
VI Investimentos reais	1.803	1.966	163	9,0	33,7	35,5
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.803	1.966	163	9,0	33,7	35,5
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.343	5.536	193	3,6	100,0	100,0
Total	5.343	5.536	193	3,6	100,0	100,0

(Miles de Euros)



CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

V. CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

Coa plena aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico quedou pechada a estrutura orgánica do sector público autonómico.

Nos orzamentos para o ano 2026 forman parte do orzamento consolidado da comunidade autónoma nove organismos autónomos, dúas entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento que teñen a consideración de organismos autónomos a efectos orzamentarios, e dezaseis axencias públicas autonómicas.


Orzamento consolidado

			Variación 2026/2025		Valor Relativo	
	2025	2026	Importe	%	2025	2026
INGRESOS	15.740.540	16.343.489	602.948	3,83	100,00	100,00
<i>Recursos Propios</i>	<i>9.954.021</i>	<i>10.957.768</i>	<i>1.003.747</i>	<i>10,08</i>	<i>63,24</i>	<i>67,05</i>
Ingresos tributarios	8.194.665	9.105.299	910.633	11,11	52,06	55,71
Ingresos patrimoniais	43.473	23.345	-20.128	-46,30	0,28	0,14
Ingresos por activos e pasivos financeiros	1.715.883	1.829.124	113.241	6,60	10,90	11,19
<i>Recursos Transferidos</i>	<i>5.786.519</i>	<i>5.385.721</i>	<i>-400.799</i>	<i>-6,93</i>	<i>36,76</i>	<i>32,95</i>
Do Estado	4.532.182	4.429.360	-102.822	-2,27	28,79	27,10
Da Unión Europea	1.230.139	944.584	-285.555	-23,21	7,82	5,78
Outros	24.198	11.777	-12.422	-51,33	0,15	0,07
GASTOS	15.740.540	16.343.489	602.948	3,83	100,00	100,00
<i>Xestión Directa</i>	<i>11.169.577</i>	<i>11.641.073</i>	<i>471.496</i>	<i>4,22</i>	<i>70,96</i>	<i>71,23</i>
Gastos de persoal	5.147.121	5.288.781	141.661	2,75	32,70	32,36
Gastos de funcionamento	2.320.587	2.422.382	101.796	4,39	14,74	14,82
Gastos financeiros	214.277	215.107	830	0,39	1,36	1,32
Gastos en activos e pasivos financeiros	1.786.640	2.103.825	317.186	17,75	11,35	12,87
Investimentos	1.684.114	1.594.138	-89.976	-5,34	10,70	9,75
Fondo de continxencia	16.839	16.839	0	-	0,11	0,10
<i>Transferencias ao sector público</i>	<i>1.640.962</i>	<i>1.647.056</i>	<i>6.094</i>	<i>0,37</i>	<i>10,43</i>	<i>10,08</i>
A Corporacións Locais	627.327	621.890	-5.436	-0,87	3,99	3,81
A Sociedades e outros entes públ. da C.A.	990.806	1.005.940	15.134	1,53	6,29	6,15
Outros	22.829	19.226	-3.603	-15,78	0,15	0,12
<i>Transferencias ao sector privado</i>	<i>2.930.002</i>	<i>3.055.360</i>	<i>125.358</i>	<i>4,28</i>	<i>18,61</i>	<i>18,69</i>
Familias e entidades sen ánimo de lucro	2.043.639	2.188.382	144.743	7,08	12,98	13,39
Empresas	886.363	866.978	-19.385	-2,19	5,63	5,30
Total	15.740.540	16.343.489				


(Miles de Euros)

Desta forma, os orzamentos consolidados recollen as contas da administración xeral e de todos as entidades instrumentais que contan cun orzamento limitativo. A supresión das duplicidades que se derivan das transferencias internas realizadas permite apreciar a verdadeira dimensión dos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2026.

Orixe dos Ingresos



Destino dos gastos




Coa elaboración da conta consolidada á que se refire o artigo 51 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, evítase a distorsión que produciría a simple agregación dos estados de gastos e ingresos da administración xeral e do resto de entidades con orzamento limitativo, xa que a maior parte do financiamento destas procede de recursos transferidos dende a Administración xeral, onde xa foi computado a súa vez como ingreso. A consolidación orzamentaria proporciona a visión máis fiel da natureza do gasto da comunidade autónoma así como unha visión global da actividade económico-financeira desta.

A esta conta consolidada, habería que engadir as entidades instrumentais con orzamento estimativo, dada a súa capacidade de xerar ingresos propios a través do sector público empresarial, particularmente activo na realización de investimentos presente unicamente nesta consolidación, a través das transferencias que se autorizan ao seu favor, e que se completa coas actividades que desenvolven as fundacións e os consorcios que forman parte do sector público autonómico.

No ano 2026, despois de deducir 6.750,9 millóns de euros de transferencias internas e gastos por encomendas que se canalizan por medio dos capítulos II, IV e VII de gastos, cara aos capítulos III, IV e VII de ingresos das entidades que consolidan, a suma de ambos orzamentos, que en termos brutos ascendería a 23.094,4 millóns de euros, queda reducida a 16.343,5 millóns en termos consolidados para 2026.

Este é, polo tanto, o orzamento total da comunidade autónoma para este exercicio, incrementándose nun 3,8% respecto ao do ano anterior.



V.1. INGRESOS

Os ingresos non financeiros alcanzan os 14.514,4 millóns de euros nestes orzamentos, incrementándose nun 3,5% respecto aos previstos no ano 2025, como consecuencia do incremento dos ingresos correntes.

Respecto aos correntes, que representan o 92,8% dos non financeiros, aumentan o seu importe en 393 millóns de euros.

As causas fundamentais deste bo comportamento son principalmente ao incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico que aumentan respecto ao ano 2025 en 725,1 millóns de euros.

Dentro dos tributos xestionados pola Comunidade Autónoma, destaca o incremento do Imposto do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados nun 4,1% co respecto ao orzamento 2025, que obedece a unha esperada evolución positiva do mercado inmobiliario e dos prezos e a unha diminución da litixiosidade pola consolidación dos valores de referencia. Tamén se incrementa o Imposto sobre o Patrimonio nun 3,1%.

As transferencias correntes procedentes do Estado, decrecen en 147,9 millóns de euros debido fundamentalmente á liquidación do fondo de garantía de servizos fundamentais do ano 2024 a aos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), xa que o límite previsto para finalizar a execución é, con carácter xeral, o verán de 2026.

Orzamento consolidado de Ingresos

Distribución económica						
Capítulos		2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo
				Importe	%	2025 2026
I	Impostos directos	4.072.768	4.553.428	480.660	11,8	25,9 27,9
II	Impostos indirectos	3.931.866	4.372.321	440.454	11,2	25,0 26,8
III	Taxas, prezos e outros ingresos	190.031	179.550	-10.481	-5,5	1,2 1,1
IV	Transferencias correntes	4.511.795	4.363.863	-147.933	-3,3	28,7 26,7
V	Ingresos patrimoniais	36.167	20.934	-15.233	-42,1	0,2 0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		12.742.627	13.490.095	747.468	5,9	81,0 82,5
VI	Alleamento de investimentos reais	7.306	2.411	-4.895	-67,0	- -
VII	Transferencias de capital	1.274.724	1.021.858	-252.866	-19,8	8,1 6,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.282.030	1.024.269	-257.761	-20,1	8,1 6,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		14.024.657	14.514.364	489.707	3,5	89,1 88,8
VIII	Activos financeiros	100.547	100.546	-1	-	0,6 0,6
IX	Pasivos financeiros	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0	10,3 10,6
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.715.883	1.829.124	113.241	6,6	10,9 11,2
Total		15.740.540	16.343.489	602.948	3,8	100,0 100,0


(Miles de Euros)

A previsión de ingresos de capital dos capítulos VI e VII reducen o seu importe, nun 3,5%, alcanzando os 1.024,3 millóns de euros.

Destaca a redución dos ingresos por alleamentos de investimentos reais nun 67% con respecto ao ano anterior, derivada da redución das venda de soares de solo residencial do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Respecto as transferencias de capital procedentes da Unión Europea, diminúen o seu importe en 252,7 millóns de euros xa que importe do fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) neste capítulo baixan 307,2 millóns de euros ao establecer o límite previsto para finalizar a execución no verán de 2026.

Distribución do orzamento consolidado de Ingresos por Capítulo



V.2. GASTOS

Orzamento consolidado de gastos

Distribución económica						
Capítulos		2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo
				Importe	%	2025 2026
I	Gastos de persoal	5.147.121	5.288.781	141.661	2,8	32,7 32,4
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.320.587	2.422.382	101.796	4,4	14,7 14,8
III	Gastos financeiros	214.277	215.107	830	0,4	1,4 1,3
IV	Transferencias correntes	3.277.464	3.493.784	216.319	6,6	20,8 21,4
OPERACIÓNS CORRENTES		10.959.448	11.420.054	460.606	4,2	69,6 69,9
V	Fondo de continxencia	16.839	16.839	0	-	0,1 0,1
VI	Investimentos reais	1.684.114	1.594.138	-89.976	-5,3	10,7 9,8
VII	Transferencias de capital	1.293.500	1.208.632	-84.868	-6,6	8,2 7,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		2.977.613	2.802.770	-174.843	-5,9	18,9 17,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		13.953.901	14.239.663	285.762	2,0	88,6 87,1
VIII	Activos financeiros	231.988	455.387	223.399	96,3	1,5 2,8
IX	Pasivos financeiros	1.554.652	1.648.438	93.787	6,0	9,9 10,1
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.786.640	2.103.825	317.186	17,8	11,4 12,9
Total		15.740.540	16.343.489	602.948	3,8	100,0 100,0

(Miles de Euros)

Os créditos destinados a operacións correntes ascenden a 11.420,1 millóns de euros o que implica un incremento do 4,2%, respecto do ano 2025.

Por outro lado os créditos destinados a operacións de capital ascenden a 2.802,8 millóns de euros, o que supón un redución do 5,9% respecto do ano anterior derivado dos fondos do MRR.

As dotacións correspondentes a operacións financeiras ascenden a 2.103,8 millóns de euros incrementándose con respecto a 2025 nun 17,8%, sendo a súa compoñente principal a constituída polo servizo da débeda pública. Dentro das atencións financeiras, o capítulo VIII ascende a 455,4 millóns de euros, destaca as achegas patrimoniais á Corporación de Servicios Audiovisuais de Galicia S.A. por 131,4 millóns de euros. Polo que se refire aos pasivos financeiros, que ascenden a 1.648,4 millóns de euros, a súa maior parte está constituída polas operacións de amortización da débeda da Administración Xeral con 1.643,8 millóns de euros. Do resto, a devolución de préstamos reintegrables do IGAPE ascenden a 1,2 millóns de euros e a da Axencia Galega de Innovación por importe de 3,5 millóns de euros.

Orzamento consolidado de gastos

Distribución orgánica						
Seccións	2025	2026	Variación 2026/2025		Valor Relativo	
			Importe	%	2025	2026
1 Parlamento	25.097	25.901	804	3,2	0,2	0,2
2 Consello de Contas	9.922	10.255	333	3,4	0,1	0,1
3 Consello da Cultura Galega	3.333	3.379	45	1,4	-	-
4 Presidencia da Xunta de Galicia	297.579	282.860	-14.719	-4,9	1,9	1,7
5 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	589.450	584.732	-4.717	-0,8	3,7	3,6
6 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	186.223	167.711	-18.512	-9,9	1,2	1,0
7 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	3.046.345	3.090.127	43.782	1,4	19,4	18,9
8 Cons. Política Social e Igualdade	1.323.145	1.390.686	67.541	5,1	8,4	8,5
9 Cons. Economía e Industria	369.550	352.166	-17.384	-4,7	2,3	2,2
10 Cons. Facenda e Administración Pública	250.547	227.561	-22.986	-9,2	1,6	1,4
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	493.563	542.774	49.211	10,0	3,1	3,3
12 Cons. Sanidade	5.213.466	5.426.488	213.022	4,1	33,1	33,2
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	146.469	149.854	3.385	2,3	0,9	0,9
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	494.251	494.555	304	0,1	3,1	3,0
15 Cons. Medio Rural	698.867	705.439	6.572	0,9	4,4	4,3
16 Cons. Mar	220.693	225.621	4.928	2,2	1,4	1,4
20 Consello Consultivo de Galicia	2.400	2.397	-3	-0,1	-	-
21 Transferencias a corporacións locais	168.057	200.314	32.258	19,2	1,1	1,2
22 Débeda Pública da Comunidade Autónoma	1.763.490	1.858.585	95.096	5,4	11,2	11,4
23 Gastos de diversas Consellerías	60.376	225.988	165.612	274,3	0,4	1,4
Administración Xeral	15.362.823	15.967.394	604.571	3,9	97,6	97,7
4 Instituto Galego de Estatística	5.474	5.444	-30	-0,6	-	-
5 Academia Galega de Seguridade Pública	3.668	3.696	28	0,8	-	-
6 Instituto de Estudos do Territorio	6.262	5.893	-369	-5,9	-	-
10 Escola Galega de Administración Pública	5.068	5.121	53	1,0	-	-
11 Inst. Galego da Vivenda e Solo	221.301	269.623	48.322	21,8	1,4	1,6
12 Servizo Galego de Saúde	5.331.749	5.535.690	203.940	3,8	33,9	33,9
14 Inst. Galego de Consumo	7.736	7.844	108	1,4	-	-
14 Inst. Galego Seguridade e Saúde Laboral	7.846	8.006	160	2,0	-	-
15 Fondo Galego de Garantía Agraria	49.571	50.454	883	1,8	0,3	0,3
Organismos Autónomos	5.638.674	5.891.770	253.096	4,5	35,8	36,0
10 Consello Económicos e Social	1.153	1.167	13	1,2	-	-
14 Consello Galego de Relacións Laborais	1.486	1.508	21	1,4	-	-
Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento	2.639	2.674	35	1,3	-	-
4 Axencia de Turismo de Galicia	146.349	125.920	-20.429	-14,0	0,9	0,8
5 A. G. de Emerxencias	10.363	12.562	2.199	21,2	0,1	0,1
7 Axencia Galega de Innovacion	119.877	107.723	-12.154	-10,1	0,8	0,7
8 Axencia Galega de Servizos Sociais	16.477	16.663	187	1,1	0,1	0,1
9 Axencia Galega da Industria Forestal	20.021	24.772	4.751	23,7	0,1	0,2
9 Inst. Galego de Promoción Económica	278.479	280.693	2.214	0,8	1,8	1,7
9 Instituto Enerxético de Galicia	85.620	63.397	-22.223	-26,0	0,5	0,4
10 Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	190.901	165.226	-25.675	-13,4	1,2	1,0
10 Axencia Tributaria de Galicia	20.407	21.600	1.193	5,8	0,1	0,1
11 Axencia Galega de Infraestruturas	265.136	263.305	-1.830	-0,7	1,7	1,6
12 A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	4.961	5.047	86	1,7	-	-
12 A. G. de Sangue, Órganos e Tecidos	28.487	28.583	96	0,3	0,2	0,2
13 Axencia Galega das Industrias Culturais	16.856	16.798	-57	-0,3	0,1	0,1
15 A. G. de Desenvolvemento Rural	55.143	53.982	-1.161	-2,1	0,4	0,3
15 Axencia Galega de Calidade Alimentaria	42.343	40.737	-1.606	-3,8	0,3	0,2
16 Inst. Tecnolóxico control do medio mariño	5.343	5.536	193	3,6	-	-
Axencias Públicas Autonómicas	1.306.763	1.232.544	-74.218	-5,7	8,3	7,5
Total orzamento bruto	22.310.899	23.094.382	783.483	3,5	141,7	141,3
Total transferencias internas	6.570.358	6.750.894	180.535	2,7	41,7	41,3
Total orzamento consolidado	15.740.540	16.343.489	602.948	3,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado de gastos

Distribución Funcional							
Grupos de Funcións		Variación 2026/2025				Valor Relativo	
Funcións	2025	2026	Importe	%	2025	2026	
1 Actuacións de carácter xeral	376.411	388.306	11.895	3,2	2,4	2,4	
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	49.645	51.410	1.765	3,6	0,3	0,3	
12 Administración xeral	97.222	97.351	129	0,1	0,6	0,6	
13 Xustiza	192.888	197.391	4.503	2,3	1,2	1,2	
14 Administración local	22.692	26.546	3.854	17,0	0,1	0,2	
15 Normalización lingüística	11.964	13.008	1.044	8,7	0,1	0,1	
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.000	2.600	600	30,0	-	-	
2 Protección civil e seguranza cidadá	40.277	42.964	2.688	6,7	0,3	0,3	
21 Protección civil e seguridade	40.277	42.964	2.688	6,7	0,3	0,3	
3 Protección e promoción social	1.862.239	1.927.971	65.732	3,5	11,8	11,8	
31 Acción social e promoción social	1.406.142	1.473.389	67.247	4,8	8,9	9,0	
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	446.233	444.234	-1.999	-0,4	2,8	2,7	
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.864	10.348	484	4,9	0,1	0,1	
4 Producción de bens públicos de carácter social	8.912.894	9.222.975	310.081	3,5	56,6	56,4	
41 Sanidade	5.434.958	5.640.613	205.655	3,8	34,5	34,5	
42 Educación	2.971.672	3.020.051	48.380	1,6	18,9	18,5	
43 Cultura	110.006	110.204	198	0,2	0,7	0,7	
44 Deportes	39.145	41.807	2.663	6,8	0,2	0,3	
45 Vivenda	221.301	269.623	48.322	21,8	1,4	1,6	
46 Outros servizos comunitarios e sociais	135.813	140.676	4.863	3,6	0,9	0,9	
5 Producción de bens públicos de carácter económico	1.324.624	1.305.698	-18.927	-1,4	8,4	8,0	
51 Infraestruturas	362.377	341.215	-21.162	-5,8	2,3	2,1	
52 Ordenación do territorio	20.007	19.810	-197	-1,0	0,1	0,1	
53 Promoción de solo para actividades económicas	11.161	10.521	-640	-5,7	0,1	0,1	
54 Actuacións ambientais	222.268	204.319	-17.949	-8,1	1,4	1,3	
55 Actuacións e valorización do medio rural	207.500	250.929	43.429	20,9	1,3	1,5	
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	343.736	341.512	-2.224	-0,6	2,2	2,1	
57 Sociedade da información e do coñecemento	151.949	131.796	-20.153	-13,3	1,0	0,8	
58 Información estatística básica	5.625	5.594	-31	-0,6	-	-	
6 Regulación económica de carácter xeral	138.671	305.598	166.927	120,4	0,9	1,9	
61 Actuacións económicas xerais	33.458	35.778	2.321	6,9	0,2	0,2	
62 Actividades financeiras	105.214	269.820	164.606	156,4	0,7	1,7	
7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	1.151.246	1.091.077	-60.169	-5,2	7,3	6,7	
71 Dinamización económica do medio rural	440.025	408.748	-31.277	-7,1	2,8	2,5	
72 Pesca	143.819	150.154	6.335	4,4	0,9	0,9	
73 Industria, enerxía e minaría	125.543	102.604	-22.939	-18,3	0,8	0,6	
74 Desenvolvemento empresarial	273.782	280.939	7.156	2,6	1,7	1,7	
75 Comercio	21.728	22.712	984	4,5	0,1	0,1	
76 Turismo	146.349	125.920	-20.429	-14,0	0,9	0,8	
8 Transferencias a entidades locais	170.688	200.314	29.626	17,4	1,1	1,2	
81 Transferencias a entidades locais	170.688	200.314	29.626	17,4	1,1	1,2	
9 Débeda pública	1.763.490	1.858.585	95.096	5,4	11,2	11,4	
91 Débeda pública	1.763.490	1.858.585	95.096	5,4	11,2	11,4	
Total	15.740.540	16.343.489	602.948	3,8	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

1-Actuacións de carácter xeral	388.306.395
11-Alta dirección da Comunidade Autónoma	51.410.102
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	6.968.374
Presidencia da Xunta de Galicia	6.968.374
111B-Actividade lexislativa	25.901.000
Parlamento	25.901.000
111C-Control externo do sector público	10.254.619
Consello de Contas	10.254.619
111D-Alto asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia	5.775.463
Consello da Cultura Galega	3.378.636
Consello Consultivo de Galicia	2.396.827
111E-Relacións exteriores	2.510.646
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	2.510.646
12-Administración xeral	97.351.085
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	73.221.776
Presidencia da Xunta de Galicia	3.043.004
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	70.178.772
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma	3.985.511
Presidencia da Xunta de Galicia	3.985.511
121C-Relacións institucionais	906.783
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	906.783
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	3.168.125
Cons. Facenda e Administración Pública	3.168.125
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.	5.120.655
Escola Galega de Administración Pública	5.120.655
123A-Acción social en favor do persoal da Administración	300.000
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	300.000
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública	10.648.235
Cons. Facenda e Administración Pública	5.283.593
Gastos de diversas Consellerías	5.364.642
13-Xustiza	197.391.091
131A-Administración de xustiza	197.391.091
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	190.682.553
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	6.708.538
14-Administración local	26.546.087
141A-Administración local	26.546.087
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	26.546.087
15-Normalización lingüística	13.008.030
151A-Fomento da lingua galega	13.008.030
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	13.008.030
16-Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.600.000
161A-Eleccións e partidos políticos	2.600.000
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	2.600.000

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

2-Protección civil e seguranza cidadá	42.964.118
21-Protección civil e seguridade	42.964.118
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	42.964.118
Academia Galega de Seguridade Pública	3.696.100
A. G. de Emerxencias	12.562.451
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	26.705.567

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

3-Protección e promoción social	1.927.970.800
31-Acción social e promoción social	1.473.389.092
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	58.299.598
Cons. Política Social e Igualdade	53.408.574
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	4.891.024
312A-Protección e inserción social	91.279.929
Cons. Política Social e Igualdade	70.856.772
Cons. Economía e Industria	20.423.157
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia	253.684.935
Axencia Galega de Servizos Sociais	16.663.398
Cons. Política Social e Igualdade	237.021.537
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	25.350.060
Cons. Política Social e Igualdade	1.500.000
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	23.850.060
312D-Programa de atención á dependencia	844.928.975
Cons. Política Social e Igualdade	844.928.975
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores	66.000.125
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	6.437.069
Cons. Política Social e Igualdade	59.563.056
312F-Programas de solidariedade	2.039.850
Cons. Política Social e Igualdade	133.334
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	1.906.516
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social	9.481.499
Cons. Política Social e Igualdade	9.481.499
313A-Servizos á xuventude	24.889.913
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	24.889.913
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller	18.643.874
Cons. Política Social e Igualdade	18.643.874
313C-Servizos sociais comunitarios	53.470.252
Cons. Política Social e Igualdade	53.470.252
313D-Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero	25.320.082
Cons. Política Social e Igualdade	25.320.082
32-Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	444.233.730
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	10.777.432
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	10.777.432
322A-Mellora e fomento da empregabilidade	71.916.628
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	71.916.628
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo	138.683.776
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	138.683.776
323A-Formación profesional desempregados	131.990.145
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	131.990.145
323B-Formación profesional de ocupados	20.660.745
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	20.660.745
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais	24.697.983
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	15.184.412
Consello Galego de Relacións Laborais	1.507.811
Inst. Galego Seguridade e Saúde Laboral	8.005.760
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo	792.459
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	792.459
324C-Promoción da economía social	44.714.562
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	44.714.562
33-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	10.347.978
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	10.347.978
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	10.347.978

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

4-Producción de bens públicos de carácter social	9.222.974.958
41-Sanidade	5.640.612.753
411A-Dirección e servizos xerais de sanidade	69.472.614
A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	30.000
Cons. Sanidade	16.015.028
Servizo Galego de Saúde	53.427.586
412A-Atención hospitalaria	3.600.866.375
A. G. de Sangue, Órganos e Tecidos	28.582.859
Servizo Galego de Saúde	3.572.283.516
412B-Atención primaria	1.747.585.670
Servizo Galego de Saúde	1.747.585.670
413A-Protección e promoción da saúde pública	128.462.041
Cons. Sanidade	112.444.512
Servizo Galego de Saúde	16.017.529
414A-Formación de graduados e posgraduados	94.226.053
A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	1.000.020
Servizo Galego de Saúde	93.226.033
42-Educación	3.020.051.462
421A-Dirección e servizos xerais de educación	44.805.633
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	35.357.100
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	9.448.533
422A-Educación infantil, primaria e ESO	1.045.584.339
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.045.584.339
422C-Ensinanzas universitarias	440.367.764
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	440.367.764
422D-Educación especial	61.925.276
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	61.925.276
422E-Ensinanzas artísticas	46.594.398
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	46.594.398
422G-Ensinanzas especiais	23.705.919
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	23.705.919
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado	3.273.565
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	3.273.565
422K-Ensinanzas pesqueiras	12.384.249
Cons. Mar	12.384.249
422L-Capacitación e extensión agroforestal	8.091.765
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	8.091.765
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	1.054.369.759
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.053.006.153
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	1.363.606
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza	249.982.383
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	124.691.429
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	125.290.954
423B-Prevención do abandono escolar	28.966.412
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	28.966.412
43-Cultura	110.204.279
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	11.841.051
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	11.841.051
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	31.390.158
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	31.390.158
432B-Fomento das actividades culturais	44.778.158
Axencia Galega das Industrias Culturais	16.798.222
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	27.979.936
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	22.194.912
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	22.194.912
44-Deportes	41.807.420
441A-Promoción da actividade deportiva	41.807.420
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	41.807.420
45-Vivenda	269.622.788
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	71.931.420
Inst. Galego da Vivenda e Solo	71.931.420
451B-Acceso á vivenda	197.691.368
Inst. Galego da Vivenda e Solo	197.691.368
46-Outros servizos comunitarios e sociais	140.676.256
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	6.104.456
Presidencia da Xunta de Galicia	6.104.456

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

461B-Radiodifusión e TVG	134.571.800
Presidencia da Xunta de Galicia	134.571.800

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

5-Produción de bens públicos de carácter económico	1.305.697.500
51-Infraestruturas	341.214.639
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	7.555.114
Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	7.555.114
512A-Ordenación e inspección do transporte	64.093.374
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	64.093.374
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	247.657.578
Axencia Galega de Infraestruturas	247.657.578
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	12.408.573
Cons. Mar	12.408.573
514A-Infraestruturas pesqueiras	9.500.000
Cons. Mar	9.500.000
52-Ordenación do territorio	19.810.328
521A-Urbanismo	19.810.328
Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	19.810.328
53-Promoción de solo para actividades económicas	10.521.283
531A-Promoción de solo para actividades económicas	10.521.283
Cons. Economía e Industria	10.521.283
54-Actuacións ambientais	204.319.451
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	7.806.461
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	7.806.461
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	48.684.387
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	48.684.387
541C-Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo	36.602.937
Cons. Mar	31.066.970
Inst. Tecnolóxico control do medio mariño	5.535.967
541D-Control ambiental e xestión de residuos	32.231.268
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	32.231.268
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	27.959.081
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	22.065.966
Instituto de Estudos do Territorio	5.893.115
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	51.035.317
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	51.035.317
55-Actuacións e valorización do medio rural	250.929.419
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	37.083.808
Cons. Medio Rural	37.083.808
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal	213.845.611
Cons. Medio Rural	213.845.611
56-Investigación, desenvolvemento e innovación	341.512.385
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	191.823.653
Axencia Galega de Innovación	107.722.503
Axencia Galega da Industria Forestal	2.070.568
Cons. Economía e Industria	14.858.614
Instituto Enerxético de Galicia	665.525
Inst. Galego de Promoción Económica	42.071.599
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	19.461.159
Cons. Mar	4.973.685
561B-Investigación universitaria	118.576.744
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	118.576.744
561C-Investigación sanitaria	31.111.988
A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	4.016.673
Servizo Galego de Saúde	27.095.315
57-Sociedade da información e do coñecemento	131.796.032
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	131.796.032
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	131.796.032
58-Información estatística básica	5.593.963
581A-Elaboración e difusión estatística	5.593.963
Instituto Galego de Estatística	5.443.823
Inst. Galego Seguridade e Saúde Laboral	140
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	150.000

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

6-Regulación económica de carácter xeral	305.598.179
61-Actuacións económicas xerais	35.778.362
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	19.055.302
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	12.381.663
Cons. Facenda e Administración Pública	5.507.043
Consello Económicos e Social	1.166.596
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	8.879.047
Cons. Facenda e Administración Pública	8.879.047
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia	7.844.013
Inst. Galego de Consumo	7.844.013
62-Actividades financeiras	269.819.817
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	98.648.799
Axencia Tributaria de Galicia	21.599.534
Cons. Facenda e Administración Pública	12.670.410
Axencia Galega de Infraestruturas	15.647.784
Gastos de diversas Consellerías	48.731.071
621B-Imprevistos e funcións non clasificadas	171.171.018
Gastos de diversas Consellerías	171.171.018

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

7-Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	1.091.077.057
71-Dinamización económica do medio rural	408.747.647
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	34.450.189
Cons. Medio Rural	34.450.189
712A-Fixación de poboación no medio rural	54.382.205
A. G. de Desenvolvemento Rural	53.982.205
Gastos de diversas Consellerías	400.000
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	129.169.081
Cons. Medio Rural	88.974.265
Fondo Galego de Garantía Agraria	40.194.816
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria	872.645
Cons. Medio Rural	872.645
713B-Ordenación das producións forestais	85.710.980
Cons. Medio Rural	85.710.980
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables	8.691.122
Cons. Medio Rural	8.691.122
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria	21.289.086
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	11.670.417
Cons. Medio Rural	9.618.669
713E-Benestar animal e sanidade vexetal	63.185.487
Cons. Medio Rural	63.185.487
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	10.996.852
Cons. Medio Rural	737.741
Fondo Galego de Garantía Agraria	10.259.111
72-Pesca	150.154.012
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	12.902.982
Cons. Mar	12.582.082
Gastos de diversas Consellerías	320.900
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	3.766.288
Cons. Mar	3.766.288
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	72.477.617
Cons. Mar	72.477.617
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca	38.081.815
Cons. Mar	38.081.815
723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca	22.925.310
Cons. Mar	22.925.310
73-Industria, enerxía e minaría	102.604.497
731A-Dirección e servizos xerais de industria	8.953.340
Cons. Economía e Industria	8.953.340
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	21.032.649
Cons. Economía e Industria	21.032.649
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	64.428.843
Cons. Economía e Industria	3.408.198
Instituto Enerxético de Galicia	61.020.645
734A-Fomento da minaría	8.189.665
Cons. Economía e Industria	8.189.665
74-Desenvolvemento empresarial	280.938.623
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	280.938.623
Axencia Galega da Industria Forestal	22.701.431
Inst. Galego de Promoción Económica	238.621.693
Cons. Medio Rural	19.615.499
75-Comercio	22.712.250
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	22.712.250
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	22.712.250
76-Turismo	125.920.028
761A-Potenciación e promoción do turismo	125.920.028
Axencia de Turismo de Galicia	125.920.028

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

8-Transferencias a entidades locais	200.314.115
81-Transferencias a entidades locais	200.314.115
811B-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da C. A.	187.314.115
Transferencias a corporacións locais	187.314.115
811C-Outros soportes financeiros ás entidades locais	13.000.000
Transferencias a corporacións locais	13.000.000

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

9-Débeda pública	1.858.585.440
91-Débeda pública	1.858.585.440
911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública	1.858.585.440
Débeda Pública da Comunidade Autónoma	1.858.585.440

A CONTA FINANCEIRA

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que os orzamentos xerais da comunidade autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

No ano 2026 o aforro por operacións correntes se incrementa ata os 2.070 millóns de euros motivado principalmente pola suba que experimentan os ingresos correntes derivados do sistema de financiación autonómico.

Os ingresos por operacións de capital con 1.024 millóns de euros reducen o seu importe nun 20,6 % respecto ao ano anterior e os gastos de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.802,7 millóns de euros, reducíndose un 5,9% respecto ao ano 2025, principalmente pola redución do MRR. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.778,5 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha capacidade de financiamento de 274,7 millóns de euros, incrementándose en 203,9 millóns de euros respecto ao ano anterior,

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha capacidade de financiamento de 274,7 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos alcanza os 80,1 millóns de euros. Este endebedamento neto financia unha parte dos activos financeiros.

Conta Financeira				
Operacións Correntes	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Ingresos	12.742.627	13.490.095	747.468	5,9
Impostos directos	4.072.768	4.553.428	480.660	11,8
Impostos indirectos	3.931.866	4.372.321	440.454	11,2
Taxas, prezos e outros ingresos	190.031	179.550	-10.481	-5,5
Transferencias correntes	4.511.795	4.363.863	-147.933	-3,3
Ingresos patrimoniais	36.167	20.934	-15.233	-42,1
Gastos	10.959.448	11.420.054	460.606	4,2
Gastos de persoal	5.147.121	5.288.781	141.661	2,8
Gastos en bens correntes e servizos	2.320.587	2.422.382	101.796	4,4
Gastos financeiros	214.277	215.107	830	0,4
Transferencias correntes	3.277.464	3.493.784	216.319	6,6
Aforro bruto	1.783.179	2.070.041	286.862	16,1
Operacións de Capital	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Ingresos	1.282.030	1.024.269	-257.761	-20,1
Alleamento de investimentos reais	7.306	2.411	-4.895	-67,0
Transferencias de capital	1.274.724	1.021.858	-252.866	-19,8
Gastos	2.977.613	2.802.770	-174.843	-5,9
Investimentos reais	1.684.114	1.594.138	-89.976	-5,3
Transferencias de capital	1.293.500	1.208.632	-84.868	-6,6
Formación de Capital	1.695.583	1.778.501	82.918	4,9
Fondo de continxencia	16.839	16.839	0	0,0
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	70.757	274.701	203.944	288,2
Operacións Financeiras	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Atencións	1.786.640	2.103.825	317.186	17,8
Activos financeiros	231.988	455.387	223.399	96,3
Pasivos financeiros	1.554.652	1.648.438	93.787	6,0
Recursos	1.715.883	1.829.124	113.241	6,6
Activos financeiros	100.547	100.546	-1	0,0
Endebemento bruto	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	70.757	274.701	203.944	288,2

(Miles de Euros)

Endebedamento Neto	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Endebedamento bruto	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0
Amortizacións	1.554.652	1.648.438	93.787	6,0
Endebedamento Neto	60.684	80.140	19.456	32,1

Destino Endebedamento Neto	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Endebedamento que financia activos financeiros	60.684	60.427	-257	-0,4
Resto Endebedamento Neto	0	19.713	19.713	
Endebedamento Neto	60.684	80.140	19.456	32,1

Operacións Financeiras	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Atencións	1.786.640	2.103.825	317.186	17,8
Activos financeiros	231.988	455.387	223.399	96,3
Prestamos e avais a empresas IGAPE	95.750	95.750	0	0,0
Activos financeiros Innovación	1.584	1.870	286	18,1
Activos financeiros Vivenda	640	42.001		
Resto Activos financeiros	134.014	315.766	181.752	135,6
Pasivos financeiros	1.554.652	1.648.438	93.787	6,0
Amortización débeda IGAPE	1.160	1.160	0	0,0
Outras devolucións de préstamos	4.002	3.507	-495	-12,4
Amortización débeda financeira	1.549.490	1.643.771	94.282	6,1
Recursos	1.715.883	1.829.124	113.241	6,6
Activos financeiros	100.547	100.546	-1	0,0
Reintegro empresas préstamos IGAPE	17.000	17.000	0	0,0
Reintegro subvencións reintegrables	2.804	2.804	0	0,0
Fondos financeiroa IGAPE	79.910	79.910		
Outros ingresos de activos financeiros	833	832	-1	-0,1
Endebedamento bruto	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0
Débeda financeira da C. Autónoma	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	70.757	274.701	203.944	288,2

(Miles de Euros)



ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

O artigo 4.1 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia supedita a política orzamentaria dos distintos axentes que integran o sector público autonómico ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Este precepto ven a concretar o mandato xeral recollido na normativa básica que rexe a actividade económico financeira da comunidade autónoma, artigo 3 da Lei de estabilidade orzamentaria e artigo 46 da Lei de réxime financeiro da comunidade autónoma, que consagra a elaboración do orzamento ao mantemento da estabilidade orzamentaria.

Tamén a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 27 que “os orzamentos de cada administración pública acompañaranse da información precisa para relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais”.

Enténdese por estabilidade orzamentaria, aplicable a todos os entes que integran o sector público autonómico agás os sinalados no parágrafo seguinte, a situación de equilibrio ou de superávit estrutural, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (en diante, SEC-2010), e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións públicas.

Así mesmo, os entes e sociedades mercantís que pertencen ao sector público autonómico e non se financien maioritariamente con achegas da Xunta de Galicia deberán elaborar, aprobar e executar os seus orzamentos nunha posición de equilibrio financeiro.

O SEC-2010 é un sistema de Contabilidade Nacional e constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto, débese atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na fase da súa execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como se comentou anteriormente, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, nos ingresos e nos gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

- Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.
- Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector. De seguido descríbense os que se tiveron en conta para expresar o resultado orzamentario en termos de contabilidade nacional:

AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL

Os axustes tidos en conta para a elaboración do orzamento foron os seguintes:

- Outras unidades consideradas AAPP: axuste pola diferenza entre os importes que a administración central e a seguridade social contabilizan como obrigas a favor da comunidade autónoma e os importes contabilizados como dereitos recoñecidos por esta. Soen ser importes que se recadan a principios de exercicio e que se recoñeceron como obrigas no exercicio precedente polas administracións pagadoras. Igualmente recóllense aquí as achegas de capital achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico xa que se consideran gasto non financeiro. A máis importante é a da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A. para compensar perdas. Tamén se consideran gasto as achegas a Fundacións do sector público autonómico.

- Recadación incerta: diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores.

- Intereses devindicados: no orzamento os intereses rexístranse no exercicio no que se produce o seu vencemento, mentres que o criterio de contabilidade nacional determina a imputación ao exercicio dos intereses devindicados no mesmo.

- Axustes por execución de avais: recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declarados falidos e que se pagan por unha aplicación do capítulo VIII.

- Estradas por concesión: en contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no intre en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon mediante o que se amortiza, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.

- E, por último, como maior ingreso recóllese o axuste debido ao pago da anualidade das contías aprazadas polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

De seguido recóllese un estado descritivo dos cálculos do orzamento en termos de contabilidade nacional e o resultado coma porcentaxe do PIB estimado para Galicia, así como a súa comparativa co exercicio anterior.


Igualmente, aos efectos de calcular o PIB nominal relevante para o cálculo da necesidade máxima de financiamento da comunidade autónoma, aplícanse as instrucións do Ministerio de Facenda que parten do último PIB rexional de Galicia estimado polo INE, ao que se lle aplican os crecementos do PIB nominal do cadro macroeconómico presentado polo Estado.

En base a esta metodoloxía a Comunidade Autónoma de Galicia non recorrerá ao endebedamento como fonte de financiamento por segundo ano consecutivo.

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Ingresos Correntes	12.743	13.490	747	5,9
Gastos Correntes	10.959	11.420	461	4,2
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	1.783	2.070	287	16,1
Fondo de continxencia	17	17	0	0,0
Ingresos de Capital	1.282	1.024	-258	-20,1
Gastos de Capital	2.978	2.803	-175	-5,9
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.696	-1.779	-83	4,9
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	71	275	204	288,2
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-117	-121	-4	3,4
Recadación incerta	-48	-88	-40	83,3
Xuros devindicados				
Outros axustes	9	-5	-14	-155,6
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-71	-129	-58	81,7
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	0	146	146	

(Miles de Euros)

	2025	2026
% PIB Galicia	0,0	0,2
PIB Galicia estimado	82.215	89.216



ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto, a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que, para o conxunto da sociedade, supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as entidades públicas empresariais.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo, polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia, ou tutela, da Administración xeral de Galicia, ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

A Resolución de 1 de xullo do ano 2025, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2025, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás entidades públicas empresariais son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001, xunto cun cadro de estado de fluxos de efectivo adaptado que permita a homoxeneización das estruturas orzamentarias

Na formulación do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF), que estes entes deben presentar, deberán ter en conta os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais, sectoriais e transversais que os poidan afectar e, en concreto, os

obxectivos que recolla o programa orzamentario consolidado que conteña, se é o caso, as transferencias correntes e de capital para financiar as actividades e os proxectos do ente.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais para o ano 2026, así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Entidades públicas empresariais


	Explotación	Capital
Portos de Galicia	20.494	14.600
Augas de Galicia	50.764	100.954
Total	71.258	115.554

(Miles de Euros)

Entidades públicas empresariais

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Portos de Galicia	0	12.409
Augas de Galicia	0	51.035
TOTAL	0	63.444

(Miles de Euros)



CONSORCIOS AUTONÓMICOS

VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, inclúe, dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos dos consorcios nos que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan os consorcios.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas na Lei 16/2010, achega maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se compromete, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental do sector público autonómico.

Os consorcios autonómicos son entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma dotadas de personalidade xurídica propia, que suxeitan a súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

A Resolución de 1 de xullo do ano 2025, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2025, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos consorcios son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001, así como os principios e normas de contabilidade pública.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital dos consorcios para o ano 2026:

Consortios autonómicos

	Explotación	Capital
Axencia Protección Legalidade Urbanística	4.187	1.061
Cons. Galego Serv. Igualdade e Benestar	116.291	1.134
Cons. Axe. Calidade Sisteme Universit.	1.539	17
Cons. Extensión Universit. e Divulg. Amb.	605	23
Cons. Rede abast. Auga en Cervo e Burela	386	
Cons. Casco Vello de Vigo	503	2.197
Cons. Local dos Peares	77	4
Total	123.588	4.436

(Miles de Euros)



SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica, que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto, a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da citada lei, son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen ter a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopan nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios.
- b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei, teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben, mediante acordos con outros socios.

A Resolución de 1 de xullo do ano 2025, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2025, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir,

presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación, preséntanse os orçamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2026, así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	12.827	407
Soc. Pública de Inwestimentos de Galicia	5.795	1.741
SODIGA Galicia, Soc. de capital risco	772	10
Xesgalicia, Soc.Xest.Ent. Capital Risco	2.781	28
Galicia Calidade, S.A.U.	1.396	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	2.715	576
Soc. Anónima de xestión do Plan Xacobeo	8.876	
Emp. Públ. de Servizos Agrarios Galegos	46.028	550
Xenética Fontao, S.A.	4.971	334
GALARIA Empr. Públ. de Servizos Sanitarios	18.413	2.907
Soc. Galega de Medio Ambiente, S.A.	131.646	16.963
XESTUR Galicia	38.565	80
Corporación Radio Televisión de Galicia	131.064	8.930
Sociedade de Vivenda Pública de Galicia	77.874	19
Total	483.725	32.544

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Soc. Pública de Invetimentos de Galicia	0	11.712
Galicia Calidade, S.A.U.	496	660
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	775	895
Soc. Anónima de xestión do Plan Xacobeo	6.499	0
Emp. Públ. de Servizos Agrarios Galegos	0	15.280
Xenética Fontao, S.A.	150	0
GALARIA Empr. Públ. de Servizos Sanitarios	19.199	0
Soc. Galega de Medio Ambiente, S.A.	0	10.000
XESTUR Galicia	237	10.000
Corporación Radio Televisión de Galicia	0	250
TOTAL	27.355	48.797

(Miles de Euros)



FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26 do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1, recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A Resolución de 1 de xullo do ano 2025, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2025, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións para o ano 2026:

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fund. Públ. Cidade da Cultura de Galicia	11.483	3.470
Fund. Públ. Urgencias Sanit. Galicia 061	102.853	227
Fund. de Medicina Xenómica	14.752	
Fundación Galicia Europa	863	7
Fund. para a tutela de persoas adultas	2.891	4
Fundación Semana Verde de Galicia	3.936	
Fund. Públ. Artesanía de Galicia	1.218	2
Fund. Centro Supercomputación Galicia	6.065	61.451
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	202	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	752	64
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.477	51
Inst. Feiral de A Coruña	672	
Inst. Feiral De Vigo	1.230	60
Fund. Centro Tecnolóxico da Carne	2.241	285
Fundación Deporte Galego	6.075	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.541	
Fundación Galega Formación para o Traballo	688	3
Fundación Camilo José Cela	377	
Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC)	12.295	365
Fund. Instit. Invest. Sanitaria Santiago	25.851	1.200
Fund. Museo do Mar	1.271	
Fundación Biomédica Galicia Sur	9.108	300
Fundación C.T. do Granito de Galicia	388	
FPG Talento Investigador Alto Nivel	3.934	
Total	215.164	67.499

(Miles de Euros)



DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, establece o ámbito subxectivo do sector público de acordo ca definición e delimitación do Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, entre o que se inclúe ás Comunidades Autónomas; tamén se considera sector público ao resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes daquela. Dentro do ámbito normativo da Comunidade Autónoma está en vigor a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que tamén será de aplicación en todo o que non contraveña o disposto na Lei orgánica.


Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

1. Entidades con orzamentos limitativos: a administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
2. Entidades con orzamentos estimativos: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais e fundacións do sector público autonómico.

A continuación, recóllese os estados consolidados do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, do sector público autonómico para o ano 2026.

Orzamento de ingresos do sector público autonómico 2026													
Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OOA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓN PÚBLICAS	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTIS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	4.553.428			4.553.428		4.553.428					4.553.428		4.553.428
II	4.372.321			4.372.321		4.372.321					4.372.321		4.372.321
III	95.413	69.362	40.698	205.473	25.923	179.550	51.554	17.267	110.284	248.580	607.235	25.193	582.042
IV	4.200.365	5.138.025	190.352	9.528.741	5.164.879	4.363.863	165.294	107.239	46	27.676	4.664.118	255.291	4.408.827
V	6.440	10.415	4.079	20.934		20.934	1.139	192	675	3.341	26.281		26.281
Correntes	13.227.967	5.217.801	235.129	18.680.897	5.190.802	13.490.095	217.987	124.698	111.006	279.597	14.223.383	280.485	13.942.898
VI	155	2.150	106	2.411		2.411	0	596	0	727	3.734		3.734
VII	1.007.748	673.803	900.399	2.581.950	1.560.092	1.021.858	54.585	2.735	72.022	12.927	1.164.127	158.729	1.005.398
Capital	1.007.903	675.953	900.505	2.584.361	1.560.092	1.024.269	54.585	3.331	72.022	13.654	1.167.860	158.729	1.009.131
VIII	2.946	690	96.910	100.546		100.546	12.065	1.512	3.784	17.100	135.007	182.982	-47.975
IX	1.728.578			1.728.578		1.728.578	485	0	0	260.924	1.989.987		1.989.987
Financieiros	1.731.524	690	96.910	1.829.124	0	1.829.124	12.550	1.512	3.784	278.024	2.124.994	182.982	1.942.012
TOTAL	15.967.394	5.894.444	1.232.544	23.094.382	6.750.894	16.343.489	285.121	129.541	186.812	571.275	17.516.237	622.196	16.894.042
ORZAMENTO LIMITATIVO				ORZAMENTO ESTIMATIVO				ORZAMENTO CONSOLIDADO					
(Miles de Euros)													

Orzamento de gastos do sector público autonómico 2026												
Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OOA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓN PÚBLICA	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTIS	TRANSF. INTERNAS TOTAL	CONSOLIDADO
I	2.716.657	2.424.622	147.503	5.288.781		5.288.781	74.385	76.423	17.230	96.454	5.553.274	5.553.274
II	727.313	1.665.194	55.799	2.448.306	25.923	2.422.382	135.893	47.110	53.138	384.469	3.042.993	3.042.993
III	214.915	3	188	215.107		215.107	121	0	205	2.802	218.234	218.234
IV	7.510.920	1.116.583	31.160	8.658.662	5.164.879	3.493.784	4.765	55	685	0	3.499.288	3.243.996
Correntes	11.169.805	5.206.401	234.649	16.610.856	5.190.802	11.420.054	215.164	123.588	71.258	483.725	12.313.789	12.058.498
V	5.439	11.400		16.839		16.839					16.839	16.839
VI	599.878	526.985	467.274	1.594.138		1.594.138	67.499	3.653	103.623	32.544	1.801.456	1.776.262
VII	2.233.906	107.007	427.812	2.768.724	1.560.092	1.208.632	0	784	11.930	0	1.221.347	1.052.617
Capital	2.833.784	633.992	895.086	4.362.862	1.560.092	2.802.770	67.499	4.436	115.554	32.544	3.022.802	2.828.880
VIII	314.595	42.651	98.142	455.387		455.387	2.325	1.517	0	19.656	478.884	305.903
IX	1.643.771		4.667	1.648.438		1.648.438	134	0	0	35.351	1.683.923	1.683.923
Financieiros	1.958.366	42.651	102.809	2.103.825	0	2.103.825	2.458	1.517	0	55.006	2.162.807	1.989.825
TOTAL	15.967.394	5.894.444	1.232.544	23.094.382	6.750.894	16.343.489	285.121	129.541	186.812	571.275	17.516.237	16.894.042
ORZAMENTO LIMITATIVO						ORZAMENTO ESTIMATIVO						ORZAMENTO CONSOLIDADO
												(Miles de Euros)



O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026

I

A Lei de orzamentos para o exercicio 2026 presenta o marco cifrado, conxunto e sistemático da política económica e financeira do Goberno galego, que dá continuidade á orientación estratéxica de consolidación do crecemento sustentable, da estabilidade orzamentaria e do fortalecemento do Estado do benestar. Estes orzamentos defínense como unha ferramenta clave para afrontar con responsabilidade os retos de futuro, garantir a calidade dos servizos públicos e impulsar un desenvolvemento equilibrado e inclusivo no conxunto do territorio galego.

O contexto económico internacional mantén un escenario de moderación, no que se observa unha progresiva normalización das condicións monetarias e unha estabilización dos prezos enerxéticos e das cadeas de subministración. Na zona euro, prevese un crecemento do PIB do 1,4% para 2026, mentres que en Galicia estímase un crecemento do 1,9%, consolidando así seis anos medrando por encima do nivel prepandemia e catro anos superando as previsións iniciais. Esta diferenza é aínda máis notable no PIB per cápita a prezos constantes, que no período 2019-2024 acadou un incremento do 6,6% en Galicia, moi por riba do 3% de España e do 4,5% da UE-27.

A boa marcha da economía galega maniféstase nun mercado laboral dinámico, con 83.743 afiliados máis á Seguridade Social e 52.223 parados menos desde decembro de 2019, o que permitirá que a taxa de paro se sitúe no 7,8% en 2026, por debaixo do 8% por primeira vez. Ademais, a produtividade da economía galega sitúase entre as máis dinámicas do Estado, cun crecemento acumulado entre 2019 e 2023 que a sitúa entre as comunidades autónomas con maior aumento. O sector exterior mostra unha notable resistencia ante a crise arancelaria, mantendo unha tendencia crecente nas exportacións, que acadaron os 31.080 millóns de euros en 2025.

Neste escenario, os Orzamentos do 2026 céntranse en consolidar a recuperación e avanzar cara a un futuro de maior calidade de vida, cunha estratexia baseada en tres piares fundamentais:

Unha política fiscal responsable que mantén a débeda pública nun dos niveis máis baixos entre as comunidades autónomas, garantindo a sustentabilidade das contas públicas e o cumprimento das regras fiscais.

O reforzo dos servizos públicos esenciais, cunha aposta decidida polas políticas sociais que se materializa no fortalecemento da saúde pública, coa mellora da atención primaria e a modernización da rede sanitaria, a potenciación do sistema de dependencia mediante un incremento significativo dos recursos, a consolidación da educación gratuíta en todas as etapas educativas e o fomento do emprego a través do apoio ao emprendemento e á reinserción laboral.

O impulso á transformación produtiva e á cohesión territorial, mediante un importante incremento do investimento en I+D+i para proxectos estratéxicos de vangarda, unha política de vivenda activa que promove o acceso á vivenda protexida e a rehabilitación do parque existente, unha estratexia integral de protección medioambiental que inclúe a prevención de incendios e a recuperación de zonas queimadas, o fomento dun turismo sustentable coa preparación do Xacobeo 2027 como eixe central e o reforzo da cohesión territorial a través dun significativo aumento da cooperación local.

O límite de gasto non financeiro para 2026 establécese nun récord histórico, reflectindo a vontade do Goberno galego de reforzar os servizos públicos e apoiar ás familias e empresas. Este esforzo finánciase case na súa totalidade con financiamento ordinario, mantendo o equilibrio orzamentario sen necesidade de recorrer ao endebedamento, nun marco de responsabilidade fiscal que avala a solidez das contas públicas galegas.

II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezasete disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orçamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orçamentos iniciais e ao réxime das modificacións de crédito, posto que, no seu capítulo I, baixo a epígrafe «Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento», se aproban os ingresos e os gastos que compoñen os orçamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, polos dos organismos autónomos, polos correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta –que, para os efectos orzamentarios, teñen a consideración de organismos autónomos–, polos das axencias públicas autonómicas, polos das entidades públicas empresariais, polos dos consorcios autonómicos, polos das sociedades mercantís e polos das fundacións.

No capítulo I defínese o ámbito dos orçamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a tipoloxía das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase, igualmente, o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos destinados especificamente aos orçamentos das entidades instrumentais, autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen a natureza de créditos amplia-

bles, entre os que se inclúen os créditos destinados a pagar as vacinas, e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial, e fixa que non poderá experimentar ningún incremento con respecto á vixente no 31 de decembro de 2025, en termos homoxéneos, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade. Ademais, recolle que, para o ano 2026, só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e aos requisitos establecidos na normativa básica estatal. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de persoal funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión ou ás encargas a medios propios.

O capítulo II, baixo a epígrafe «Dos réximes retributivos», establece as retribucións dos altos cargos e doutro persoal directivo, así como as das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, que non experimentarán un incremento respecto das vixentes no 31 de decembro de 2025. Do mesmo modo, no que atinxe o persoal funcionario, o persoal laboral, o persoal ao servizo das institucións sanitarias e mais o persoal dos corpos de funcionarias e funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, aquelas manteranse nas contías vixentes no 31 de decembro de 2025. Todo isto sen prexuízo do establecido na disposición adicional oitava, que habilita a consellería competente en materia de facenda a levar a cabo as xestións necesarias para facer efectivos os aumentos retributivos, no seu límite máximo, habilitados pola normativa básica estatal.

O capítulo III, baixo o título «Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo», recolle que, para o ano 2026, as relacións de postos de traballo deberán modificarse para as axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal, sen que se poidan prover aqueles postos para os cales non estea prevista unha dotación, e, ademais, recolle que no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, para substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para determinar ou modificar as retribucións do persoal laboral e non-funcionario, do persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, do nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non-universitarios, das profesoras e profesores de corpos docentes e do persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás «Universidades», fixa o límite máximo dos custos do persoal das tres universidades públicas galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicar mensualmente a provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inadiabables. Alén diso, establécese que as universidades públicas galegas poderán aplicar a taxa de reposición prevista na normativa básica estatal, con respecto das dispoñibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos relativos ás operacións de crédito e ao afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese que, para o ano 2026, a posición neta debedora da Comunidade Autónoma non se poderá incrementar. Tamén se regulan as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. No tocante ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público, a única excepción refírese ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), na cal se recolle a posibilidade, para os préstamos directos, de que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios ou as adxudicatarias que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao IGVS, e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2026 a contía máxima dos avais que o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) pode conceder, cun importe que non supere o saldo efectivo vixente de cincocentos millóns de euros (500.000.000 €). Así mesmo, incorpórase a autorización concernente á concesión de avais para articular os instrumentos financeiros incluídos no Plan estratéxico da Política agraria común de España (PEPAC) 2023-2027, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Tamén se recolle a autorización ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para conceder avais por un importe máximo de cinco millóns de euros, con destino á compra da primeira vivenda por parte de persoas menores de trinta e seis anos e cun límite máximo do vinte por cento do prezo de compravenda.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos de substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento, á autorización do Consello da Xunta para tramitar determinados expedientes de gasto, á regulación das transferencias de financiamento, ás subvencións nominativas, á concesión directa de axudas e subvencións, á simplificación da acreditación de cumprir as obrigas tributarias coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma para determinados supostos, ao pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, ao informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda e Administración Pública, que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e mais aos expedientes de dotación artística e ao módulo económico de distribución de fondos públicos para a sustentación de centros concertados. Neste establécese a posibilidade de que a Administración autonómica acepte pagamentos á conta para as retribucións do persoal docente do colectivo de empresas do ensino privado, desde o 1 de xaneiro ata o momento en que se asinen as táboas salariais para o ano 2026.

O título V, dedicado ás «Corporacións locais», regula o financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

O Fondo de Cooperación Local no ano 2026 alcanzará a cantidade máis elevada da serie histórica.

Os concellos percibirán o mesmo importe do fondo base que no exercicio 2025. Os importes restantes repartiranse, unha vez entre en vigor a nova Lei de Administración Local, actualmente en tramitación, cos criterios de evolución e de reparto que a dita Lei estableza.

Non obstante o anterior, no ano 2026 coa finalidade de non demorar a súa execución, crearanse dous novos subfondos con carácter transitorio destinados aos investimentos en infraestruturas municipais que supoñan un desenvolvemento estratéxico do punto de vista económico, social ou territorial do concello co obxecto de garantir a execución dos investimentos durante o exercicio orzamentario e o subfondo destinado ao financiamento do Plan de retirada sistemática de tartagueiros ou niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*)

No título VI, relativo ás «Normas tributarias», inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada e o canon eólico.

O contido desta Lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas cales se recollen uns preceptos de índole moi variada.

As disposicións adicionais regulan, entre outras materias: a información ao Parlamento; o orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e os requisitos de creación; a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación; as normas para a remisión de información económico-financeira e o control desta, coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, con relación ás axencias e aos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma que deben auditar as súas contas anuais; a venda de solo residencial por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo; as retribucións dos consellos de administración; as prestacións extraordinarias para as persoas beneficiarias de pensións e subsidios non-contributivos, e, no que atinxe os gastos de persoal, a autorización para modificar os cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, e no caso dos centros concertados recóllense as normas dos módulos económicos e, ademais, no suposto de que se recolla nunha disposición un incremento nos módulos estatais para a distribución dos fondos públicos para a sustentación dos centros concertados, aplicarase o mesmo incremento na nosa comunidade, a habilitación ao Consellería de Facenda e Administración Pública para efectuar determinadas modificacións orzamentarias e tamén se regulan as contías das axudas

directas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

Regúlase, ademais, o dereito a percibir unha axuda económica a través da Tarxeta Benvida para todas as familias nas que se vaia producir ou xa se producira, no ano 2026, un nacemento, unha adopción, un acollemento familiar ou unha garda con fins adoptivos. Para as familias que residan no rural e para as que teñan o/a terceiro/a fillo/a e sucesivos/as, a axuda incrementarase nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de benestar social.

Crease o Fondo de garantía de limpeza de faixas secundarias coa finalidade de corrixir os desequilibrios de tesouraría que se poidan orixinar no sector público autonómico como consecuencia das actuacións desenvolvidas pola empresa pública Seaga no marco do sistema público de xestión da biomasa nos terreos rústicos nas redes de faixas secundarias.

O artigo 21 quarter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece un sistema público de xestión da biomasa nos terreos rústicos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa como sistema de cooperación entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fegamp e os concellos que voluntariamente se adhiran ao sistema coa finalidade de previr os incendios forestais.

Neste sistema público de xestión da biomasa establécese que as actividades materiais de xestión de biomasa, así como as restantes obrigas de cooperación técnica, que asuma a Administración autonómica serán xestionadas, no seu caso, de forma directa a través de Seaga, como entidade instrumental pertencente ao sector público autonómico, na forma que se concrete no correspondente convenio de colaboración do sistema público de xestión da biomasa.

Concretamente nos casos nos que a Administración autonómica asuma a consideración de administración actuante e desenvolva as actuacións materiais de execución subsidiaria a través de Seaga este sistema de cooperación prevé que se lle compensen a mesma todos os gastos ou custes nos que incorra. Estes custes derivados da execución subsidiaria teñen a consideración de créditos de dereito público segundo dispón o artigo 22.10 da dita Lei.

A xestión do cobro destes recursos realizarase mediante a colaboración coa Atriga na forma na que se regule mediante o oportuno convenio.

As disposicións transitorias regulan o fondo de continxencia de execución orzamentaria e o mantemento do Mecanismo de garantía de investimentos públicos.

As tres disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2026

I

Os orçamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orçamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orçamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter administrativo.

II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos.

A situación derivada dos incendios que afectaron a Galicia durante o verán de 2025, adquiriu unha especial complexidade pola confluencia de condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e un período prolongado de seca. Estes factores favoreceron a rápida propagación do lume, ocasionando danos en bens públicos e privados.

Os acontecementos rexistrados determinaron unha situación de emerxencia humanitaria e social para a cidadanía afectada, debido aos danos persoais e materiais que se produciron, o que fixo necesario artellar un sistema de axudas para paliar os danos causados e mesmo, preventivamente, estender o prazo inicialmente establecido ao outono de 2025.

En relación con estas axudas, reguladas no Decreto 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán e o outono de 2025, elimínase a tributación no Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para o ano 2025.

Así mesmo, para que os actos e negocios destinados a reparar ou a substituír os bens danados polos incendios non supoñan un maior custo aos afectados, elimínase a tributación que levan consigo os actos ou negocios destinados ás ditas finalidades, de tal xeito que estas actuacións non supoñan un maior desembolso que o correspondente ao propio custo de substitución dos bens.

Por outra banda, a Xunta de Galicia, consciente das especiais necesidades de atención e apoio que precisan as persoas diagnosticadas con esclerosis lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos, unha enfermidade neurodexenerativa que deriva nunha gran dependencia, vén realizando a convocatoria de axudas económicas coa finalidade de prestar apoio ás necesidades que van xurdindo na evolución da referida enfermidade e de reforzar a cobertura existente na actualidade a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Estas axudas tributan no IRPF como ganancia patrimonial, integrándose na base imponible xeral. Ao efecto de aliviar a carga fiscal dos importes desas axudas, incorpórase unha dedución na cota íntegra autonómica deste imposto, que consistirá no importe resultante de aplicar os tipos medios de gravame da base imponible xeral ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

Nesta mesma liña, as persoas afectadas pola substancia activa «talidomida» ao longo do período 1950-1985 teñen dereito segundo a normativa estatal e segundo os recoñecementos realizados xudicialmente á obtención dunha axuda pública, que tributa igualmente no IRPF como ganancia patrimonial. Dende hai tempo as persoas afectadas veñen requirindo do Estado a exención da tributación neste imposto, de forma equiparable a outras dúas exencións contempladas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, como son as percibidas polas persoas afectadas polo virus de inmunodeficiencia humana ou as persoas afectadas polo tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público.

A Xunta de Galicia, coñecedora da situación das persoas afectadas, dentro da súa capacidade económica e coa finalidade de aliviar esa carga fiscal e que a axuda sexa empregada en atender ás necesidades destas persoas, incorpora unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, que consistirá no importe resultante de aplicar os tipos medios de gravame da base imponible xeral ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable. Sendo que estas axudas se veñen percibindo dende o ano 2023 e para evitar calquera diferenza de trato entre as persoas afectadas en Galicia, esta dedución terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2023.

As familias monoparentais teñen a consideración de familias de especial consideración de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. O artigo 18.f) desta lei establece que os membros das familias de especial consideración terán trato preferente no ámbito económico, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de axudas e beneficios fiscais na área das súas competencias.

Por tanto, co obxecto de alixear a carga tributaria na adquisición da vivenda habitual polas familias monoparentais, establécese un tipo de gravame reducido do 3% na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas e do 0,5% na modalidade de actos xurídicos documentados do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, nas transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte e unha dedución na cota do 100% cando a vivenda se atope en zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

Así mesmo, increméntase o límite establecido ata o de agora, de 150.000 €, para poder aplicar o tipo reducido no Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITPeAXD) por vítimas de violencia de xénero, tomando como referencia o prezo medio de adquisición dunha vivenda de tamaño medio, que ascendería a uns 240.000 €.

Na mesma liña de facilitar o acceso á vivenda, modifícase o límite para as diferentes situacións nas que a persoa adquirente pode beneficiarse do tipo bonificado para a adquisición da vivenda habitual.

Ese límite foi establecido no ano 2013 e cómpre agora modificalo nun dobre aspecto: por unha banda, cómpre desdobralo de xeito que se teña en conta tanto o valor de adquisición da vivenda como o valor do patrimonio das persoas adquirentes, e, pola outra, cómpre actualizar

o importe dese límite, consonte coa evolución dos prezos da vivenda. Tómanse para isto como referencia os valores declarados de vivenda colectiva nas adquisicións de inmobles para o ano 2025 nas 7 cidades e nos 8 concellos con máis de 30.000 habitantes, de xeito que o prezo medio dunha vivenda de 110 metros cadrados construídos ascendería a uns 240.000 euros. Mantense, no entanto, a valoración determinada para as familias numerosas, dadas as especiais características das súas necesidades.

No contexto actual cómpre potenciar fórmulas asistenciais para procurar unha existencia digna e satisfactoria das persoas, especialmente en contextos onde as persoas maiores non contan cun sistema de apoio familiar, favorecendo que continúen nos seus domicilios, fomentando a solidariedade social e aliviando a presión sobre os servizos sociais.

O noso dereito civil ten regulada unha figura, o contrato vitalicio, que consiste en que unha ou varias persoas se obrigan respecto a outra ou outras a prestar alimentos, nos termos conveniados, a cambio da cesión de determinados bens ou dereitos.

A realidade é que esta é unha figura pouco empregada debido á súa tributación sobre todo cando o ben cedido a cambio dos alimentos é un ben inmovible e a diferenza de valoración das contraprestacións é substancial. Nese caso, a diferenza de valoración tributa como doazón. Normalmente este contrato realízase entre persoas con vínculos de parentesco afastados ou mesmo sen vínculos.

De aí que, mediante esta regulación, o que se pretende é incentivar estes contratos de dous xeitos: por un lado, establecendo un tipo xeral para estas operacións do 4% no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas, no caso de que se trate da transmisión de bens inmobles, e por outro, establecendo unha tributación no imposto sobre doazóns, para os graos de parentesco máis afastados, que se achegue á prevista para os graos máis próximos.

Ao mesmo tempo, establécese unha dedución do 100% da cota para o caso de que a persoa alimentista garanta o contrato de vitalicio.

Por último, no que atinxe á aplicación das reducións de carácter subxectivo nos impostos sobre sucesións e doazóns, modifícase a norma para clarificar a aplicación acumulativa das reducións por parentesco, na liña en que xa o viña interpretando a Axencia Tributaria de Galicia, cando existan varios negocios mortis causa dunha mesma persoa causante a unha mesma adquirente.

O capítulo II, dividido en dúas seccións, regula as taxas e prezos públicos. Está integrado por un precepto no cal se establece que os tipos das taxas de contía fixa non experimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei. Por outra banda, recóllese a exención do pagamentos das taxas para aqueles procedementos consecuencia dos incendios do verán e do outono do ano 2025 co fin de aliviar os custos asociados. Con base nesta mesma causa, contéplase igualmente unha exención no canon da auga

e, no seu caso, no canon de xestión de depuradoras, para aqueles contribuíntes que se viron afectados polos anteditos incendios.

Igualmente, introdúcense diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas tarifas como na modificación ou eliminación dalgunhas vixentes. Cabe destacar a inclusión dunha exención do pagamento de taxas cando a actividade gravada sexa consecuencia dalgún acontecemento extraordinario asociado a situacións de emerxencias ou catástrofes orixinadas por causas naturais ou derivadas da acción humana, sexa esta accidental ou intencionada, circunstancias sanitarias, medioambientais, tecnolóxicas de carácter excepcional ou de forza maior.

Por último, no que atinxe aos prezos públicos, modifícase o Decreto 56/2014, do 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias co fin de realizar unha actualización en relación cos custos reais das prestacións.

Pola súa banda, o título II divídese en XIII capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de seguridade pública, mobilidade, espectáculos públicos e estatística.

Modifícase a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais por razóns de seguridade xurídica, co fin de dar maior operatividade a estes corpos ao garantir a efectiva cobertura de prazas e a prestación do servizo policial nos concellos afectados.

Abórdase unha modificación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, co fin de adaptar a regulación ás novidades lexislativas experimentadas na prestación dos servizos de aluguer con condutor. A urxencia da modificación do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, deriva da súa necesaria adaptación á nova regulación lexislativa.

As medidas propostas teñen por obxecto a supresión da folla de roteiro e a substitución da levanza a bordo do vehículo do contrato nos servizos de arrendamento de vehículos con condutor sempre que se comunique dixitalmente ao Rexistro de Comunicacións dos Servizos de Arrendamento de Vehículos con Condutor (RVTC) os datos exixidos; e a adaptar a documentación esixible aos servizos regulares prestados por vehículos de aluguer con condutor (VTC), servizos estes nos que se fan innecesarias as esixencias de precontratación e de comunicación ao RVTC, decaendo estas medidas pola existencia da normativa sectorial que lles é de aplicación.

Na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas realízanse modificacións en materia sancionadora, co fin de tipificar unha nova infracción e modificar a competencia dos órganos para impoñer as correspondentes sancións.

Realízase unha revisión puntual da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia coa finalidade de modificar a composición do Consello Galego de Estatística.

A modificación introducida na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ten por finalidade a mellora da seguridade na instalación das atraccións de feira. Esta modificación implica a correlativa do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecemento.

Modifícase o Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da medalla de Galicia coa finalidade de aclarar a regulación existente da forma de concesión das medallas e, en particular, reafirmar que se poden conceder a iniciativa propia da Presidencia da Xunta de Galicia, por Decreto do Consello da Xunta, tendo en conta a natureza de honor ou distinción que supón o outorgamento da medallas, así como o seu carácter de recoñecemento de méritos e circunstancias concorrentes nos galardoados ou galardoadas, apreciados pola propia presidencia coa máis ampla discrecionalidade, o que fai que non teña sentido considerar que se deba instruír un expediente específico de concesión nestes casos. A tramitación do expediente de concesión previsto no decreto, cuxo obxecto consiste en investigar e documentar os posibles méritos dos candidatos e, no seu caso, formular unha eventual proposta, só ten sentido, polo tanto, no caso de que se presenten propostas razoadas de candidatos por autoridades, institucións e entidades públicas ou privadas galegas, como prevé o decreto, polo que se aclara a regulación existente neste sentido. Así mesmo, na mesma liña de evitar formalismos excesivos, elimínase a comisión asesora prevista na norma.

Por último, modifícase o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, coa finalidade de adaptar o seu contido ao disposto na normativa de aplicación así como ao emprego da linguaxe inclusiva.

O capítulo II é o relativo ao medio ambiente.

Introdúcese dunha disposición adicional na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia coa finalidade de aclarar os efectos da declaración de interese público superior dos parques eólicos e das súas infraestruturas de evacuación en relación coa normativa de protección da paisaxe. Neste sentido, a declaración do interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, atendendo ás finalidades en que se basea, terase en conta como un elemento de singular relevancia ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso na emisión dos informes de impacto e integración paisaxística previstos na normativa de desenvolvemento da lei, así como nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos nos que se valore esta integración paisaxística, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación. En particular, considerarase que a instalación de parques eólicos é compatible cos

obxectivos de calidade paisaxística recollidos nas Directrices de paisaxe de Galicia. A regulación da disposición, polo demais, establece unha serie de directrices, sen prexuízo das xa recollidas con carácter xeral no antedito documento.

No que atinxe á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e como consecuencia da normativa autonómica galega que promove a compartición das infraestruturas de evacuación dos parques eólicos, coa finalidade de evitar a súa duplicidade, complétase a regulación actual, coa finalidade de facilitar o control do adecuado cumprimento das obrigas impostas aos promotores nas correspondentes autorizacións así como o principio de seguridade xurídica na tramitación destes expedientes. Realízanse outras modificacións puntuais coa finalidade de adaptar a normativa autonómica á normativa básica estatal.

Modifícase a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia para, en primeiro lugar, unificar a regulación do canon da auga, tanto na determinación dos tramos como na determinación obxectiva da base impoñible cando non existe contador, en canto á presunción de que cada vivenda está habitada por tres persoas, agás proba en contrario. Paralelamente, aplicaríase esta presunción no canon de xestión das depuradoras e no canon de xestión das redes de colectores, mediante a reforma das disposicións correspondentes da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Realízase así mesmo, nestas dúas últimas normas, unha corrección técnica na exención do pago do canon da auga, así como no canon de xestión das depuradoras e no canon de xestión das redes de colectores, en situacións de necesidade extrema ou catástrofe.

Ademais, inclúense expresamente como actuacións exentas de autorización, licenza ou informe as medidas informativas e de sinalización vinculadas ao Plan de Xestión do Risco de Inundación. En particular, refírese á instalación de paneis nas áreas de risco potencial significativo de inundación, actuacións de baixo impacto ambiental, de carácter preventivo e orientadas á seguridade pública. A súa inclusión no réxime especial permitirá axilizar a execución, reducir cargas administrativas e garantir o cumprimento dos prazos de planificación hidrolóxica.

Esténdese finalmente o prazo de vixencia dos convenios para a execución de obras hidráulicas, na actualidade limitado a un prazo máximo de catro anos que non sempre é adecuado.

Realízanse modificacións puntuais na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. Posibilítase que a licenza de caza sexa de cinco anos para que, quen o desexe poida facer coincidir o período da licenza de caza co do permiso de armas, que tamén é de cinco anos, e introdúcense medidas que posibilitarán sancionar tanto a posesión de caza viva ou morta ou dos seus híbridos que non se pode xustificar debidamente, con independencia de se é ou non época de veda.

Na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, procédese a eliminar os importes mínimos de sanción para determinados tipos infractores, deixando esta posibilidade ao órgano instrutor ou resolutorio, atendendo ao principio na proporcionalidade.

Nos últimos anos, a Unión Europea aprobou un conxunto de instrumentos normativos - entre os que destacan o Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 22, polo que se establece un marco para acelerar o despregue de enerxías renovables, a Directiva (UE) 2023/2413 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de outubro de 2023, pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001, o Regulamento (UE) 2018/1999 e a Directiva 98/70/CE no que respecta a promoción da enerxía procedente de fontes renovables e se derroga a Directiva (UE) 2015/652 do Consello e o Regulamento (UE) 2024/223 do Consello, do 22 de decembro de 2023, que modifica o Regulamento (UE) 2022/2577 polo que se establece un marco para acelerar o despregue de enerxías renovables-, que consolidaron a consideración dos proxectos de enerxías renovables como instrumentos cruciais para loitar contra o cambio climático e a contaminación, contribuíndo a abordar os retos relacionados co medio ambiente como a perda da biodiversidade. Por iso, estableceuse que os Estados membros deben presumir que ditas plantas de enerxía renovable e as súas infraestruturas de evacuación son de interese público superior, medida introducida nun primeiro momento con carácter temporal e que adquiriu carácter permanente coa Directiva 2023/2413. Do mesmo xeito, introduce o mandato claro, de que, en todo proceso de ponderación dos intereses xurídicos implicados tanto polos tribunais nacionais como polas autoridades encargadas da concesión das autorizacións, se outorgue prioridade á construción e explotación de instalacións de enerxía eólica, sempre que se apliquen adecuadas medidas de mitigación ou restablecemento.

A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da obriga de loitar contra o cambio climático e protexer o medio ambiente, regulou os ditos mecanismos na Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, declarando de interese público superior a planificación, construción e explotación de parques eólicos autonómicos, a súa prioridade na necesaria ponderación de intereses do caso concreto e establecendo mecanismos de seguimento ambiental e de reacción.

O Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 2022, que entrou en vigor o 30 de decembro de 2022, habilitaba expresamente a aplicar os ditos mecanismos aos procesos de autorización cando non recaese resolución definitiva. Por iso, o artigo 36.3 de la Lei 10/2023 entendeu a aplicación destas medidas a todos os proxectos que non dispuxeran de autorización definitiva en vía administrativa de posta en funcionamento, antes do 30 de decembro de 2022, calquera que fora a data de inicio de los procedimientos administrativos de autorización.

A aprobación da Directiva 2023/2413, do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de outubro de 2023 pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001, o Regulamento (UE) 2018/1999 e a Directiva 98/70/CE, convirte en permanente, ata que se acade a neutralidade climática, a declaración del interese público superior das enerxías renovables. Do mesmo xeito,

prevé a prórroga da prioridade de construción e explotación de centrais de enerxía renovables a ponderar os intereses implicados no proceso da súa autorización polo Regulamento (UE) 2024/223.

Á vista desta sucesión normativa procede clarificar o alcance da regulación sobre o interese público superior na Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, á luz da normativa comunitaria aplicable, sen modificar en absoluto a regulación material dos mecanismos que se incorporaron no seu día, por mandato comunitario, nos seus artigos 35 a 37. Por isto, a incorporación de dous novos números no alcance do artigo 36 mediante a presente norma limítanse a aclarar e sistematizar o alcance das disposicións xa vixentes, co fin de reforzar a seguridade xurídica dos operadores, da Administración e da cidadanía, confirmando e precisando o marco normativo existente. Todo isto en aras de acadar os necesarios obxectivos de neutralidade climática e protección de la biodiversidade.

Realízase unha modificación da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, coa finalidade de que estes beneficios se fomenten nas concesións administrativas para a explotación como aproveitamentos hidroeléctricos outorgadas con anterioridade á súa entrada en vigor, establecendo a posibilidade de que os recursos establecidos para estas infraestruturas se poidan destinar á realización daquelas actuacións que poidan mellorar a calidade de vida e contribuír a mellora do medio ambiente nas zonas afectadas, como poden ser todas aquelas relacionadas coa mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Modifícase o Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia, coa finalidade de flexibilizar os requisitos establecidos para a realización de rozas e queimas, o que redunda na protección dos espazos incluídos no seu ámbito de aplicación xa que favorece a realización de accións preventivas en materia de incendios. A importancia da realización das referidas actuacións xustifica a modificación urxente deste decreto.

Finalmente, adáptase o Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, á previsión contemplada así mesmo na disposición adicional primeira desta lei para o propio dominio público marítimo-terrestre, de adiantar o inicio da tempada de verán ao período de Semana Santa, de maneira que se estableza un único prazo continuo que remate o 31 de outubro, en coherencia coa realidade social e turística de Galicia e acadándose unha maior seguridade xurídica.

O capítulo III, denominado Educación, modifica a Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos nos Centros públicos e a autonomía de xestión económica dos Centros docentes públicos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de introducir a autonomía de xestión económica dos centros de formación do profesorado.

Igualmente, revísase a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa na que se prevé a creación da Oficina de Apoio ao Profesorado dos centros docentes públicos aos efectos de reforzar as estruturas de apoio ao profesorado e promover unha actitude de tolerancia cero ante calquera tipo de agresión física ou verbal contra os profesionais do ensino.

No capítulo IV, relativo á política social, revísanse as seguintes normas:

Prevese, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o emprego das ferramentas asociadas ao sistema corporativo da Historia Social Única Electrónica por parte das persoas traballadoras sociais da Xunta de Galicia, incluíndo as do sistema sanitario público e as das entidades locais. Esta medida ten a finalidade de simplificar o traballo do persoal dos servizos sociais de base, contribuíndo a unha resolución máis áxil e eficaz dos procedementos de dependencia.

Na modificación da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, exceptúanse os decretos de organización da obrigatoriedade de informe nesta materia, dado que non teñen un impacto demográfico directo e se reducen así cargas administrativas na elaboración de determinadas disposicións regulamentarias, en aras dos principios de simplificación e celeridade. Consecuentemente, incorpórase esta modificación á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No capítulo V, relativo á economía e Industria, modifícase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, para axilizar o procedemento de outorgamento de dereitos mineiros e aclarar a posibilidade de continuar cos traballos de investigación autorizados no permiso de investigación durante o tempo que dure a tramitación da prórroga daqueles, así como regular os plans de inspección de seguridade mineira e seguimento ambiental, homoxeneizando a labor de inspección, ao mesmo tempo que esta se coordina co seguimento ambiental. Estes plans serán os instrumentos directores para afondar na consecución dun coñecemento exhaustivo das actividades, establecementos, produtos ou instalacións mineiras en canto á súa posta en funcionamento e condicións de servizo, así como ao cumprimento das declaracións ambientais e dos requisitos regulamentarios e de seguridade mineira e industrial, na procura da sostibilidade ambiental e social, a innovación tecnolóxica, o auxe de novos usos e aproveitamentos e duns altos estándares de seguridade no traballo.

En materia de política industrial, introdúcense modificacións no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Estas modificacións teñen por obxecto mellorar a tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e as posibilidades de desenvolvemento e implantación de iniciativas empresariais. Así, inclúese a posibilidade de implantar un proxecto industrial estratéxico nun ámbito dun plan sectorial ou dun proxecto de interese autonómico xa aprobados ou en tramitación. Do mesmo xeito, establécese a aplicación do procedemento dos proxectos industriais estratéxicos aos proxectos estratéxicos de cero emisións netas.

En consonancia coas medidas anteriores, inclúense unha serie de cambios na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Por unha banda, inclúense previsións para axilizar as tramitacións dos distintos instrumentos de creación de solo empresarial. Así, establécese que os ámbitos nos que o plan sectorial estea suficientemente detallado poderán desenvolverse directamente por un proxecto de desenvolvemento e urbanización ou, no seu caso, por un proxecto de urbanización, sen necesidade de aprobar neses ámbitos un plan de ordenación. Por outra banda, incorpóranse medidas para facer máis eficientes e flexibles os mecanismos de venta ou alugueiro de solo empresarial promovido pola Sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Finalmente, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia modifícase coa finalidade de promover a aplicación dos principios do mercado aberto na tramitación autonómica. Tamén, nesta mesma lei, simplifícanse determinados aspectos na instrución do procedemento integrado das autorizacións administrativas para as instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

No capítulo VI, dedicado ao emprego público, modifícase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa finalidade fundamental de adaptala á normativa básica estatal no que atinxe a diversos permisos do persoal funcionario e laboral por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Como consecuencia do Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei da Comunidade Autónoma 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, elimínase o período de proba e consecuentemente a causa de cesamento do persoal funcionario interino pola falta de superación deste.

Elimínase a posibilidade da adxudicación de postos en elección de destino con carácter provisional trala superación dun proceso selectivo, coa finalidade de adaptar a norma á recente xurisprudencia existente.

Así mesmo, inclúese unha nova escala dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma, en concreto a escala de Instrutor/a de Pesca. Modifícase o subgrupo da escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia e revísanse as escalas de sistemas e tecnoloxía da información e de xestión de sistemas de informática. Así mesmo, as distintas escalas e especialidades de persoal funcionario reguladas nas disposicións adicionais oitava e novena, axústanse, na súa denominación, funcións e titulacións a unha linguaxe inclusiva e de xénero, dando cumprimento ao I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia.

Realízase igualmente unha aclaración sobre a reserva de posto para o persoal directivo, que non se estendería ao suposto de posto obtido mediante concurso específico.

Finalmente, prevese o desenvolvemento regulamentario do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, así como do sistema da avaliación do desempeño. En tanto non sexa de aplicación, a Administración autonómica poderá aprobar convocatorias para o recoñecemento do grao profesional acadado.

O capítulo VII, sobre a facenda e administración pública aborda a revisión de distintas normas.

Modifícase a Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997 e o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 11/1999, do 7 de outubro, xa que cómpre actualizar a regulación da xestión recadatoria da Facenda de Galicia coa finalidade de adaptalo á terminoloxía da lei de organización da administración galega e co fin de establecer o marco regulatorio do exercicio das funcións de recadación cando determinados ingresos de natureza non tributaria deben ser recadados na vía executiva.

Modifícase a Lei 4/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, para recoller expresamente a posibilidade de renovación do mandato dos membros do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, en consonancia tamén coa previsión establecida noutras comunidades autónomas con órganos equivalentes. Así mesmo, realízanse outras modificacións co obxecto de regular máis axeitadamente o funcionamento do Tribunal nos casos de ausencia dos seus membros, así como para precisar e clarificar o seu réxime de incompatibilidades.

Establécese un prazo dun ano aplicable aos procedementos de resolución contractual tramitados consonte á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por parte dos órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades instrumentais. Este prazo tamén será de aplicación aos procedementos de resolución contractual que tramiten os órganos de contratación das Entidades Locais e as Universidades Públicas radicadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, clarifícase como se levará a cabo a habilitación dun servizo como proactivo, á vista da gran acollida pola cidadanía deste tipo de servizos. Tamén se realizan outras modificacións para incrementar a seguridade xurídica no uso da vídeo identificación e da sinatura manuscrita dixitalizada no procedemento administrativo. Por último, suprímese a referencia ao órgano competente da xestión do DOG aos efectos de adecualo ao que se determine nos correspondentes decretos de estrutura orgánica.

Por último, na Lei 2/2025, do 2 de abril, da intelixencia artificial fanse unhas pequenas puntualizacións terminolóxicas e concrecións técnicas para dar maior seguridade xurídica así como a incorporación no Consello galego de intelixencia artificial dunha persoa en representación do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia.

O capítulo VIII, titulado Xogo e Patrimonio, aborda a modificación de dúas normas.

Por unha banda, na Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia, modifícase a regulación do xogo do bingo na súa consideración de xogo excluído para garantir que a organización deste tipo de xogo responda á finalidade e propósitos para os que foi orixinalmente concibido. Así mesmo, delimítanse e acláranse as condicións que permiten considerar os xogos de carácter benéfico ou de utilidade pública como excluídos do ámbito de aplicación da normativa reguladora dos xogos de Galicia. Finalmente, tamén se modifica a regulación do xogo das rifas co obxecto de delimitar un umbral mínimo de intervención administrativa, eliminando cargas administrativas para os casos de sorteos nos que o seu carácter esporádico, tradicional, familiar ou amistoso, a súa ausencia de ánimo de lucro e escasa entidade económica o fan aconsellable.

Por outra banda, modifícase a Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, para ampliar o control da intervención sobre os expedientes de venda de inmobles, tanto mediante poxa pública como por venda directa, sen ter en conta a súa contía. Tamén se engade unha nova disposición para concretar as peculiaridades derivadas da venda de aforro de enerxía final, adaptando os procesos de venda contemplados na norma. Por último, inclúese unha nova disposición en materia de cooperación local e autonómica para a regularización patrimonial de bens inmobles afectados a un uso xeral ou ao servizo público.

O capítulo IX introduce medidas en materia de vivenda e infraestruturas.

A sección relativa ás medidas extraordinarias e temporais en materia de vivenda ten por finalidade avanzar na senda iniciada pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para dar cumprimento ao compromiso do Goberno galego de duplicar nos vindeiros anos o parque público de vivenda, así como crear solo para a construción de 20.000 vivendas protexidas.

Neste sentido, axilízase a construción de vivendas protexidas ou aloxamentos compartidos en terreos cualificados nos instrumentos de planeamento urbanístico como uso dotacional para equipamentos ou terciario. Na mesma liña, recóllese a posibilidade de que as entidades locais poidan promover e desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo residencial, sempre que o 80% das vivendas que se constrúan estean sometidas a algún réxime de protección pública, simplificando o procedemento para a súa aprobación sen menoscabar a seguridade xurídica.

As modificacións propostas na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, obedecen, basicamente, á necesidade de cumprir o referido compromiso de duplicar o parque público de vivenda.

Para estes efectos, recóllese expresamente a posibilidade de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) adquira directamente a título oneroso, en calquera momento, vivendas de promoción pública nas segundas e posteriores transmisións inter vivos no curso da tramitación do procedemento de selección de adquirentes.

Dáse unha nova regulación ao procedemento de adxudicación das vivendas de protección autonómica, dotándoo dunha maior axilidade co fin de habilitar unha resposta máis inmediata ás necesidades reais en materia de vivenda. Neste sentido, exceptúase a exigencia da realización dun sorteo en determinados supostos nos que pode constituír unha delonga innecesaria, garantindo a adxudicación das vivendas ás persoas que cumpran os requisitos exixidos para tal efecto.

Elimínase a referencia á cancelación de oficio polas rexistradoras e rexistradores das notas marxinais relativas ao réxime de protección das vivendas, en cumprimento do Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación coa Administración Xeral do Estado en relación coa Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Para concluír, inclúese unha regulación dos modelos alternativos residenciais que emerxeron nos últimos anos mediante a regulación da figura dos aloxamentos compartidos e das súas condicións de habitabilidade mentres ditas condicións non se determinen regulamentariamente.

Por outra banda, modifícase a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, coa finalidade de simplificar a tramitación das solicitudes de corta na zona de servidume e desafección, que quedarán suxeitas á presentación de declaración responsable que se presentará ante o órgano competente en materia forestal. Ademais, tipifícanse como infraccións específicas as relacionadas co establecemento ou modificación de accesos sen as autorizacións necesarias ou incumprindo as condicións das autorizacións outorgadas.

Modifícase tamén a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cun carácter fundamentalmente procedimental, para introducir aclaracións e precisións que contribúan a facilitar a súa aplicación, acurtar prazos de tramitación e disipar as dúbidas que vén suscitando a súa aplicación práctica.

As modificacións da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, teñen como primeiro dos seus obxectos o de impulsar a adaptación dos instrumentos de planeamento municipal ás esixencias da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

Con esta finalidade, para declarar as áreas de intervención no medio urbano, agás as áreas de rehabilitación integral supramunicipais, introdúcese a exigencia de ter iniciada a redacción do correspondente plan especial de protección do patrimonio cultural ou, de ser o caso, solicitada a homoxeneización dos catálogos de protección. E nesta mesma liña, as referidas áreas unicamente poderán ter acceso ao financiamento dos plans e programas de axudas autonómicos ou estatais cando contén coa aprobación do dito plan especial ou, de ser o caso, coa correspondente resolución de homoxeneización.

Igualmente, harmonízase a regulación das licenzas directas coas modificacións introducidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia respecto das autorizacións previas e simplifícase o procedemento de aprobación dos plans de dinamización exixibles ás áreas de

rexeneración urbana de interese autonómico para dotalo dunha maior axilidade, atribuíndoo aos concellos, logo do informe vinculante do IGVS.

Así mesmo, modifícase a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, coa finalidade de axilizar a tramitación das modificacións dos instrumentos de ordenación do territorio, co fin de facilitar a implantación de dotacións públicas.

Por último, modifícase o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, coa finalidade de solventar determinadas cuestións que vén suscitando a aplicación práctica da norma, como a relativa á altura máxima das edificacións ou aos proxectos de obras ordinarias en parcelas dotacionais públicas. A urxencia desta medida vén xustificada pola necesaria e ineludible revisión e axuste regulatorio desta norma que dea resposta á problemática actual de escaseza de vivenda a prezo asequible.

Modifícase a sección 1ª do capítulo X da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, relativa ás medidas extraordinarias e temporais en materia de vivenda, co obxecto de aclarar e resolver determinadas cuestións que suscitou a súa aplicación práctica.

Con esta finalidade, introdúcese precisións nas determinacións mínimas que deben conter os proxectos de interese autonómico para a creación de solo residencial e regúlase, de forma diferenciada á figura da exclusión da expropiación, a posible participación das persoas propietarias de solo no futuro desenvolvemento daqueles proxectos mediante a promoción e a construción de vivendas nas parcelas que resulten do mesmo.

Atribúese aos proxectos de construción de todos os aloxamentos compartidos promovidos polo IGVS ou por unha entidade participada maioritariamente por el a consideración de obras públicas de interese xeral, coas consecuencias que isto comporta, en coherencia coa introdución na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, dunha regulación relativa a esta modalidade residencial.

Por último, matízase o réxime excepcional aplicable ás edificacións non acabadas para dar cobertura a aquelas que, no seu día, dispuxeran de licenza urbanística outorgada para un uso residencial, con independencia de que se declarase a súa caducidade.

O capítulo X, relativo á sanidade, introduce diversas medidas neste ámbito. Así, na sección 1ª, medidas extraordinarias en materia de persoal estatutario e sanitario, se introducen catro medidas. Créase a categoría estatutaria de enxeñeiro/a biomédico/a, vencellada aos avances científicos e tecnolóxicos e á necesidade do redeseño dos servizos públicos de saúde, para proporcionar a mellor e máis avanzada resposta aos retos que estes avances impoñen á sociedade. Nos últimos anos os sistemas sanitarios públicos teñen incrementado as novas profesións de alta especialización, sendo cada vez máis habitual atopar nos seus cadros persoal ligado ás novas tecnoloxías, tales como estatística, matemática, bioloxía, biotecnoloxía, xenética, análise de datos, ou, coma no caso que nos ocupa, a enxeñaría biomédica, os cales veñen a cubrir estas novas

necesidades, cada vez máis indispensables en toda organización, como ámbitos de alta complexidade.

Outra das medidas é a relativa á modificación da denominación de “axudante técnico sanitario/diplomado universitario en enfermaría (ATS/DUE)”, procedente do Decreto 303/1990, do 31 de maio, polo que se desenvolveu a Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma, e que cómpre actualizar tendo en conta as denominacións actuais das titulacións profesionais. Neste sentido, o cambio veu determinado pola Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, e constituía unha demanda do propio colectivo profesional.

Tamén se inclúe o recoñecemento da consolidación de grao persoal para o persoal estatutario, posibilitando a aplicación a todas as categorías de persoal estatutario do réxime de consolidación de grao persoal previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006. Ademais, a norma permitirá tomar en consideración os servizos previos, incluídos os anteriores á entrada en vigor desta lei, nos termos previstos nas referidas disposicións.

Por outra banda, a lei permitirá a reactivación e prórroga do réxime extraordinario previsto na Lei 2/2022, de 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, que estableceu un prazo de tres anos para convocar procesos selectivos específicos polo sistema de concurso, a fin de impulsar a incorporación urgente, estable e permanente de persoal a determinados postos de difícil cobertura. A presente habilitación lexislativa permitirá reactivar os mecanismos de provisión durante un novo prazo de tres anos.

O mesmo capítulo contempla, na súa sección segunda, outras medidas en materia de sanidade, que afectan entre outras á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, entre as que se atopa a emisión polo persoal facultativo dos servizos de admisión e demais unidades hospitalarias, dos partes médicos de incapacidade temporal dos/as pacientes en situación de alta laboral ou asimilada que ingresen en réxime de hospitalización, ata a súa alta hospitalaria. Razóns de eficiencia na xestión así como o dereito á continuidade asistencial do/a paciente determinan a necesidade de emitir estes partes no propio centro hospitalario de ingreso do paciente, centralizando este trámite na unidade/s responsable/s de efectuar o seu ingreso (Servizo de Admisión) ou nas unidades hospitalarias encargadas do seu tratamento.

A segunda modificación da dita lei refírese á incorporación dunha disposición relativa á oncoloxía de precisión. Así, a propia Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece como un dos principios do Sistema público de saúde de Galicia a integración de todos os recursos sanitarios públicos, apostando por fórmulas colaborativas, que potencien neste caso a capacidade das unidades asistenciais de alta especialización, como é a protonterapia ou a oncoloxía de precisión, en orde a acadar o maior beneficio posible para as persoas usuarias e conseguir así unha atención global,

continuada e eficiente. Deste xeito, formalízase o compromiso do Sistema Público de Saúde de Galicia co desenvolvemento da medicina personalizada e de precisión no ámbito da oncoloxía, posibilitando o establecemento de colaboracións con entidades nacionais e internacionais para avanzar na rede de ensaios clínicos na materia, e permitindo unha maior coordinación e uso eficiente dos recursos humanos e tecnolóxicos do Servizo Galego de Saúde.

Tamén se modifica a Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, no relativo ao peche provisional das oficinas de farmacia, a fin de introducir unha excepción no preaviso dun mes, co obxecto de contemplar aquelas situacións nas que o motivo de peche non poida preverse coa antelación necesaria, sempre que se xustifique documentalmente dita imposibilidade, o que amplía a posibilidade da súa procedencia. Esta previsión complétase coa modificación do réxime de peche temporal voluntario de oficinas de farmacia regulado no Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, o cal é tamén obxecto de modificación. Así, inclúense nel novos supostos de peche, como son os motivados por falecemento de familiar do/da titular da oficina de farmacia ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, ou outros motivos urxentes e/ou imprevisibles de carácter persoal, dando así resposta ás necesidades postas de manifesto polo sector. Resulta urxente a modificación do decreto para dar amparo normativo ao dereito de conciliación, garantindo a atención farmacéutica.

Outra modificación é a que afecta á Lei 2/2022, de 6 de outubro na que se elimina a referencia ao persoal facultativo especialista de área en Psiquiatría e Psicoloxía Clínica e enfermeira/o especialista de Saúde Mental, que estaba vinculado ao desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19, rematado no ano 2024. Tamén se eleva a tres anos o prazo de permanencia na situación de servizo activo a xomada completa no centro elixido e adxudicado como destino no concurso.

Modifícase tamén o Decreto 291/2001, do 8 de novembro, polo que se configuran as categorías de técnicos superiores de sistemas e tecnoloxías da información, técnicos de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnicos especialistas en sistemas e tecnoloxías de información, adaptadas ás novas exigencias e requirimentos do novo marco normativo e de titulacións do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES) e do Marco Español de Cualificacións para o aprendizaxe permanente (MECU). Esta modificación permite reordenar tanto a provisión de prazas como os procesos selectivos, sendo urxente a súa modificación para non adiar a convocatoria dos procesos selectivos destas escalas.

Outro dos aspectos que inclúe este capítulo refírese á modificación do Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes, relativa ás condicións materiais e arquitectónicas das unidades residenciais, que deberán situarse en edificacións de uso exclusivo sociosanitario, sen elementos comúns entre diferentes propietarios. Precísase a súa modificación urxente para evitar o atraso na autorización dos novos centros.

Así mesmo, modifícase o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, optando pola denominación común de “persoal estatutario”, e eliminando a referencia á percepción do complemento de destino na disposición obxecto de modificación.

Finalmente, no que atinxe ás modificacións no eido sanitario, suprímese unha disposición do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade, que só autorizaba a realización ata un máximo de tres ofertas de integración en cada unha das institucións incluídas dentro do seu ámbito de aplicación. A urxencia da modificación vén motivada polo necesidade de non adiar a realización de novos procesos de integración.

No capítulo XI, relativo á cultura, introdúcese medidas en diversos ámbitos:

O paso do tempo dende a aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia e a experiencia achegada pola súa aplicación práctica evidenciaron a necesidade dunha reforma para mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural.

Un dos eixos centrais da reforma é suprimir a autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural nas diferentes intervencións que se realicen en bens catalogados con protección estrutural e ambiental, nos seus contornos de protección ou nas súas zonas de amortecemento que, a partir da entrada en vigor do novo marco legal, avaliará o propio concello no mesmo procedemento de concesión de licencia, logo da comprobación de que se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e de que reúne as condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, e cumpre os criterios de protección dos valores culturais dos bens catalogados consonte ás determinacións do proxecto de intervención. A proximidade territorial e o coñecemento directo do seu propio patrimonio perfila aos concellos como actores fundamentais para unha xestión máis eficaz, áxil, próxima e axustada á realidade local.

A reforma contextualízase, así mesmo, na necesidade de facilitar actuacións de rehabilitación urbana que permitan o incremento do parque residencial nunha realidade de especial dificultade de acceso á vivenda.

Este réxime compaxínase coa permanencia no ámbito autonómico de autorizacións relativas a bens de interese cultural ou con protección integral, así como do patrimonio arqueolóxico, artístico e relixioso, cuxa protección require un maior nivel de especialización pola súa complexidade técnica.

Para garantir o adecuado exercicio das competencias municipais no tránsito ao novo réxime de autorizacións, prevese expresamente o asesoramento aos concellos por parte da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, reforzando o mandato de colaboración xa previsto na lei.

En paralelo, recóllense outra serie de medidas que afondan na axilización e eficiencia dos procedementos de xestión e protección do patrimonio cultural como son a corrección de erros materiais, aritméticos ou de feito dos bens catalogados nos instrumentos de planeamento; a prevalencia dos contornos de protección específicos sobre os determinados de forma xenérica e os de carácter subsidiario; así como a inclusión de novas intervencións no listado das que non precisan ningún tipo de autorización nos contornos de protección de bens de interese cultural ou catalogados.

Outro punto clave da reforma é a clarificación dos usos, actividades permitidas e intervencións compatibles coa protección dos Camiños de Santiago e a súa contorna protexida.

A modificación segue o mesmo criterio que para o resto de bens culturais. Así, mantén a tutela sobre os Camiños de Santiago declarados BIC e Patrimonio Mundial (Francés, Primitivo e Norte), tanto no territorio histórico como na súa zona de amortecemento. Mentres que naqueles que están catalogados (Inglés, Portugués interior e pola costa, Inverno, Vía da Prata, Fisterra – Muxía), a consellería autorizará as intervencións que se realicen na traza do Camiño de Santiago, nas súas parcelas lindeiras e nos seus elementos funcionais, agás aquelas que se atopen no solo urbano dos municipios de máis de 50.000 habitantes que, nese caso, serán autorizadas por aquel.

Os municipios cunha poboación de máis de 50.000 habitantes contan cunha capital eminentemente urbana, na que a pegada do Camiño de Santiago, agás na propia cidade de Santiago de Compostela, non ten transcendencia na súa trama, motivo polo cal será o concello o garante do propio desenvolvemento urbano (concellos cunha poboación de máis de 50.000 habitantes polos que discorra un Camiño: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo).

Finalmente, a modificación da Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, ten por obxecto incluír no seu ámbito de aplicación os itinerarios culturais de interese autonómico, que se definen, para dotalos de especial promoción e difusión públicas en atención á súa contribución ao desenvolvemento e á democratización cultural en territorios en risco de exclusión cultural.

No capítulo XII, denominado Emprego e Consumo, introdúcense medidas nos seguintes ámbitos:

Modifícase a Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, coa finalidade principal de crear a Mesa do Comercio de Galicia, prevista no Plan Estratéxico do comercio de Galicia, como órgano colexiado consultivo de participación, asesoramento e colaboración coa administración autonómica no fomento e ordenación da actividade comercial, en substitución do Consello Galego de Economía e Competitividade. Así mesmo, régúlase o réxime xurídico, composición e funcionamento da Comisión Consultiva, como órgano colexiado encargado de formular a proposta de resolución das autorizacións comerciais autonómicas.

Asemade, configúrase o Observatorio do Comercio de Galicia como un instrumento da administración pública que sirva de referencia do estudo, análise e difusión da información periódica e sistemática da situación e das dinámicas económicas e sociais do sector comercial e de foro para o intercambio de información entre os distintos organismos públicos e axentes comerciais, coa finalidade de evitar duplicidade de órganos e dotar a este dun maior dinamismo e funcionalidade como repositorio dixital de comercio.

Revisase a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, co obxecto principal de incrementar a protección das persoas consumidoras, introducindo diversas medidas entre as que cabe destacar por unha banda a simplificación e a seguridade xurídica no proceso de reclamación e a previsión, doutra banda, do establecemento por parte da Xunta de Galicia de instrumentos de reclamación dixitais, incorporando así o dereito das persoas a relacionarse de forma dixital e valores de sustentabilidade e respectuosos co medio ambiente.

Introdúcese así mesmo unha nova infracción grave nesta materia e recóllense os criterios interpretativos acordados na Conferencia Sectorial de Consumo, no Informe de 19 de xaneiro de 2024, co fin de aclarar as competencias da comunidade autónoma e garantir a seguridade xurídica.

O capítulo XIII, relativo ao medio rural, introduce medidas en diversos ámbitos:

Na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modifícase o réxime previsto para as queimas de matogueiras cortadas e amontoadas e calquera tipo de sobranceiros de explotación, limpeza de restos ou calquera outro obxecto combustible que, de acordo co establecido na normativa básica, quedan prohibidas nas zonas agrícolas, forestais e nas de influencia forestal, cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa moi alto ou extremo.

Igualmente, axilízase o procedemento de execución subsidiaria, nos casos nos que a administración constate o incumprimento polas persoas responsables da súa obriga legal de ter concluída a xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas, unha vez que finalice o mes de maio de cada ano. Nestes casos, poderá proceder sen máis trámite á execución da realización dos traballos materiais e á repercusión dos custos, actuando con preferencia nas zonas de maior risco de incendios forestais. Con carácter previo ao inicio dos traballos materiais publicaranse os anuncios pertinentes e outorgarase un prazo mínimo de quince días para o cumprimento da obriga legal.

Así mesmo, modifícase o réxime sancionador, para que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística sexa a competente para a sanción das infraccións relacionadas coa falta de xestión da biomasa. En particular, no caso das infraccións cometidas en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, a adhesión á axencia producirá a atribución a esta das competencias sancionadoras dos municipios integrados.

Modifícase a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa finalidade principal de reforzar a seguridade xurídica, clarificando o alcance funcional dos plans de ordenación de recursos forestais (PORF), simplificando a súa revisión cando esta non supoña a modificación da estrutura territorial básica, nin dos seus obxectivos estratéxicos e garantindo non obstante que as revisións relevantes manteñan o procedemento ordinario e se preserve a participación pública e institucional. Na mesma liña, respecto do contido obrigatorio dos plans, clarifícase que a súa zonificación non pode producir efectos directos sobre a clasificación urbanística do solo, evitando vinculacións automáticas entre ámbalas dúas. Finalmente, clarifícase que os montes ou terreos forestais inscritos no Sistema rexistral forestal de Galicia terán a consideración de solo rústico de protección forestal, sen prexuízo dos efectos da aprobación dos catálogos de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

Simplifícase a tramitación das cortas de arboredo, substituíndo a existencia da autorización por unha declaración responsable, tanto nos terreos que formen parte do territorio histórico dos Camiños de Santiago catalogados ou dun ben catalogado con nivel de protección estrutural ou ambiental, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, e nas zonas de servidume e de afección das estradas.

Contémplase a reserva de, como mínimo, un 10% do cota xeral de reinvestimento que deben efectuar os montes veciñais en man común na realización de traballos de execución de medidas e dotación de infraestruturas destinadas á prevención fronte aos incendios forestais. Ademais os reinvestimentos destinados a esta finalidade deben realizarse de forma continuada, garantindo o cumprimento da lexislación sectorial de incendios sobre xestión de biomasa e retirada de especies.

Na mesma liña de reforzar as medidas de prevención contra os incendios forestais e ao mesmo tempo posibilitar a recuperación das terras agrarias para fomentar a estabilidade das poboacións rurais e mesmo incentivar a recuperación do medio rural para as persoas que queiran establecerse neste, modifícase o réxime dos usos do solo de xeito que, ademais de cumprir outros condicionantes, só se consideren montes as antigas terras agrícolas que leven 40 anos abandonadas.

Revísase a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para adaptar os prazos legais ao estado actual de tramitación do novo decreto

polo que se aproba o regulamento polo que se rexerán os contratos temporais de xestión pública dos montes. Doutra banda, a eliminación da exclusión do cómputo da superficie arborada das masas con menos de 5 anos de idade para as cancelacións libres de cargas obedece á necesidade de considerar os traballos de repoboación dos últimos anos nas mesmas condicións que aqueles máis antigos, equilibrando a relación entre as persoas subscritoras de convenios e consorcios -que manteñen o seu dereito- e a administración, que poderá recuperar a porcentaxe que lle corresponda dos investimentos realizados nos últimos 5 anos.

As modificacións realizadas na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia responden a distintas necesidades, algunhas delas de carácter meramente corrector u organizativo. Por outra banda, pódese destacar a revisión da denominación de “aldea modelo”, por considerarse máis axeitada a que se propón de “asentamento rural”, e recóllese unha definición máis extensa deste termo, o que permite ampliar os ámbitos de actuación deste instrumento. Elimínase a esixencia da emisión de informe por parte do Consello de Xestión da Terra Agroforestal cando se trate dunha revisión non substancial do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, así como do Catálogos e do Mapa de usos agroforestais de Galicia, tratando de garantir os principios de simplificación e celeridade, axilizando a tramitación naqueles casos nos que tales revisións non afectan a cuestións esenciais.

Amplíase a moratoria do eucalipto ata o 31 decembro de 2030. Ademais, incídese na regulación anterior de permitir repoboacións do xénero *Eucalyptus* que substitúan outras anteriores, que se transforman en masas de coníferas ou frondosas caducifolias, innovando a posibilidade de que esta actuación se produza entre superficies forestais pertencentes a persoas titulares distintas. Así mesmo, de forma restritiva, prevese que unha nova plantación de *Eucalyptus*, agás determinadas excepcións, non poida superar en superficie o 75% da superficie orixinaria, co fin de promover a eliminación neses terreos forestais do xénero *Eucalyptus*.

Outra novidade desta modificación consiste na facultade de plantar, previa autorización, *Eucalyptus* para substituír o 50% dunha masa de Piñeiro gravemente danada pola Banda Marrón (*Lecanosticta acicola*), pero debendo repoboarse o outro 50% da superficie con coníferas ou frondosas permitidas e limitando a plantación de *Eucalyptus* a unha soa quenda de curta.

Na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, contéplase a posibilidade de suspender condicionalmente a execución dunha sanción económica cando concorran determinados supostos e se cumpran unha serie de requisitos. A finalidade desta medida é procurar que as persoas que foran sancionadas pola comisión dunha infracción en materia de calidade alimentaria non volvan cometer outra, habilitando a través da suspensión condicional un mecanismo que suspenda a execución, suxeito ao cumprimento dunha serie de obrigas, como a non comisión doutra infracción, incentivando deste xeito o seguimento dunha conduta respectuosa en materia de calidade alimentaria.

Consonte coas modificacións operadas na Lei 3/2007, do 9 de abril, e en coherencia con estas, adáptase o Decreto 105/2005, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Por motivos así mesmo de seguridade xurídica, adáptase o Decreto 52/2014, das instrucións xerais de ordenación e xestión de montes de Galicia ao establecido nunha norma de rango superior, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, eliminando una contradición entre ambas normas.

Modifícase o Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia para adecuar igualmente esta disposición regulamentaria ás modificacións que se introducen na Lei 7/2012, do 28 de xuño, en materia de tramitación de aproveitamentos forestais.

A parte final da lei está composta por catro disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e tres disposicións finais.

A disposición adicional primeira, en materia de medio ambiente, recolle medidas en materia de duración da tempada para autorizacións de servizos temporais e instalacións desmontables de servizos de tempada no dominio público marítimo-terrestre de Galicia.

A disposición adicional segunda, en materia de emprego público, prevé medidas especiais relativas ás listas de contratación de persoal laboral ou de persoal funcionario interino durante o ano 2025.

A disposición adicional terceira, dedícase á adhesión ao Sistema Público de Xestión da Biomasa dos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.

A disposición adicional cuarta regula a dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicable no período impositivo 2025.

A disposición transitoria primeira, en materia de emprego público, establece un réxime transitorio de regulación das adxudicacións de destinos con carácter provisional que se tiveran efectuado en aplicación do previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, na súa redacción anterior á modificación efectuada por esta lei.

A disposición transitoria segunda prevé o réxime transitorio aplicable ás reclamacións fronte ás resolucións en materia de información pública.

A disposición transitoria terceira recolle medidas en relación coa atribución de competencias á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Por último, a disposición final primeira recolle unha cláusula de salvagarda do rango regulamentario aplicable aos decretos modificados a través desta lei; a disposición final segunda habilita o Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei; e a disposición final terceira establece a entrada en vigor da norma.

